



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 78

Sesión plenaria
26 de abril de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019) (doc. núm. 33167, 11/ICON-000003)

Punto 2. Texto lexislativo

Debate de totalidade do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga (doc. núm. 32399, 11/PL-000013)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295, do 22.03.2022

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 308, do 18.04.2022

Punto 3. Comparecencia

33837 (11/PPP-000083)

Do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición propia, para informar sobre a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia ata 2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

Punto 4. Mocións

4.1 33472 (11/MOC-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32330, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

4.2 33475 (11/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación do sector pesqueiro (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32289, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022



4.3 33607 (11/MOC-000096)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31861, publicada no BOPG núm. 292, do 16 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 28510 (11/PNP-002499)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

5.2 32694 (11/PNP-002845)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 30.03.2022

5.3 32845 (11/PNP-002861)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Porro Martínez, María Corina e nove deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaidos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 30.03.2022

5.4 33244 (11/PNP-002908)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recado polo imposto de hidrocarburos que lle transfere o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022



5.5 33613 (11/PNP-002943)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 306, do 12.04.2022

5.6 33626 (11/PNP-002946)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Proyectos Hospitalarios Internacional, S. A.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 6. Interpelacións**6.1 30337 (11/INT-001500)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

6.2 31585 (11/INT-001568)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

6.3 33350 (11/INT-001686)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a cobertura das baixas do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 33833 (11/POPX-000065)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas fiscais previstas polo Goberno galego para facer fronte á situación actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022



7.2 33834 (11/POPX-000066)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a valoración do nivel da inflación en Galicia en relación coa media do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 31312 (11/POP-004623)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e catro deputados/as máis**

Sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedrayo de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

8.2 32300 (11/POP-004710)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as medidas previstas para recuperar a liña e os horarios do servizo de transporte de viaxeiros por carretera XG80412 Santiago-Negreira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

8.3 33808 (11/PUP-000250)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das solucións para os problemas de abastecemento de auga no sur da provincia de Pontevedra recollidas no estudo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil no documento “Estudo de alternativas e documento ambiental para a mellora do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra”

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

8.4 33023 (11/POP-004811)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a avaliación detallada da campaña do bono cultural lanzada en 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

8.5 33079 (11/POP-004818)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras de reparación do instituto de ensino secundario Alfredo Brañas, de Carballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022



8.6 30398 (11/POP-004520)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

8.7 33831 (11/PUP-000252)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a recuperación do sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

8.8 26893 (11/POP-003841)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a finalidade das axudas para investimentos en pequenas e medianas industrias de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para o ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

8.933803 (11/PUP-000249)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de trasladar a sede nacional do Instituto Español de Oceanografía e de dividila entre Cantabria e Murcia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica as ausencias de dona María Guadalupe Murillo Solís e don Eduardo Ojea Arias, así como as súas respectivas delegacións de voto. (Páx. 11.)

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019). (Punto Primeiro da orde do día.)

Presentación do Ditame da Comisión: Sra. presidenta da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Arias Rodríguez) (P). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 12.), Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 14.) e Sr. Rey Varela (P). (Páx. 17.)

O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación deste ditame. (Páx.19)

Votación do Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020: aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 19.)

O señor presidente comunica a votación por separado das propostas de resolución, aprobadas pola Comisión, números 2, 3, 4 do G.P. Popular de Galicia (Páx.20.) e número 18 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (Páx. 20.)

Votación das propostas de resolución números 2, 3, 4 do G. P. Popular de Galicia: aprobadas por 39 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións. (Páx. 20.)

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: aprobadas por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 20)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 21.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 25.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 30.) e Sr. Calvo Pouso (P). (Páx. 34.)



Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 39) e *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 41.)

Votación das emendas á totalidade presentadas ao proxecto de lei

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao proxecto de lei de mellora do ciclo da auga: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 43).

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao proxecto de lei de mellora do ciclo da auga: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 44.)

Comparecencia do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición propia, para informar sobre a Estratexia de Especialización Intelixente —RIS3— de Galicia ata 2027. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 44.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Gallego Sanromán (S) (Páx. 51.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 54) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 59.)

Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 62.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 67.) Nesta rolda interveñen a señora Gallego Sanromán (S) (Páx. 67.), a señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 69.), Sr. Tellado Filgueira (P) (Páx. 71) e o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 74.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ollal Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do ingreso mínimo vital. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Ortega Otero (S) (Páx. 79.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 82.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 85.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a situación do sector pesqueiro. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 87.)



Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 94.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 99.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 100.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 108.)

O señor Caballero Miguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 112.)

Votación das mocións

Votación do último punto da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital: *rexeitada por 18 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 115.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, menos o último punto, xa votado, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación do punto 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre a situación do sector pesqueiro: *aprobado por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 116.)

Votación do punto 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre a situación do sector pesqueiro: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez, sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 119.) e *Sr. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 123.)

Nova intervención do señor Balseiro Orol (P). (Páx. 125.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 127.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Lonso (BNG)* (Páx. 131.) e *Sra. Cristina Sanz (P)*. (Páx. 133.)

Nova intervención do señor Caballero Miguez (S). (Páx. 137.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e nove deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaidos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Caballero Míguez (S)* (Páx. 143.) e *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 146.)

Nova intervención da señora Egerique Mosquera (P). (Páx. 149.)

Suspéndese a sesión ás oito e trece minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron inasistencia e a delegación de voto, conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento da Cámara, dona María Guadalupe Murillo Solís, que delega o seu voto no portavoz do Grupo Parlamentario Popular, don Pedro Puy; e don Eduardo Ojea Arias, que o fai no portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

E, sen máis, entramos na orde do día, punto 1.

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019)

O señor PRESIDENTE: O ditame incorpora a Proposta de resolución número 1, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, relativa á aprobación da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2020; seguida de catro propostas de resolución restantes aprobadas en Comisión na sesión do 30 de marzo de 2022 e que se someten agora a debate e votación. En concreto, as propostas de resolución 2, 3 e 4 do Grupo Parlamentario Popular; e a proposta de resolución número 18 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, dona Raquel Arias Rodríguez.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS (Arias Rodríguez): Por acordo da Mesa do Parlamento do día 9 de agosto de 2021, admitiuse a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a Memoria anual de actividades correspondentes ao exercicio de 2020, e que inclúe o Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2019.

Logo de estudar os citados informes, así como as 4 propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, as 20 presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as 36 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a Ponencia nomeada para o efecto, reunida o 15 de marzo de 2022, elevoulle á Comisión para as Relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, sobre as que se pronunciou este órgano en sesión do 30 de marzo de 2022.



O ditame da Comisión incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2019. As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión son catro: propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, das que se aprobaron as número 2, 3 e 4 deste grupo; e propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do que se aprobou a proposta de resolución número 18 deste grupo parlamentario.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e de fixación da posición respecto das demais, por un tempo aproximado de 5 minutos por grupo. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Os socialistas hoxe queremos volver manifestar o noso recoñecemento e a valoración do traballo desenvolvido polo Consello de Contas, polo rigoroso traballo feito, así como polo esforzo feito nestes últimos anos por achegar cronoloxicamente a conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Pero tamén temos que, unha vez máis, volver poñer de manifesto a nosa desconformidade co desenvolvemento desta Comisión de Relacións co Consello de Contas, que debe ser mellorada tanto en transparencia como en debate parlamentario.

O Consello de Contas de Galicia remitiu a esta Cámara tanto a memoria como a conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2019 o día 30 de xullo de 2021. E debatemos nesta Cámara, de forma agregada con outros 25 informes de fiscalización máis, oito meses despois en Comisión e nove meses despois hoxe neste Pleno. Un debate que se materializa en 10 minutos en Comisión e 5 minutos hoxe no Pleno para poder expoñer o contido deses 25 informes de fiscalización, a maiores da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao ano 2019, cando na maioría dos parlamentos do Estado español este debate se fai de forma separada, outorgándolle a importancia que o seu contido merece.

Os socialistas tamén queremos volver insistir en que, a pesar do traballo importante feito polo Consello de Contas no achegamento cronolóxico, estamos a debater a conta xeral correspondente ao exercicio 2019, cando noutros parlamentos do Estado xa foi debatida a conta xeral do exercicio correspondente a 2020. Véxase Asturias, Canarias, Madrid ou Valencia. Cuestión que non é imputable ao Consello de Contas, senón ao Goberno galego, que ignora a recomendación feita polo Consello de Contas e volveu novamente rexeitar unha proposta presentada polo noso grupo na que solicitabamos que o Goberno galego renda as súas contas o 30 de xuño do ano seguinte ao da finalización do exercicio, como se fai xa noutras partes, noutras comunidades, como pode ser Aragón, Canarias ou a Comunidade Valenciana; ou en



xullo: Cataluña, Baleares, Madrid ou Murcia. E non no mes de outubro, ano e medio despois da finalización do exercicio, como vén sendo habitual en Galicia, co conseguinte atraso na elaboración do informe, así como do correspondente debate.

Esta práctica, unida ao atraso continuado do grupo maioritario da Cámara por convocar a Comisión de Relacións co Consello de Contas, supón, como dicía antes, que o primeiro debate se produza oito meses despois de ter entrada nesta Cámara; é dicir, debatemos a conta xeral correspondente a 2019 case dous anos e medio despois de finalizar o exercicio. Unha cuestión que non é menor, que nos separa da cidadanía, que perde vixencia e prexudica o propio Consello de Contas, ao que reiteradamente se lle critica a tardanza na emisión dos seus informes.

Por tanto, con estas prácticas o que se consegue é desvirtuar o labor do Consello de Contas, que o contido dos ditos informes de fiscalización pase sen ter o impacto que lles corresponde e, xa que logo, desapercibidos pola cidadanía. E restándolle a importancia que merece un órgano estatutario ao que o Parlamento de Galicia lle concede medallas pero que ao mesmo tempo que o condecora non dignifica o seu traballo. É unha falla de respecto polo traballo desenvolvido por esta institución, que ten a función de fiscalizar o sector autonómico galego no seu conxunto. Para esta Xunta de Galicia e para o Grupo Parlamentario do Partido Popular estes informes de fiscalización elaborados polo Consello de Contas son un mero trámite, un trámite incómodo e que, ademais, pretenden que pase sen ningunha repercusión, porque poñen en evidencia moitas eivas na xestión e na transparencia do Goberno galego, e reiteradas ano tras ano sen que o Goberno galego tome nota e modifique ese xeito de traballar.

Entrando xa moi someramente no contido das emendas, os socialistas presentamos 36 propostas de resolución que foron rexeitadas na súa totalidade polo grupo e polo rodillo maioritario desta Cámara. Son 36 propostas que recollen as recomendacións postas de manifesto polo propio Consello de Contas. E propostas que xa sei que o voceiro do Partido Popular dirá que na súa maioría son idénticas ás presentadas en anos anteriores; pero, realmente, se non son incorporadas á xestión do Goberno galego, evidentemente, seguen sen estar cumpridas, seguen sen estar incorporadas e, polo tanto, os grupos da oposición seguimos manifestando e poñendo de manifesto que se deben adoptar distintas solucións. De feito, o propio Consello de Contas manifesta que, dos informes anteriores, a maioría das recomendacións ou non foron aceptadas ou foron aceptadas sen que se verificasen avances na súa implantación, e 9 recomendacións están vixentes de aplicación. Polo tanto, unha cousa é o que di o Partido Popular e outra realmente é o que fai o Goberno galego.

Miren, vou entrar simplemente nas propostas de resolución presentadas polo Partido Popular e que se incorporan á ponencia que hoxe imos votar. Excluindo a primeira, que é a aprobación da conta xeral, a verdade é que resulta ata un pouco cómico e pouco serio se non fora tan importante.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.



Por un lado, apróbase que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas. En realidade, preguntámonos: ¿a continuar que? O que tiñan que poñer era que digan, que realicen, que fagan, que asuman as recomendacións do Consello de Contas; e non continuar, porque vostedes non continúan nada. Cando se parte de cero ou de cero coma algo non se pode falar de continuidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E a última xa é de traca, cando vostedes o que din é que se dite a norma para que se adapte a contabilidade ao Plan de contabilidade que está aprobado no ano 2010. E que ano tras ano o Consello de Contas insta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...o Goberno galego a que o aplique. Estamos a falar do ano 2010 e vostedes están aplicando un plan do ano 2001, ¡2001!, 22 anos despois...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e aínda non o teñen adaptado.

Ben, como é bastante claro, con estes 5 minutos que nos dan para este debate son totalmente insuficientes para poder manifestar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e poder explicar cada unha das nosas propostas de resolución. Polo tanto, insistimos en que debe ser mudado o funcionamento desta Comisión e deste Pleno con respecto ao que os informes de fiscalización elaborados polo Consello de Contas se refire.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor vicepresidente.

Señorías.

Antes de nada quero dar os parabéns ao Consello de Contas pola Medalla do Parlamento de Galiza. Mais temos claro que o Consello de Contas —como tamén a Valedoría ou o Con-



sello da Cultura Galega— máis satisfeitos estarían se, no canto de darlles medallas, atenderan un pouco as recomendacións que sucesivamente presentan. Como sucesivamente hoxe votarán en contra —nese botón que xa teñen desgastado— das propostas e das recomendacións realizadas polo Bloque Nacionalista Galego, que son substancialmente idénticas ás realizadas polo propio Consello de Contas na súa memoria de 2020. Memoria de 2020 que deixa, sobre todo, por tratar de resumir nestes cinco minutos, tres cousas ben claras.

Primeiro, que a Xunta de Galiza ten moi pouco rigor orzamentario na elaboración dos seus presupostos. Que a súa aposta, a da Xunta de Galiza, é pola privatización dos servizos e pola precarización das traballadoras. E pola arbitrariedade na contratación pública, na falla de control, na execución dos contratos e a tolerancia cos incumprimentos dalgunhas destas contratistas. E, o que é peor de todo, a nula vontade de corrixir e rectificar esa mala xestión dos recursos públicos.

Entrando en materia: nulo rigor orzamentario. Di o Consello de Contas —non o Bloque Nacionalista Galego, o Bloque Nacionalista Galego tamén— que están recorrendo sistematicamente a modificacións orzamentarias, que é un mecanismo extraordinario, pois vostedes, a Xunta de Galiza, recorren de xeito ordinario porque as consignacións orzamentarias son xa *ab initivo*, xa dende o principio, claramente insuficientes. É dicir, non fan ben o orzamento.

No apartado dos ingresos igual. Inzan os ingresos con partidas que xa están prescritas, que veñen de antigo, simplemente para cadrar algo que non sería cadrable de ningunha maneira.

E no que atinxe ao Sergas, seguen sen cumprir o propio Plan xeral de contabilidade pública, ou cambian a estrutura orgánica e non cambian o orzamento. Pero o Consello de Contas —e resulta bastante elocuente— failles unha suxestión, e é que, cando establezan beneficios fiscais, determinen os obxectivos que perseguen con eses beneficios, con esas rebaixas de impostos e os efectos e consecuencias que producen nas políticas económicas e sociais. É dicir, di o Consello de Contas que a Xunta de Galiza vén acordando beneficios fiscais, vén acordando desgravacións, vén facendo rebaixas de impostos, e non sabe cal é o obxectivo, non sabe que se persegue, e moito menos sabe as consecuencias económicas e sociais desas medidas de rebaixas fiscais para algunhas clases máis desfavorecidas.

Despois critica o Consello de Contas ese afán privatizador e de externalización de servizos públicos. Servizos públicos que moitas veces son servizos esenciais prestados agora por empresas privadas que atenden necesidades estruturais do país.

Poñamos un exemplo, un exemplo de que a xestión privada non é mellor que a xestión pública. Por exemplo, se en materia de seguridade, en materia de seguridade de inmóbeis, adxudicamos á empresa da irmá non contratada... non á empresa que contrata á irmá de Núñez Feijóo, senón da que é apoderada a irmá de Núñez Feijóo, 13 traballadores custarían aproximadamente 500.000 euros, mentres que se o facemos a través de convenios públicos, convenios públicos que están publicados no DOG, 206 persoas, non 13, 206 persoas custarían millón e medio. É dicir, contratar a seguridade da familia cústanos cinco veces máis aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*)



Despois seguimos coa desconcentración en axencias. Di o Consello de Contas —non o Bloque Nacionalista Galego— que non están cumprindo a finalidade, que non achegan recursos privados, non conseguen achegar recursos privados. O único para o que están esas axencias que vostedes chaman *chiringuitos* é para evitar os controis públicos, novamente para favorecer o traballo dos pillos, ou a pillaxe.

Despois, en relación coas contratacións, di que... irregularidades, advirte de irregularidades na adxudicación de contratos e irregularidades nas prórrogas de contratos, que prolongan sen xustificación e sempre en prexuízo da cidadanía e dos recursos públicos. O 60 % dos contratos do Servizo Galego de Saúde analizados evitan a concorrència competitiva para favorecer determinadas empresas. Existen sobrecustos do 30 % e o 40 % na construción da Cidade da Xustiza de Vigo. En residencias de maiores adxudican contratos sen saber cal é o custo do contrato que adxudican, e despois non velan polo cumprimento do contrato. É dicir, pillan convenios persoal, pillan que aos maiores non lles están dando a alimentación contratada, pillan que, como consecuencia dese déficit de persoal, teñen medidas de suxeición mecánicas sobre esas persoas maiores, pero non pasa absolutamente nada.

E, por último, ¿como non falar da Deputación Provincial de Ourense! Porque hai un informe de fiscalización, non por vicio, e aí nese informe de fiscalización advirte o Consello de Contas, detecta o Consello de Contas que, dos contratos de obras da Deputación Provincial de Ourense, o 80 % son a dedo. Que, curiosamente, van recaer o 70 % nas mesmas cinco empresas. ¿E vostedes que fixeron? Vostedes non fixeron nada, a pesar de que o pide o Consello de Contas, a pesar de que o pide o Bloque Nacionalista Galego, non fixeron nada.

¿E cal é a consecuencia? Xa llela anticipamos: que no 2019 ese número de contratos de obras a dedo pola Deputación Provincial de Ourense seguiu sendo do 80 %. No 2020 ese número de contratos a dedo da Deputación Provincial de Ourense foi do 85 %, e no 2021 é do 78 %.

E miren as consecuencias. (*O señora Tabarés amosa uns folios.*) Estas son dúas empresas que recibiron a dedo contratos por máis de cinco millóns de euros, estes son os contratos a dedo recibidos por unha empresa. ¿Sabe, cando vai en concorrència competitiva, cantos contratos recibe? Ningún. É dicir, iso é nepotismo en estado puro.

Agora, no momento de votar as nosas propostas de resolución, agardo que poidan ser libres para votar e que voten se están a favor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...de que continúe esta corrupción, de que continúe o nepotismo e a falta de transparencia, ou ben fan caso ao Bloque Nacionalista Galego e fan caso ao Consello de Contas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Rey Varla.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, bo día a todas e todos.

Sométense hoxe a aprobación, como xa se dixo aquí neste Parlamento, os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia de 2019, contidas na Memoria de actividades de 2020.

Nós tamén, como fixeron os outros dous grupos parlamentarios, queremos resaltar o bo traballo feito polo Consello de Contas, un órgano independente pero, fronte ao que se dixo aquí, un órgano que está aumentando a súa eficacia, a súa transparencia e o seu traballo, fundamentalmente porque, a instancias deste grupo parlamentario, do grupo parlamentario maioritario da Cámara, aumentou as súas competencias por lei no ano 2015.

Por iso, señora Rodríguez Rumbo, parece que nalgúns momentos vivimos en realidades paralelas. Para vostedes todo o que fai a Xunta de Galicia está mal e para o Consello de Contas hai cousas mellorables, pero que, tal e como acreditarei despois, se están mellorando, froito do traballo do Goberno que sostén este grupo parlamentario.

Por iso sería moi importante que tiveran algunha coherencia, algunha coherencia, non soamente falando do que todavía non está feito, senón tamén falando doutras cousas, das propostas que vostedes presentaban cando eran goberno ou das que lle aceptaban a outros grupos parlamentarios. Coherencia e eficacia porque, señora Rodríguez Rumbo, terá que coincidir vostede comigo en que, dende unha análise obxectiva, meramente obxectiva, esta aprobación das contas faise en menos prazo do que se facía antes; mellorable, por suposto, pero en menos prazo. Maior nivel de eficacia.

En segundo lugar, maior número de informes do Consello de Contas. Polo tanto, tamén unha maior transparencia.

Pero imos ver o que di este informe que estamos sometendo a aprobación do Parlamento no día de hoxe.

En primeiro lugar, que o Goberno de Galicia ten unha política económica con estabilidade e por iso fai orzamentos cada ano. Eu entendo que hai algúns grupos políticos aos que facer orzamentos cada ano non lles parece un tema interesante. Nós cremos que é moi importante para ser capaces de responder á confianza maioritaria dos galegos.

Fai orzamentos e executa os seus orzamentos. Mire, vulture dar un dato: 95 % de eficacia na execución dos orzamentos da Xunta de Galicia. Eu sei que non lles gusta moito, porque parece que aquí só veñen as contas da Xunta de Galicia, pero é que veñen as contas dos con-



cellos e veñen as contas das catro deputacións. O señor Tabarés falou dunha, eu vou falar un pouco, polo tanto, das outras tres.

Miren, execución presupostaria do Concello de Vigo, que supoño que será unha referencia para todos vós: 68 %; 95 % da Xunta. ¿Podemos mellorar? Nun 5 %. Ao Concello de Vigo, ¡carai!, quedalle moito. Deputación da Coruña, ¡claro!, é que a Deputación da Coruña, execución presupostaria: 40 %. Xunta de Galicia: 95 %. ¿Temos moito que mellorar nós? Si, pero vostedes poderían mirar un pouco tamén o que poderían facer polos habitantes dos concellos nos que gobernan.

Señor Tabarés, supoño que a exposición sobre algunha contratación pública dalgún caso concreto que vostede fixo aquí a leu nalgún argumentario do BNG, non nos propios informes do Consello de Contas. Porque fala vostede dalgunhas cousas que creo que son máis de debate partidario que do que di o Consello de Contas. Eu, dende logo, non encontrei a palabra «nepotismo» nos centos de folios que veñen aprobarse hoxe neste Parlamento.

Miren, os informes din o que din. Claro, eu, sobre a rendición de contas, páxina 21 do Informe de fiscalización: «A Intervención Xeral rendeu en prazo a conta xeral do exercicio 2019, que, ademais da conta da Administración xeral, inclúe as contas de 71 entidades instrumentais».

Di tamén, con respecto á débeda: «No informe acredítase que, en termos de ratio débeda-PIB a prezos de mercado —por iso non falan aquí da débeda, falan nos argumentarios e nos medios de comunicación— a Comunidade Autónoma de Galicia presenta un nivel de endebedamento a finais de 2019 do 17 %, porcentaxe inferior en 6 puntos ao da media das comunidades autónomas». E vostedes veñen dicir outra cousa. E despois —moi rapidamente, porque a min tampouco me dá tempo— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*): recomendacións, recomendacións.

Claro, voulles falar, moi brevemente, das tres deputacións, das que vostedes non falan nunca, e moi brevemente do que di a Xunta.

Deputación da Coruña: recoméndase, con carácter xeral, que a Deputación probe unha regulación específica relativa aos plans de cooperación. E sobre a repartición de fondos, ¿vostedes leron o que di sobre a repartición de fondos? «Dos datos acumulados para... —leo textualmente, ¡eh!, claro, isto non é un argumentario, é o que din os informes— ...para os catro plans, pon de manifesto un forte desequilibrio na actividade subvencionadora da Deputación: Paderne, Fisterra, Toques, etc.», como se reparte.

O mesmo sobre a Deputación de Lugo. Tamén, curiosamente, o que di o Consello de Contas, se traducimos o que din os informes, a cor política dos concellos, é que os que máis levan son os concellos gobernados polo Partido Socialista e polo BNG.

E o mesmo di sobre a Deputación de Pontevedra, sobre «ese forte desequilibrio —leo textualmente— da Deputación de Pontevedra na actividade subvencionadora da Deputación vía convenios». ¡Para que estean sempre falando dos demais, en lugar de tomar cun pouco de interese



o que din obxectivamente estes informes dun Consello de Contas que nós respectamos, ao que nós ampliamos as competencias e do que recibimos positivamente as súas achegas.

Nós cremos no Consello de Contas, cremos que os galegos aínda merecen máis e por iso estamos aquí. Porque, das 96 recomendacións formuladas á Xunta de Galicia, foron contestadas 90, o 78 % foron aceptadas e o 60 % están aplicadas ou en proceso de aplicación. Di textualmente sobre a recomendación o informe do Consello de Contas: «Respecto ao exercicio anterior, cómpre destacar o incremento significativo do número de recomendacións en proceso de aplicación que se atopaban pendentes de aplicar».

¿Queda por facer? Por suposto. ¿Estamos avanzando? Por suposto. Iso é o que cremos dende este grupo maioritario e o que cren desgraciadamente o conxunto dos galegos e o conxunto das galegas que acaban de ser consultados. (*Murmurios.*)

Por iso, polo que temos feito pero, sobre todo, polo que queda por facer, nós solicitamos a aprobación desta conta, estamos orgullosos do Goberno do Partido Popular e pedimos o voto favorable a este ditame.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á votación. En principio, son dúas votacións distintas. A primeira votación é a votación do Ditame emitido pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020.

O ditame incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia relativa á aprobación da conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Votamos.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Temos unha segunda votación das resolucións aprobadas. Temos a segunda votación despois, ¿vale?

Repito, pasamos á votación do primeiro punto, que é o ditame emitido pola Comisión Permanente.

Votación do ditame da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019) Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade este primeiro punto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E agora o segundo punto que temos que votar son as propostas de resolución, a número 2 do Grupo Parlamentario Popular, a número 3 do Grupo Parlamentario Popular, a número 4 do Grupo Parlamentario Popular e a número 18 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Pedían a votación por separada, ¿de cal? ¡Perdón! Non, todas xuntas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non hai ningún problema. Entón, votamos en primeiro lugar as do Grupo Parlamentario Popular.

Votación das propostas de resolución números 2, 3 e 4 do G. P. Popular de Galicia en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Agora pasamos a votar a proposta de resolución número 18 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos, entón, ao punto número 2 da orde do día.

Debate de totalidade do proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A este proxecto de lei presentáronse as seguintes emendas á totalidade: do Grupo Parlamentario dos Socialistas de devolución, o documento número 33621; e do Grupo Parlamentario do BNG, de devolución, o documento número 33618.



Para a presentación do proxecto de lei, dámoslle a palabra á conselleira, que estaba a punto de entrar. Estaban cerradas as portas pola votación.

Dámoslle dous minutos, porque imos adiantados no tempo, e, como fixemos a votación, seguimos.

(Pausa.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para a presentación deste proxecto de lei, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Señorías, despois da tramitación pertinente, traemos hoxe a esta Cámara o proxecto de lei para a mellora da xestión integral do ciclo da auga. Unha nova lei que vén complementar e ampliar o marco promovido nos últimos anos para mellorar a calidade das augas, para conservar a auga. Todos creo que somos conscientes de que é un ben sensible, un ben escaso, un ben que non se pode substituír e que é vital, e por iso nos empuxa, por responsabilidade ambiental, por responsabilidade social, por responsabilidade tamén económica, a habilitar ferramentas para garantir a súa calidade. Unha garantía que, indiscutiblemente, pasa por optimizar as prestacións destes servizos básicos de abastecemento, saneamento e depuración, que son de competencia municipal e, nese sentido, apostamos polo uso racional, o uso eficiente dos recursos hídricos, aumentar o aforro e asegurar o correcto funcionamento de todas esas infraestruturas que garanten o abastecemento, aseguran a continuidade de actividades tan relevantes da nosa economía, como pode ser a pesca, o marisqueo, o turismo...

E lograr eses obxectivos de garantir o abastecemento e garantir a calidade das augas en Galicia son os obxectivos que nos guían a esta lei. E depende do esforzo e da implicación e, por suposto, da concienciación de todos, e cadaquén asumir as responsabilidades que nos pode tocar, cada un no sitio onde se atopa. Só dende a colaboración e o traballo conxunto e coordinado seremos capaces de optimizar a xestión do ciclo integral da auga e afrontar con garantías o noso futuro, nun contexto de cambio climático, e creo que é unha reflexión —dende logo que así o vemos dende a Xunta de Galicia— que é compartida polo Consello Económico e Social, que avalía positivamente esta norma, que fai fincapé na colaboración e na coordinación.

Eu apelo ao espírito de diálogo que vimos facendo nos últimos meses con este proxecto de lei, e apelo á participación construtiva neste Parlamento.

O proxecto de lei afonda no traballo de regulación en materia de augas que vimos facendo nos últimos anos. Temos, no ano 2010, a Lei de augas de Galicia, os regulamentos correspondentes que a desenvolven; temos a Lei 9/2019, de garantías de abastecemento en episodios de seca e en risco sanitario. Dúas leis sumamente importantes que se veñen sumar á planificación hidrolóxica. Mesmo onte no Consello Reitor aprobamos o Plan hidrolóxico de Galicia–costa para este terceiro ciclo, o plan de saneamento de Galicia, os plans de saneamento local, o plan de abastecemento, e agora engadimos este proxecto de lei para a mellora do ciclo integral da auga, que segue a senda marcada polo Pacto local da auga: avogar pola



coordinación de todas as administracións e garantir un modelo solidario, igualitario e transparente para axudar os concellos a exercer esa competencia tan complicada e tan custosa como é a xestión da auga. Non soamente hai que executar infraestruturas, sempre o digo cando teño a oportunidade no Parlamento, hai que saber explotalas e conservalas adecuadamente.

Este marco normativo servirá para iso, para garantir a eficiencia na explotación dos sistemas de saneamento, abastecemento e depuración, e é o resultado, este traballo, este proxecto de lei, é o resultado de moitas experiencias de todo o persoal de Augas de Galicia e de toda a experiencia acumulada para axudar os concellos nesta tarefa.

Levamos axudando os concellos na última década, na execución de infraestruturas, con 1.100 millóns de euros, en investimentos de obras de depuración, de obras de abastecemento e saneamento, o que nos permitiu incrementar dez puntos a calidade das augas e das masas de auga, que pasan a incrementar o bo estado, pero continuamos, temos que continuar avanzando, facer algo máis, facer algo máis que facer infraestruturas. E nese sentido queremos axudar os concellos a desenvolver non soamente infraestruturas, senón a garantir o seu funcionamento. O inmovilismo non é unha opción para a Xunta de Galicia, e nese sentido damos un paso máis non soamente axudando economicamente a facer infraestruturas, senón axudando, ofrecémonos a axudar libremente ao concello que queira, axudar a explotar os sistemas de saneamento, abastecemento e depuración. Nós queremos asegurar que os sistemas da auga funcionen ben e aí é onde pon o foco esta lei.

Queremos profesionalizar os servizos de xestión das infraestruturas, optimizar o seu funcionamento. Como digo, axudar os concellos a que as obras feitas funcionen ben. Ese é o noso principal obxectivo con esta lei. Os concellos que queiran, que o desexen, que o soliciten, ofrecémonos a axudar para que as obras feitas funcionen ben.

Saben que a Administración autonómica non ten as competencias no sistema da auga, en abastecemento, saneamento e depuración, téñena os concellos. Lei de bases de réxime local: é responsabilidade directa e exclusiva dos concellos.

En calquera caso, volvo insistir nesta repartición de competencias, porque ás veces débome explicar moi mal, débome explicar fatal, porque ás veces vexo que a miña capacidade didáctica é moi limitada, porque ás veces parece que non se entende a repartición competencial, pero é importante sabelo, recoñecelo, para buscar a forma de como poder axudar e como poder colaborar.

Eu creo que non hai discusión. Incluso creo que estará de acordo comigo, señor Bará, en que a auga é vital para a vida, e é un servizo básico. A calidade das augas ten que ser tamén básico, saúde pública, medio natural, actividades económicas como a pesca, marisqueo ou o turismo.

É imprescindible, polo tanto, a maior eficiencia posible na xestión dos nosos recursos. Non podemos gastar unha millonada en obras, gastar millóns en infraestruturas hidráulicas se non funcionan a pleno rendemento. E nese sentido temos que axudar os concellos, si, hai



que axudar os concellos a esa tarefa custosa e complicada, que é o que estamos a facer con esta lei, ofrecer unha nova axuda, reforzar axuda aos concellos para que as obras feitas funcionen ben.

Non nos podemos permitir que as depuradoras municipais, as depuradoras dos concellos funcionen mal. Non están todos os sistemas de depuración activos, vemos raios UVA que están apagados ou outros sistemas de depuración nas propias instalacións. Non podemos permitirnosa caudais de augas brancas infiltradas de forma masiva nas redes, porque afecta o funcionamento da depuradora. Non nos podemos permitir verteduras á rede municipal industriais sen un pretratamento que incumpran as ordenanzas de vertedura. Non nos podemos permitir esta serie de cousas, e temos que garantir que esas depuradoras municipais funcionen ben, é un sistema conxunto, rede-depuradora, para que funcionen ben, e ese é un reto ao que temos que darlle resposta, e darlle resposta axudando os concellos a exercer esta competencia. É urxente resolver eses problemas, e insisto, axudar a quen queira, quen queira que lle axudemos, estamos para axudar. E non podemos estar na misa e repicando: urxir a Xunta de Galicia a que resolva todos eses problemas e logo, cando ofrecemos axudar, cando ofrecemos solucións, pegadas infundadas e interesadas, cando propoñemos un medio útil e unha norma útil para axudar os concellos, insisto, axudar a que as obras feitas funcionen ben.

Estamos nun contexto de cambio climático. Non nos podemos permitir consumos irresponsables, con fugas do 40 % nas redes de abastecemento e, polo tanto, señorías, volvo insistir, a xestión da auga é unha tarefa moi complicada dende o punto de vista técnico, moi custosa desde o punto de vista económico. Sabémolo na Xunta de Galicia, sábeno os alcaldes, todos os alcaldes, e eu tamén agardo que sexan conscientes neste arco parlamentario.

A realidade é evidente, está contrastada: os concellos están desbordados e son incapaces de afrontar en moitísimos casos a xestión destes sistemas de depuración, sistemas de colectores, sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable, estacións de tratamento de depuración... e por iso estamos dispostos a axudar para acadar estes obxectivos, estes retos clarísimos e necesarios, por responsabilidade ambiental, por responsabilidade social e por responsabilidade económica.

É unha lei que se basea na ampla experiencia de todo o persoal de Augas de Galicia, ao que chaman constantemente os alcaldes para pedir asesoramento. Experiencia de análise, de situación actual, de ver problemas, de planificación, de execución de obras, de xestión de infraestruturas, ese coñecemento da realidade que teñen todos os empregados de Augas de Galicia, as peculiaridades e particularidades que ten Galicia é o que nos levou conxuntamente, porque é unha lei, dende logo, redactada e traballada por todo o persoal de Augas de Galicia, pódoo confirmar e ratificar. E por iso fixemos esta lei, para axudar a quen solicite, aos concellos que o soliciten, a mellorar a eficacia e a eficiencia da prestación dos servizos urbanos da auga. É un marco claro para orientar a xestión eficiente, hai pautas moi claras, e tamén para facer seguimento desta xestión, que sexa máis eficiente e máis profesional. E a lei ten ferramentas concretas para mellorar e profesionalizar a xestión da auga. Temos directrices claras para guiar os concellos a facer as cousas mellor, a facer as cousas ben e a traballar da man, e traballar conxuntamente.



Redaccións de plans de control de verteduras ás redes e colectores. Volvo insistir, nas redes de saneamento non poden verter as industrias sen pretratamento, incumprindo ordenanzas de vertedura. É importante ese plan de control, de control de pinchar nas redes.

Saneamento e modelo de saneamento en pequenos grupos de poboación. Optimizar as xestións de pluviais nas redes tamén, a auga infiltrada en exceso é un problema, hai que controlala. Tamén a mellora enerxética das instalacións.

Polo tanto, directrices claras para axudar os concellos, como guía para unha xestión máis eficiente. E tamén implantaremos un programa de formación periódica e continua para os técnicos e para os responsables municipais para mellorar a súa formación e avanzar nunha xestión profesional da auga.

En segundo lugar, saben que é un sistema de adhesión voluntaria. Eu volvo insistir, porque parece que ás veces me explico fatal: quen queira, axudámolo, axudamos libremente o concello que libremente nos pida unha axuda na xestión deses servizos que queremos profesionalizar.

Estendemos, polo tanto, este modelo ao conxunto de Galicia, quen queira, calquera concello o pode solicitar. Ampliamos a axuda nos máis de 28 concellos, onde saben que levamos 28 explotacións depuradoras. Queremos ampliar tamén a axuda onde aí estamos explotando as depuradoras, tamén ofrecemos axudar nos concellos e, polo tanto, blindar o funcionamento eficaz e eficiente e sostible. Como dicía, un modelo.... queda en liberdade absoluta dos concellos para decidir se queren que lles axudemos ou non, nin máis nin menos, axuda voluntaria para explotar ben os servizos da auga.

Como paso previo, loxicamente, unha auditoría integral. Hai que coñecer o que temos para saber explotalo ben, unha auditoría que nos ofrecemos a realizar dende Augas de Galicia, se evidencian que hai que facer algunha obra, facemos un terzo de todas as obras que haxa que facer nos concellos que libremente pidan axuda a Augas de Galicia, e esa corresponsabilidade de todas as administracións ten que vir aparelada para o resto dos investimentos.

Saben que a nosa proposta inicial era que as deputacións... porque teñen o deber legal de axudar os concellos a exercer as súas competencias, nos concellos de menos de 20.000 habitantes, e o abastecemento e o saneamento é unha competencia municipal, temos que lamentar que non tiñan vontade de colaborar para conseguir estes obxectivos ambientais. En calquera caso, apelamos á corresponsabilidade en xeral, tamén aa Confederación do Miño-Sil, como organismo de conca, en axudar nos investimentos e as obras necesarias nas auditorías.

Tamén establecemos mecanismos disuasorios. Mecanismos disuasorios porque o que queremos é que se fagan as cousas ben. E, polo tanto, nós queremos axudar, non queremos multar, queremos axudar para que as cousas se fagan ben, e aí, nese sentido, están os mecanismos disuasorios.

Como digo, os concellos poden elixir, tamén poden elixir os concellos onde a día de hoxe levamos a depuradora. A día de hoxe levamos, asumimos, a xestión de 28 depuradoras, os



concellos libremente poden elixir se a Xunta de Galicia segue explotando esa depuradora ou se queren eles asumir a xestión da depuradora. Xa lles avanzo que practicamente todos queren que sigamos explotando a súa depuradora, e por algo será, por algo será.

Obrigas mínimas de sentido común, insisto: transparencia, claridade en todo este proceso. O que levamos feito non é unha frase, é un feito clarísimo da transparencia, todo o proceso participativo dunha lei onde ofrecemos unha webinar sen escatimar ningunha pregunta, non prohibimos ningunha pregunta, nunha webinar onde máis de 100 concellos puideron opinar e preguntar, e unha lei —insisto— demostrada que é transparente, que é un modelo igualitario e solidario e transparente e que, dende logo, que é unha axuda importante aos concellos. Apostamos pola flexibilidade nos investimentos.

Eu remato xa, que se me acaba o tempo.

O obxectivo, dende logo, é axudar, axudar aos investimentos, axudar aos plans e ás auditorías e axudar, agora máis, na explotación da xestión da auga. Porque a xestión da auga, señorías, é cara, ingrata e complexa, a nosa obriga é axudar os concellos, libremente, que queiran.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos agora á quenda da defensa das emendas á totalidade, de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Para defender a súa emenda á totalidade, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galiza, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Grazas e bo día, señora conselleira.

Neste proxecto de lei recóllense varias cuestións que son fundamentais e que deberían ser o núcleo desta futura lei. A auga é un ben esencial para a cidadanía e para a actividade económica, un ben patrimonial que hai que protexer, defender e tratar como tal. Os efectos do cambio climático dannos indicios tamén na nosa comunidade de modificacións no réxime de pluviometría. Polo que é necesario avanzar tamén no consumo responsable e na xestión eficaz e eficiente do ciclo integral da auga, polo que as administracións públicas teñen a obriga de garantir a subministración de auga, así como un tratamento seguro, previsible e de calidade. E, para iso, requírese un conxunto de infraestruturas que permitan almacenar, potabilizar, distribuír e depurar e que, ademais, contén cunha correcta explotación e mantemento.

A situación actual en Galicia é de que existen moitas carencias, algunhas delas moi graves, tal e como recoñece a propia consellería, na prestación dos servizos de abastecemento e sa-



neamento, polo que é obrigado buscar solucións para poder afrontalas e conseguir unha xestión eficiente e de calidade. Xa que logo, a universalización, a eficacia e a eficiencia do ciclo integral da auga é un dos retos emerxentes máis importantes en materia ambiental e unha responsabilidade de todos e de todas.

O curioso é que neste proxecto de lei, nas respostas ás alegacións, na documentación facilitada pola Consellería de Infraestruturas, por Augas de Galicia —e tamén polas verbas que vostede acaba de manifestar neste momento neste pleno—, establécese como a cuestión fundamental da lei a voluntariedade ou non dos concellos para que a prestación dos servizos de abastecemento, depuración ou saneamento sexan desenvolvidos polo propio concello ou que se delegue a xestión en Augas de Galicia, para que actúe esta como entidade prestadora de servizos.

A cuestión, vista así, incluso podería parecer nos razoable. Os matices veñen, señora conselleira, cando se analiza polo miúdo o contido do proxecto de lei e a realidade da xestión que ten feito durante estes anos Augas de Galicia, polo que basearei a miña exposición en catro cuestións que para os socialistas son fundamentais e son a base da emenda á totalidade de devolución presentada a este proxecto de lei polo noso grupo.

A primeira cuestión, señora conselleira, é que o proxecto de lei repite unha e outra vez que o abastecemento de auga potable, a depuración e o saneamento son competencias propias dos concellos, e vostede aquí, na súa exposición, repetiuno unha media de non menos de dez veces. E a verdade é que as leis que regulan o réxime local establecen que son competencias propias dos concellos. Pero, realmente, chama a atención que nin neste proxecto nin nas súas palabras se di en ningún momento que o Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 27, que a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva. No punto 7 establece: «En obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecten outra comunidade ou provincia». Ou que no seu apartado 12 diga que ten competencia nos aproveitamentos hidráulicos, canales e regadíos cando as augas discorran integramente polo territorio da comunidade.

Tampouco se recorda —e vostede tampouco o recordou— que a Constitución española e a Carta Europea de Autonomía Local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. Ou tampouco recordou que o artigo 5 da Lei reguladora de bases de réxime local establece que se dotarán as facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins. E recórdolle, señora conselleira, aínda que seguro que vostede o sabe perfectamente, que eses recursos deben vir a través da participación das entidades locais nos tributos do Estado e nos tributos da Comunidade Autónoma, a través de transferencias correntes de carácter incondicionado e para dar cobertura ás diferenzas existentes entre as necesidades de gasto das entidades e os recursos que poidan obter polos seus propios medios.

E, ademais, no caso de Galicia esa participación materialízase no Fondo de Cooperación Local, un Fondo de Cooperación Local que, dende que goberna o señor Núñez Feijóo —é dicir, dende hai trece anos— a Xunta de Galicia non incrementou nin un só euro, destinando aos concellos galegos, a través deste fondo incondicionado, case 113 millóns de euros.



Pero, mire, tamén a propia Lei 9/2010, de augas de Galicia, establece que as obras hidráulicas cuxa planificación, programación, proxecto, construción e explotación se atribúe á competencia da Comunidade Autónoma mediante a entidade Augas de Galicia, tal como aclara o Tribunal Supremo, nunha sentenza —que vostede seguro que coñece pero que teño aquí, para que non digan que non empregamos datos que veñen avalados— do 26 de xaneiro de 2022, pola que obriga a Xunta de Galicia a pagar catro millóns de euros de multa á Unión Europea polo atraso nas depuradoras de Vigo e Ribeira, e expresamente rexeita o intento da Xunta de Galicia de culpar os concellos. Un recurso xudicial por incumprir a Directiva sobre augas residuais urbanas de máis do 30 % dos habitantes, equivalentes a efectos dos EDAR que xestiona directamente Augas de Galicia.

Actualmente, señora conselleira —vostede sábeo tamén—, existe outro procedemento de infracción de dereito comunitario por vulneración da Directiva sobre augas residuais urbanas para as EDAR de Pontevedra, Soutomaior-Arcade e Soutomaior con Boa, que probablemente acabará tamén noutra sanción para a Comunidade Autónoma Galega. Polo que a realidade é que a xestión feita por Augas de Galicia durante estes anos, dende a súa constitución, non semella ser a máis eficiente.

Vostede acaba de insistir unha e outra vez en axudar os concellos, axudar os concellos, como se a Xunta de Galicia non tivera ningunha responsabilidade. A verdade é que tal parece, polas súas verbas e pola súa exposición, que haxa que darlle as grazas á Xunta de Galicia por acometer algo que tamén lle corresponde.

Unha segunda cuestión, señora conselleira. Unha vez máis a Xunta de Galicia pretende regular por lei unha proposta que non foi consensuada cos principais afectados, os concellos, establecendo unilateralmente como teñen que exercer tanto as deputacións como os concellos as competencias que a lei básica lles outorga, impondo ás entidades locais formas predeterminadas de colaboración económica, nun modelo que non foi debatido, compartido nin acordado, e que vai, polo tanto, en contra do principio de autonomía local.

É curioso que vostede insistiu nesta tribuna hai uns momentos na colaboración e no diálogo, cando nas alegacións presentadas, e que forman parte do documento que vostedes nos enviaron, se incide, precisamente, nesa falta de diálogo e nesa falta de consensos para chegar a acordos e se está en contra desa imposición unilateral por parte da Xunta de Galicia.

Mire, Augas de Galicia establece as condicións para que o concello materialice a delegación, insistindo nesa voluntariedade da que vostede facía gala. E o que di é: se non o queres, déixalo; a competencia é túa, sen establecer as condicións desa delegación, sen un plan estratéxico de desenvolvemento que contemple nin a data para acometer as obras necesarias nin os criterios para periodificar as obras en todo o territorio. E cando vostede mesmo e a propia consellería manifesta que se está elaborando o Plan hidrolóxico Galicia-Costa para o próximo ciclo 2021-2027 e que aínda está en fase de consulta.

É curioso tamén que, nunha das respostas ás súas alegacións, di literalmente: «A diagnose da problemática existente está feita, os problemas coñécense. Agora toca formular solucións que urxen e que implican adoptar medidas de corrección e ofrecer solucións para poder



afrontar os retos e para iso a proposta é o contido deste anteproxecto de lei». A verdade, señora conselleira, é que, para nós, neste proxecto nin se percibe nin ese coñecemento nin esa diagnose e moito menos solucións que vaian da man dun plan estratéxico previo nin do acordo coas administracións implicadas.

Unha terceira cuestión. A Xunta de Galicia pretende que os concellos se fagan cargo de dous terzos do custo das obras: un terzo corre a cargo da Administración autonómica; un terzo exíxenllelo directamente aos concellos; e o outro terzo pretenden que se condicione, a través dos plans únicos ou os POS das deputacións, ese investimento, renunciando a outros investimentos que lles poidan facer falta aos concellos no seu territorio. E se non é a través das deputacións pois que se busquen a vida para atopalo porque a Xunta de Galicia —*papá bueno* que é marabilloso porque é voluntario e quere axudar os concellos— pon un terzo desa cantidade que é necesaria.

E, realmente, nas propias respostas que se fan nas alegacións, parte das actuacións e investimentos de Augas de Galicia son financiadas con fondos propios. E, como vostede ben sabe, señora conselleira, estes fondos non sempre están ao alcance e non teñen acceso a maioría dos concellos, fundamentalmente os de menor tamaño. E tamén a propia consellería indica que a boa xestión das infraestruturas que permitan prestar eses servizos con calidade e eficiencia precisa dunha capacidade técnica e económica da que carecen a maioría dos concellos. Pero vostedes, no seu *buenismo*, nese *buenismo* marabilloso, o que queren é axudar os concellos.

E, bueno, outra das cuestións que contemplan neste proxecto de lei é que, para os concellos que non opten pola delegación da xestión do servizo en Augas de Galicia, establecen que a colaboración técnica e financeira que vén prestando Augas de Galicia non se verá afectada e continuará realizándose para todas as entidades locais do mesmo xeito que se viña facendo. Unha cuestión que aos socialistas, se cabe, aínda nos preocupa máis, posto que son coñecidos e medibles os criterios de necesidade e urxencia que determina unilateralmente a Xunta de Galicia na repartición de fondos públicos. Si, que se traduce en que esa maior necesidade e esa maior urxencia veñen cando o goberno municipal do concello é do Partido Popular. Aquí llo demostro, señora conselleira..., (*A señora Rodríguez Rumbo amosa un gráfico.*) Si, Vigo é un concello máis; aquí estou retirando os grandes concellos e, se quere, mire, non teño tempo pero se quere enumérollos. Isto é sacado da publicación obrigatoria dos convenios que cuadrimestralmente ten que publicar a Xunta de Galicia; están aquí todos, señora conselleira, non se enfrente.

Vostede ten un problema, señora conselleira, e é que vostede sempre vén coa hacha na man. Non vén dialogar, non vén coa man tendida, vén sempre á defensiva e coa hacha na man. Non é correcto e non é, ademais... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señora conselleira, vostede é unha conselleira e, polo tanto, debería de adoptar outro ton e outra forma de dirixirse aos concellos. (*Aplausos.*)

A cuarta cuestión na que vou basear a miña argumentación é que, segundo a propia consellería, este proxecto de lei non leva aparelladas novas taxas aos usuarios, simplemente as reordenan. Vostede sabe que dende o ano 2012 a Comunidade Autónoma dispón dunha taxa



de depuración denominada coeficiente de vertedura e que é de aplicación naqueles concellos onde a Administración hidráulica de Galicia presta o servizo de depuración. E a propia consellería reconece que a diferenza entre o volume efectivamente tratado nas depuradoras e os volumes que son obxecto de gravame producen unha recuperación incompleta dos custos que non é subsanable polo mero incremento das tarifas, senón que é necesario ampliar as bases impoñibles suxeitas ao tributo. Feito que, sumado á necesidade de establecer unha taxa específica para cubrir os custos asociados ao servizo de saneamento que poida prestar a Comunidade Autónoma, fai necesaria a creación dunhas taxas específicas para cada servizo, derogando o coeficiente de vertedura; polo que se crean dous novos tributos: o canon de xestión de depuradoras e o canon de xestión de rede de colectores.

Señora conselleira, isto está copiado literalmente dos informes que vostedes presentan; unha de dúas, ou ao que nos remite aos grupos da oposición non son correctos, ou vostede está faltando á verdade. Literalmente, na miña segunda intervención collerei onde está e amosareillo. Sempre veño con datos, datos que están ratificados e neste caso son os datos que vostedes nos facilitan.

E, ademais, fala dun novo canon de abastecemento, da prestación do servizo de abastecemento de auga por parte da Administración hidráulica de Galicia, que no prazo máximo de tres anos dende a entrada en vigor desta lei presentarán un novo proxecto de lei modificado. Pero é que, mire, señora conselleira, se miramos o informe de sostibilidade financeira —mire, ese si que o teño aquí, se quere déixollo aquí ao señor presidente, como teño feito noutras ocasións—. Voulle deixar tamén a sentenza, para que non diga que a inventei ou que non é correcta, esa dos catro millóns que ten que pagar a Xunta de Galicia e que quería que asumiran os concellos. Pois, mire, neste...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...— si, remato xa, señora presidenta— neste informe de sostibilidade financeira estima que o incremento dos ingresos relacionados con estes servizos, no primeiro exercicio de vixencia da nova norma, é de 14.224.022 euros. ¿Quen vai pagar este incremento, señora conselleira? ¿Isto reafirma que non vai haber ningún incremento das taxas e que vaian ter que pagar os veciños e as veciñas? Creo que non é correcto. Espero que me conteste.

E, xa lle digo, todos os datos que presentamos están avalados. E vostede debería de vir de man tendida e de colaboración e non coa hacha na man, que é o que fai habitualmente sempre, incluso cos do seu mesmo grupo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Imos aproveitar para saudar as alumnas e os alumnos de sexto de primaria do CEIP pluri-lingüe Plaza de Barcelos, de Pontevedra, que nos están acompañando agora mesmo desde a tribuna.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



É agora a quenda do Bloque Nacionalista Galego para defender a súa emenda á totalidade de devolución deste proxecto de lei.

Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Como deputado por Pontevedra quero darlle a benvida ao alumnado do colexio de Barcelos da miña cidade.

Señora conselleira, benvida a este Pleno, a este Parlamento.

Creo que podemos falar de que hai dúas ideas básicas nas que poderíamos estar de acordo como punto de partida. Unha é que a auga é un ben escaso; e, desde logo, todo o panorama e os datos o están poñendo de manifesto, e hai que tomar esta cuestión moi en serio, porque pensamos que nadamos na abundancia pero, realmente, o que estamos é ante un gran desafío de como xestionar a escaseza. E a segunda cuestión é que a auga é un ben esencial, eu diría máis, eu diría que é un dereito humano esencial, como dixo claramente unha resolución das Nacións Unidas; ou, como di a Directiva marco da auga, que di que a auga non é un ben comercial como os demais senón un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal.

E, dito isto, entramos nas diferenzas, que son moi profundas, sobre o que entendemos que debe ser a xestión do ciclo da auga. E por iso pedimos a devolución deste proxecto de lei, porque nos parece que é o proxecto dun Goberno interino, un Goberno que funciona por inercia, un Goberno que podemos cualificar das catro D: un Goberno desbordado, un Goberno descabezado, un Goberno desorientado e un Goberno desconectado coa realidade. *(Aplausos.)* E isto é moi preocupante, sobre todo esta última cuestión, señora conselleira.

Un Goberno que non ten en conta, en primeiro lugar, a realidade do país e a necesidade de deseñar un novo modelo de xestión da auga que se axuste aos parámetros do que se chama a nova cultura da auga. Neste texto non está presente a nova cultura da auga.

En segundo lugar, un Goberno que non ten en conta o contexto do cambio climático e, polo tanto, a necesidade de actuar de maneira prioritaria e urxente, non na xestión das infraestruturas nin na mellora da xestión das infraestruturas, senón da preservación, da conservación, da protección dos recursos, do aforro no consumo dos recursos, na eficiencia na xestión dos recursos e na reutilización dos recursos. Porque vostedes non teñen tampouco neste proxecto este plantexamento.

E, en terceiro lugar, o que nos parece máis grave é que non ten en conta este proxecto o contexto de grave crise económica e social na que estamos inmersos neste momento, que está a provocar unha descomunal suba de prezos. E vostedes non puideron escoller un peor momento para tramitar este proxecto de lei e darlles esta auténtica puñalada nas costas ás persoas consumidoras, ás empresas e aos concellos, que están coa auga ao pescozo. E vostedes aínda os queren afogar máis con esta suba escandalosa de prezos que propoñen neste proxecto de lei.



E, ademais, este proxecto, señora conselleira —temos que dicirlllo claramente—, é o recoñecemento dun fracaso. Vostedes o que están recoñecendo implicitamente é que fixeron as cousas mal ou deixaron que os demais as fixeran mal, e a pesar dos investimentos multimillonarios dos que falan —porque falan de que investiron 1.100 millóns de euros ao longo destes 13 anos— a realidade, o que nos din os datos, é que a situación das rías é desastrosa; que temos máis de 270 verteduras contaminantes nas rías galegas, que deberían ser un gran maná produtivo.

Acaba de publicarse o informe —non sei se o viu— sobre a situación da Illa de Arousa o pasado venres. Señora conselleira, é realmente alarmante a perda de produtividade que estamos tendo nas rías galegas e, concretamente, na ría máis produtiva, que é a de Arousa, onde, segundo estes datos, se perden dez millóns de euros cada ano pola baixa produtividade. Isto ten que ver coa contaminación, fundamentalmente, e con outros factores tamén, pero coa contaminación. Estamos a falar da situación lamentable das depuradoras de Galiza, das de xestión municipal e tamén das que xestiona a Xunta de Galiza. Vostedes non queren falar desta cuestión, tamén das que xestiona a Xunta de Galiza. Estamos a falar da enorme desprotección dos humidais, que deberían ser obxecto de especial coidado e protección; diso que falamos cando falamos de protexer os recursos desde a súa orixe, as reservas naturais fluviais; todas estas cuestións son fundamentais.

Estamos a falar, señora conselleira, da súa incapacidade de xestión do propio orzamento da Xunta, de executar o orzamento. Só no ano 2018 vostedes deixaron de executar 25 millóns de euros dos 38 de Augas de Galicia. Isto é a constatación da mala capacidade, da incapacidade de xestión que teñen. Pero é que, ademais, vostedes foron incapaces de xestionar 115 millóns do Plan FEDER para investimentos en medio ambiente e en política hidráulica no período 2014-2020. 115 de 175 millóns que teñen sen executar e bótanlle a culpa aos demais, pero é responsabilidade súa, de Augas de Galicia, que dirixe vostede.

E, en definitiva, por iso temos as multas, efectivamente, os expedientes sancionadores da Unión Europea, porque vostedes incumpriron a obriga de cumprir a Directiva marco da auga, que no 2015 conseguira a boa calidade das augas das rías e dos ríos; e agora incumpriron tamén esa mesma previsión para o ano 2021, por iso temos as multas enriba. É a responsabilidade do Goberno galego, non é a responsabilidade principal dos concellos.

E, miren, ademais todo isto é a proba e a demostración da descoordinación e da división do Goberno galego, porque vostedes non se poñen de acordo. Augas de Galicia, que depende de Infraestruturas, non se pon de acordo con Medio Ambiente, non se pon de acordo con Medio Rural, andan en liorta permanente. E, ademais, todo isto é a proba e a manifestación, a proba clara de que son un partido dividido. Son un Goberno dividido e un partido dividido, canto máis vostedes se esforzan en falar da unidade máis lle teño que dicir aquilo de que... *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* «dime de que presumes e direiche do que careces» —grazas, Olaia—. *(Risos.) (Aplausos.)* Efectivamente, dime de que presumes e direiche de que careces. *(Aplausos.)*

Eu, realmente, conselleira, o que vexo é que os afiadores de coitelos teñen moito traballo con vostedes, e anden con coidado. Digo os afiadores de coitelos porque se falamos das gui-



lloas que están preparando en San Caetano iso daría moito de si de falar. E ao mellor moitos destes bancos azuis acaban colorados de vermello nos próximos días. En fin, ese é outro capítulo, unha peza separada, xa falaremos noutra ocasión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non o digo por vostede, que seguro que non lle afectan as guillotinas, pero algún está preparando o pescozo, ou algunha.

En fin, despois deste preámbulo quixera entrar en materia naquelas cuestións que me parecen fundamentais, na discrepancia en canto aos problemas que lle vemos a este proxecto de lei, que son fundamentalmente cinco cuestións: a primeira é que ten unha concepción xeral totalmente errada; a segunda é a falta de planificación; a terceira é que leva implícita unha suba absolutamente abusiva de impostos; a terceira é que propón unha política de extorsión e coacción aos concellos; e a última é a falta de diálogo e de participación.

Primeiro motivo de discrepancia. Responde a unha concepción xeral obsoleta, a pesar do nome pomposo e enganoso da lei: mellora da xestión do ciclo integral da auga. Aquí non hai nada de mellora da xestión integral do ciclo da auga, hai unha xestión absolutamente lineal da auga: captar, transportar, subministrar, depurar e verter e tirar ao mar, fundamentalmente. Esta é a concepción. Non é unha política de xestión integral, de xestión circular da auga, como a propón a nova cultura da auga, e despois falamos disto. Porque, claro, vostedes agora están tramitando outro macroproxecto de captación de auga, por exemplo, no río Verdugo e Oitavén, —vostedes con outras administracións—, que é un auténtico delirio. E se non díganos aquí que pensan desta cuestión. Si, si, si. Pois si, este ano tramítanos porque vostedes asinan un convenio para isto.

E ao mesmo tempo, por certo, plantexan un macrocentro comercial na área de Vigo, en Tameiga-Mos, ou plantexan o delirante megaproxecto industrial eólico na Serra do Suído para destrozarse ese gran colector hídrico que é O Suído.

E queremos deixarlle clara unha cousa: non imos permitir esta desfeita, esta barbarie, e non llo imos permitir, non o BNG, senón a xente destes concellos, que vai manifestarse, que vai pronunciarse, que vai poñerlles todos os paus nas rodas que fagan falta a estes proxectos destrutivos.

Segundo motivo de discrepancia: a falta de planificación. É que vostedes ocupan moito tempo en poñerlles deberes aos demais, pero non se poñen deberes nin cumpren os deberes de si mesmos. Porque vostedes teñen competencias que están na Lei de augas, teñen que facer o Plan xeral de saneamento, teñen que facer o Plan xeral de abastecemento, e non o fixeron. Estamos a estas alturas sen eles. E eses plans definen as obras de interese da Comunidade Autónoma de Galicia, que tamén son as do Plan hidrolóxico Galicia-Costa. Entón, non digan que non teñen competencias. Teñen competencias e vostedes encárganse de poñelo tamén nos papeis e poñelo nas leis e poñelo tamén nesta lei. E, polo tanto, cumbran as súas competencias.

Terceiro motivo de discrepancia: é unha norma cunha clara finalidade recadatoria, agocha unha forte suba de impostos no peor momento. Porque, claro, esta lei fíxose hai máis dun ano, pero agora estamos nun contexto de suba indiscriminada e abusiva de prezos, e voste-



des o que van facer con esta norma é subirlles os impostos ás empresas, sobre todo ás pequenas e medianas empresas, ás persoas, aos fogares, ás casas e tamén incrementar o gasto dos concellos. Esa é unha realidade. Pero, mire, non o dicimos nós, é que o di a memoria económica que teño aquí, o documento que vostedes fixeron na propia Augas de Galicia, que di claramente cal é a previsión de incremento de ingresos de Augas de Galicia. ¿E de onde veñen estes ingresos? Da suba das taxas, da suba fiscal.

O señor Feixóo anda agora presentando un plan de rebaixas fiscais, de rebaixas de impostos e ¿sabe o primeiro que fai na súa despedida do Goberno galego? Trasladar aquí un plan de suba fiscal, de suba de impostos, de suba do prezo da auga para os galegos e galegas. Esta é a realidade, pura contradición.

Miren, é que o di claramente este documento, o estudo económico. Dino vostedes: 28 depuradoras, 37 concellos. Son os que atenden estas 28 depuradoras, conteinos. ¿Sabe que previsión de ingresos hai, de suba de ingresos pola taxa de depuradoras? Pois vai pasar, concretamente, de 5,8 millóns que se recada actualmente por coeficiente de vertedura a 12,4 millóns; 6,6 millóns máis. E vostedes poñen, ademais, a previsión de incremento de ingresos por cada unha desas depuradoras. É dicir, que na de Pontevedra, na dos Praceres, van ingresar 1,6 millóns máis. ¿Quen vai pagar ese diñeiro? A *tocateja*, os cidadáns e as cidadás, tamén as familias do colexio de Barcelos que acaban de marchar; van ter que pagar esa suba de impostos que lles van impoñer vostedes con esa lei. 1,6 millóns ao ano máis que hai que repartir entre as empresas e a veciñanza de Pontevedra.

Pero podemos falar tamén de Gondomar, que vai incrementar o que ten que pagar 500.000 euros. Ribadeo máis de 300.000 euros máis. Dena, concellos de Meaño e Sanxenxo, máis de 338.000 euros máis. Ares, Cabana, Fene e Mugar dos, 565.000 euros máis. Melide, 237... Díganlle isto á xente claramente, que van ter que pagar todo este diñeiro que prevé ingresar de máis no primeiro ano xa coa aplicación desta lei Augas de Galicia. Polo tanto, non digan que non hai incremento fiscal.

Cuarto motivo de discrepancia: é unha lei de extorsión e coacción aos concellos. Porque, ademais, destes concellos a que me referín aquí, a estes 37 concellos, todos os demais van ter que aplicar nun período moi curto de tempo un plan de investimentos que os pode levar literalmente á bancarrota. Efectivamente, van ter que destinar gran parte deses fondos dos plans das deputacións, sobre todo os de menos de 20.000 habitantes, pero máis lle van ter que dedicar, unha gran parte, se teñen que cumprir esta lei, do seu propio capítulo VI, de investimentos, a cumprir as obrigas que lles poñen vostedes. Vostedes, que non cumpriron os seus deberes, agora queren facérllelas pagar todas xuntas aos concellos, sen ningunha previsión tampouco de planificación de investimentos, de financiamento a respecto das achegas de Augas de Galicia. Porque aquí falaban de financiamento por parte dos concellos... de ingresos por parte de Augas de Galicia, pero non din canto vai poñer en toda esa planificación que será necesaria Augas de Galicia. Por exemplo, no Pacto local da auga, que vostedes converteron xa en papel mollado, enterrárono literalmente... Non nos veña aquí falar do Pacto local da auga, anunciárono no 2013 e liquidárono despois de 2017, prevíase que dos 52 millóns de euros que recada Augas de Galicia polo canon da auga, 52 millóns de euros, que o 50 % cando menos se revertese en investimentos nos concellos onde se recada. E iso de-



sapareceu. Podía ser unha medida positiva que se podía introducir nun texto coma este, pero non queren, non queren falar diso.

Quinta cuestión e vou rematando: é un texto que é froito da imposición. Vostedes non quixeron chegar a un grande acordo de país, como ademais lle di claramente o CES. Vostede vén dicir aquí que presume do ditame do CES, pero o ditame do CES é realmente crítico e demoledor con este texto de lei. Téño aquí, pódolle relatar varios parágrafos, lerllos concretamente. O que di aquí é que hai que facer a planificación antes que a lei. É que é de caixón. Primeiro hai que facer unha planificación xeral, como prevé a Lei de augas, Plan xeral galego de abastecemento, Plan xeral galego de saneamento, que non fixeron, porque o Plan Auga non nos vale, está absolutamente desfasado; e o de saneamento estano facendo agora e prevén ter a diagnose a finais deste ano, a diagnose, a fase un. Entón, o que di o CES é que primeiro hai que facer a planificación xeral e despois, en todo caso, o demais. Como, por exemplo, unha lei, como, por exemplo, revisar as taxas. É dicir, ver que planificación hai que facer, que financiamento vai requirir iso, como se vai financiar e despois, en todo caso, as medidas lexislativas e normativas, ¿non? Pero vostedes fan as cousas ao revés, empezan a casa polo tellado e así nos vai.

En definitiva, señora conselleira, vostedes o que pretenden con esta norma é, en primeiro lugar, botarlles as culpas de todo aos concellos, de todos os males, e non asumir por parte de vostedes ningunha responsabilidade. En segundo lugar, impoñer, sobre todo, unha suba absolutamente abusiva de prezos da auga nun contexto que é o peor imaxinable, nun contexto como o que estamos. Ademais, cos concellos afogados, por exemplo, pola contratación de obra pública, que vostedes, por certo, non resolveron con aquela modificación da Lei de acompañamento. Falaremos diso nesa cuestión e tamén presentamos iniciativas ao respecto.

Polo tanto, están a tempo de devolver esta lei, de abrir un proceso para un gran acordo de país, para unha cuestión tan importante como é a auga para o futuro de Galiza, tanto para o consumo humano como para as actividades económicas, e rectificar. Porque vostedes cando rectifican acertan, señora conselleira.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Bará Torres.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda para o Partido Popular, grupo non emendante, para posicionarse respecto das emendas á totalidade presentadas.

Ten a palabra o señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Grazas, presidenta.

Señorías, moi bos días a todos e a todas.



O que é increíble é o que temos que escoitar ás veces nesta Cámara. Eu o que lles podería dicir é que parece que volvemos ao inicio, a hai moitos anos atrás, aos primeiros anos do Parlamento de Galicia. A aqueles anos nos que o BNG era un partido rancio, nos que o BNG era o partido do non, o partido que volve á orixe, o partido da navallada, que se opuña a todo e lle daba igual con tal de levar a contraria ao grupo que gobernaba; dáballe igual, dáballe igual porque máis importante era posicionarse en contra.

E volvemos a un Partido Socialista politicamente inútil. Que é capaz de dicir neste estrado —eu pensei que a emenda fora unha equivocación—, pero é capaz de dicir neste estrado unha cousa e a contraria en apenas 15 minutos, e aparece reflectido na propia emenda. Así lles vai, así lles vai.

Pero, lonxe de compartir os argumentos do Bloque e do Partido Socialista, eu veño aquí advertir dese sectarismo dogmático que levamos tempo sen ver e, sobre todo, nesta lei. Utilizando torticeiramente os argumentos. O peor é que o saben, pero utilízanos igual de maneira torticeira. Dicindo medias verdades ou incluso falsidades. Pero dálles igual, o caso é intentar confundir por parte dos grupos da oposición. Moi mal teñen que estar esas cousas para chegar ata esta situación.

Eu quero empezar, conselleira, dándolle grazas polo esforzo, pola valentía, porque non se arrugou vostede nin o seu equipo, non se esconde. Porque puxo propostas enriba da mesa diante dun problema. Iso si o podemos contrastar con outras formas de actuar do Goberno, por exemplo o Goberno do Estado.

Presentamos este proxecto, dicía o señor Bará, porque queremos subir os impostos. É curioso que o Bloque Nacionalista Galego se veña sumar nestes momentos de crise a que hai que reducir os impostos e os custos. Estamos de acordo, señor Bará. Estamos de acordo, collémoslle a palabra. Collémoslle a palabra e despois falamos.

Pero, mire, presentamos este proxecto porque levamos moitos anos traballando, coñecemos a situación real dos concellos. Vostedes tamén, pero aquí son incapaces de recoñecelo. Todos os que tivemos responsabilidades nos concellos, como alcalde, por pouco tempo que fose, como deputados en calquera sitio, sabemos e coñecemos cal é a situación real dos concellos no abastecemento, no saneamento e na depuración. Somos conscientes das limitacións técnicas e económicas. Pero poderíamos facer unha cousa, mirar para outro lado, porque a competencia non é nosa, a competencia non é nosa e parece mentira que unha exdirectora xeral de Administración Local veña intentar confundir e non saiba que o que di o Estatuto de autonomía son outro tipo de obras, obras da conca hidráulica, pero non obras públicas dun concello en abastecemento. ¿Pero vostede como é capaz de dicir e de manter iso aquí? ¿Pero non se poñen nunca colorados? As competencias son dos concellos, son dos concellos. Pódollo ler, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local, artigo 26.1.a): «En todos os concellos: alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado».

E, por certo, no 26.2.b) di: «Nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes será a deputación provincial». Vén moi acaído despois do punto anterior que debatemos. Porque,



claro, cando eu tiven a posibilidade de estar na Deputación, o grao de execución da Deputación —e vostede sábeo porque compartiu esa experiencia comigo— era do oitenta e pico por cento. Agora que o seu xefe está na Deputación, e leva 7 anos, o grao de execución é do 40 %, o grao de execución é do 40 %. Pagan 900.000 euros de intereses anuais por ter todos os millóns que están no banco en contas correntes. (*Aplausos.*) Iso vostede sabe que non existía cando vostede e mais eu coincidimos na Deputación. Sen embargo, agora creo que vén bastante acaído este artigo e as competencias da Deputación.

Pero, en definitiva, nós fomos proactivos, buscamos solucións, fixemos un marco normativo, un modelo para garantir a calidade dos servizos, a eficiencia na explotación, señor Bará.

¿Que pode ser máis eficiente? Primeiro, coñecer cal é a situación real da rede. Pero non se debe sorprender, o seu voceiro en Vigo pedía este mesmo mes que había que facer unha auditoría da situación do concello de Vigo, que non podía ser, e isto é para os señores do Partido Socialista, que dicían na súa crítica que non se tiña en conta o consumo responsable. E di o BNG de Vigo que non pode ser que se baldeen as rúas todos os días con auga potable. Estamos de acordo. Iso é ter en conta o cambio climático, señora voceira do Grupo Socialista, iso que é a cidade que máis capacidade ten para levar a cabo investimentos, porque é a de máis tamaño e a de máis orzamento. Pero aí si que se demostra ese dobre criterio que ten o Partido Socialista cando vén aquí a esta tribuna e di unha cousa e di a contraria.

En definitiva, nós coñecemos a realidade galega. Van investidos máis de 1.100 millóns de euros dende o ano 2009, e os concellos saben que hai un sistema de perdas que pode chegar ata o 40 %. Iso é o primeiro que hai que facer e o que di a lei, primeiro temos que saber que é o que falla do sistema que temos.

Di vostede que se lles poñen unhas obrigas aos concellos para facer investimentos, ¡home, non! É que as teñen que facer por lei, señor Bará. E o que temos que facer é, primeiro, saber cal é o estado das redes. Segundo, planificar os investimentos, planificalos, e, dende logo, a Xunta de Galicia vai estar ao lado dos concellos para levalos a cabo. Pero hai que planificalas, ¿ou vostede quere empezar a casa polo tellado? Haberá que empezar a facer e a ter unha rede con coñecemento. E nisto, señor Bará, están de acordo todos os alcaldes do Bloque Nacionalista Galego. Tamén o pensan os do Partido Socialista, tamén o pensan e do Partido Popular, tamén o pensan. Teñen unha dúbida e é necesario recoñecela, ¿como imos financiar todos eses investimentos que sabemos que son necesarios? Pois aí poderemos falar. Aí poderemos sentarnos e ver como axudamos os concellos a levalos a cabo. Porque o que teñen medo é poñer as necesidades nun papel e despois non ser capaces de cumprilas. E eu enténdoo, e a min gustaríame que os grupos da oposición tamén foran sinceros, que dixeran o que lles din, que dixeran o que lles trasladan os seus alcaldes e chegásemos a acordo acerca diso. Pero, en vez de recoñecer este punto, o que fan é denigrar toda a lei, inventarse mentiras, e inventarse medias verdades.

Bueno, pois vostedes saberán por que o fan.

Dicía a voceira do Partido Socialista que era competencia dos concellos. Xa llo dixen, a Lei reguladora de bases de réxime local é clara, de verdade que é clara. Non sei se lle hai que



deixar a presidencia ou deixar a quen queira, pero, ¡home!, vostede non debería de dubidar desta maneira.

Dicía, ademais, que o segundo que era de formas predeterminadas. ¡Ah! Claro, no primeiro punto vostede di que é competencia da Comunidade Autónoma, e no segundo punto di vostede que ataca a autonomía local, ¿en que quedamos? Ou é competencia da Comunidade Autónoma ou se ataca a autonomía local, pero non se poden dicir as dúas cousas na mesma carilla dunha emenda, non se poden dicir as dúas cousas na mesma carilla. (*Aplausos.*) Señora Rumbo, non se pode facer iso, de verdade, dicir unha cousa e a contraria en apenas sete renglóns dunha mesma folla. De verdade que é increíble, pero ese é o traballo que vostedes fixeron acerca desta lei.

Dicía vostede que os concellos se fagan cargo de dous terzos porque a Deputación se ten que facer cargo dun terzo, os concellos que busquen a maneira de facerse cargo, que poñían en perigo incluso os investimentos que tiñan que facer os concellos. Aí podemos falar. De feito, aceptouse algunha emenda das deputacións, pero vólvolle poñer o exemplo claro da Deputación da Coruña, que a que coñezo, permítame que lle poña esta porque é a que coñezo. Non a coñezo, eu coñezo a da Coruña, onde vostede votou o 98,5 % dos puntos que levamos a pleno, favorablemente comigo, esa é a que coñezo, señora Rumbo, o 98,5.

Pero, mire, ¿non é necesario que as deputacións entren a financiar as obras dos concellos de menos de 20.000 habitantes? Claro que é necesario e ademais establéceo a lei, ¿por que vostedes miran para outro lado? ¿Por que vostedes miran para outro lado con tantas ganas e ademais mentindo tantas veces?

Dicía o señor Bará que estaban de acordo en que a auga era un ben escaso e un ben esencial, e había diferenzas profundas, dun goberno interino, que ía haber navalladas, non sei que... eu non vou entrar. (*Risos.*) Non, mire, nós temos un congreso ao que os invitamos a vir, o próximo maio, pero pódolle asegurar que non chegamos ao escándalo que foi en Amio, que acabaron a patadas, que acabaron a golpes, que acabaron na comisaría. (*Aplausos.*) ¡Asegurado!, estean vostedes tranquilos. ¡tranquilos! ¡tranquilos! Non vai pasar nada. Non vai pasar nada, estean vostedes tranquilos.

Pero di vostede e empezaba a contextualizar unha serie de cousas, como que non tiñan en conta o cambio climático. Cando falamos de ter en conta e de facer esa auditoría nos servizos municipais, ¡claro que temos en conta esa redución ou intentar acabar con esas perdas, que poden chegar ao 40 % das redes de moitos dos concellos! ¡Claro que o temos en conta!

E unha cousa importante, perdón, vostede utilizou gran parte do tempo en dicir que con esta norma se ían subir os prezos. É rotundamente falso. Dá igual as veces que o diga, dá igual os sitios no que o diga, é rotundamente falso. Non se van introducir novas taxas, nunca, vanse reordenar naqueles casos en que os concellos queiran entrar neste modo de xestión, pero non se van producir novas taxas.

Pero, mire,... déixemo a ver se o atopo e non me perdo aquí, porque teño algún dato que é importante para vostede. Dicía que era increíble que o Partido Popular, nestes momen-



tos de crise económica, subira os prezos, que non se podía facer. Supoño que a correlación é que hai que baixar os impostos, espero o seu voto afirmativo nestas situacións, porque se non se poden subir as taxas é que hai que reducir os impostos. Pero imos ver onde goberna o Bloque Nacionalista Galego que é o que ocorre. Pois ben, en Rianxo soben a tarifa, levan unha ordenanza dende o ano 1998 cun fixo de 30 metros cúbicos, o cal isto co cambio climático incentivar o aforro non ten nada que ver. Pero aí non pasa nada, porque en Rianxo gobernan dende hai tempo e non lle preocupan estas cousas, só preocupan noutros sitios. En Tomiño subiu o abastecemento o 26,64 %, en cinco anos, ¡carai!, 26,64 % en cinco anos, e mantén fixa o alcantarillado. Pero en Tomiño non pasa nada, que é do Bloque, iso non conta, onde gobernan eles poden facer o queiran. Pero, ¿e Carballo, do que presumen? E hai algún representante por aquí tamén, ¿que pasa en Carballo? Pois en Carballo reorganizaron a factura, cambiaron todos os concepto e tal, pero ao final ¿como quedou o que se paga por parte dun veciño? Pois é unha subida dun 9,2 % no ano 2020. ¿Que ten que dicir o Bloque Nacionalista Galego aos alcaldes que soben as taxas, que soben os impostos, e que fan que os seus veciños paguen máis nesta situación, señor Bará? ¿Vostede fala con eles? ¿Vostede aí vai e dilles o mesmo que di cando chega aquí? ¿Ou vostede alí escóndense, e din o que din en cada sitio? Eu máis ben creo que din o que lles convén en cada sitio, que son capaces de dicir unha cousa e a contraria con tal de que haxa follón e con tal de ter unha pancarta, que é onde vostedes están a gusto, detrás da pancarta, e van seguir aí moitos anos, señor Bará, van seguir aí moitos anos.

Dicía vostede que é unha confección cerrada, que é mentira, que non existe planificación. ¡Oia! ¡Pero se en Galicia hai un montón de leis acerca da auga e hai un plan de abastecemento, e un plan hidrolóxico da costa, que xa rematou o primeiro e está a piques de ver a luz o segundo! ¿Como que non hai planificación? A planificación está, e o coñecemento por parte dos técnicos de todo o territorio galego e da situación dos concellos tamén, porque levan moitos anos traballando man a man cos concellos. (*Aplausos.*) Levan moitos anos traballando man a man cos concellos, e non hai nada de extorsión aos concellos, como dicía vostede. Teñen que levar a cabo un plan de investimentos, ¡claro! Porque o ten a lei e é o que lle dicía antes, a lei xa o contemplaba antes de que vostede e mais eu seguramente nos dedicásemos á política. O que teñen que facer é esa auditoría e planificar os investimentos futuros, e falaremos de como se financian os investimentos futuros, pero é fundamental ter esa planificación, porque se non se ten non temos nada.

Por certo, a Xunta no ano 2019 e no ano 2020 subvencionou as auditorías por parte de moitos concellos, algúns do Bloque e do Partido socialista, que están interesados de verdade en solucionar os problemas, non en debates estériles, manipulados, neste Parlamento por parte dalgún grupo político.

Dicía vostede que non existe acordo de país porque foi imposto. Mire, nunca unha lei estivo ou tivo tantas reunións con distintos colectivos coma esta, ¡nunca! ¡Home!, dende logo, a Lei de mobilidade do Goberno de España, que quere poñer peaxe nas autovías gratuítas ou quere condenar o ferrocarril en todos os territorios das comunidades autónomas, iso, dende logo, non tivo nada que ver con esta, señora Rumbo, nada. (*Aplausos.*) nada. Traerémola e teremos tempo para falar.



Claro que se expuxo publicamente todo o que tiña que haber, someteuse ao proceso de alegacións, houbo dous prazos, un pedido pola Fegamp, e ampliouse novamente. E na tramitación parlamentaria, como todas, fixéronse reunións coa Fegamp, cos técnicos de distintos partidos políticos, fixéronse reunións con todo o mundo, e fixeron moitas alegacións, algunhas aceptáronse, outras non, e agora comeza a tramitación parlamentaria, onde vostedes veñen rebentar calquera debate e intentar que non haxa ese debate.

E remato, presidenta. Había outra crítica que non quero deixar pasar. Non a quero deixar pasar porque é inxusta, porque é mentira. Decía a voceira do Partido Socialista que se inviste todo nos concellos de cor popular. Non é certo, e cando lle dicían de Vigo e os millóns de euros que se levan investido, é un máis, é que Vigo leva tantos cartos como 50 concellos máis...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Remate, señor Calvo.

O señor CALVO POUZO: Xa remato.

PSOE: Vilagarcía, 33 millóns; Viveiro, 8 millóns; Foz, 12 millóns; Vigo, 10 millóns. No BNG: Rianxo, 14; Pontevedra, 10, 12 para o novo emisario e 30 para o saneamento integral; Bueu, a depuradora cun funcionamento deficiente, por certo, goberna o Bloque e pagan os veciños as multas, señor Bará, por iso a vostedes lles importa pouco e por iso non queren xestionar a de Pontevedra. Tomiño, Poio, todas.

Eu remato, eu pediríalles, de verdade, aos voceiros dos grupos parlamentarios que pensaran por un momento no que necesitan os concellos de Galicia. Que falen cos alcaldes,...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Calvo.

O señor CALVO POUZO: ... —xa remato, presidenta— que falen cos alcaldes e que fagan propostas en serio. Que, en vez de vir aquí contar medias verdades, nos propoñamos ser útiles a Galicia, e non utilizar o escano para facer ruído.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Calvo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Quenda de réplica para os grupos que presentaron emenda á totalidade. Polo Partido Socialista ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Eu, como resumo, vou insistir en que a auga é un ben esencial para a cidadanía e para actividade económica. Un ben no que se debe avanzar no consumo responsable e dunha xestión eficaz e eficiente, para o que é necesario, señora conselleira, que todas as administracións



se impliquen para garantir a súa subministración, cun tratamento seguro, previsible e de calidade, e con infraestruturas axeitadas para almacenar, potabilizar, distribuír e depurar cunha correcta explotación e mantemento.

Polo que a obriga é a todas as administracións, tamén a Xunta de Galicia, en colaboración, con diálogo, sen imposicións unilaterais coas que se pretende condicionar a acción do goberno dos concellos e das deputacións.

Volva este proxecto ao inicio, pacte cos concellos, e, por favor, señor Diego Calvo, non volva dicir aquí que os concellos non fan propostas en serio. Paréceme un insulto á soberanía deses propios concellos.

Pacte coas deputacións. Mire, ter reunións cos concellos, coas deputacións e con todo o que vostede expuxeron aquí non quere dicir chegar a acordos, ter reunións é un trámite, chegar a acordos é algo bastante diferente, iso é un paso previo, pero hai que acordar cousas, non como fai vostede: fai reunións para despois poñer unilateralmente o que vostede e a súa consellería consideran.

Elabore un plan estratéxico de desenvolvemento que contemple as obras necesarias, a peiodificación desas obras necesarias, o financiamento e o estudo das taxas e a súa repercusión na cidadanía.

E, mire, señora conselleira, no caso do financiamento e tal e como vostedes apuntan mesmo na documentación que presentan neste proxecto de lei, poden optar a fondos europeos. Elaboren proxectos para optar a estes fondos, que son fundamentais para o bo desenvolvemento do noso país, opten a eles e xestionen, traballen e déixense de estar criticando continuamente o Goberno do Estado, traballen, presenten proxectos, que será en ben de toda a cidadanía galega.

Mire, señor Calvo, non lle vou consentir que veña vostede aquí tratarnos de mentireiros. Eu comprendo que vostede estea rabioso porque parece que en Galicia vostede non ten tanto poder como pensaba e dentro do seu partido non lle saíron as cousas como a vostede lle gustaría. Pero, mire, como nós, os socialistas, nunca mentimos e sempre vimos avalados con documentación (*Murmurios.*) (*Risos.*)... ríanse todo o que queiran, ríanse todo o que queiran. Pois, mire, voulle deixar aquí á presidenta a sentenza que obriga a Xunta de Galicia a pagar unha multa á Unión Europea de catro millóns de euros. Señora presidenta, por favor. (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle uns folios á señora presidenta.*) Unha noticia que di exactamente o mesmo. (*A señora Rodríguez Rumbo amosa un folio que logo entrega á señora presidenta.*) Tamén lle vou deixar o cadro no que se reflicte a repartición que fai Augas de Galicia desde 2017 a 2021 dos convenios de colaboración cos concellos, con aqueles concellos que goberna o Partido Popular, que levan o 70 %; un 23 % do PSdeG; un 1 % do BNG e un 5 % dos outros. Si, señora conselleira, e traerei despois outro cadro. (*Aplausos.*) Tamén llo deixo aquí. (*A señora Rodríguez Rumbo amosa un gráfico que logo entrega á señora presidenta.*)

E, mire, xa por último, voulle deixar tamén, porque o señor Calvo tamén di que mentimos, un informe de sostibilidade financeira que, ata onde eu sei —Consellería de Facenda e Ad-



ministración Pública, Xacobeo 2021-2022— foi presentado o 11 de marzo de 2022. E, polo tanto, é un informe que vostedes presentan. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa uns folios.)*

E, mire, di literalmente: «polo que a estimación do incremento dos ingresos relacionados con estes servizos —estou falando de saneamento, abastecemento e depuración— no primeiro exercicio de vixencia da nova norma é de 14.224.032 euros». Este é o seu informe, o que vostedes presentan, señora conselleira. Polo tanto, eu non minto, nós vimos aquí con datos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non me vai facer calar, non me vai facer calar, evidentemente non.

E, mire, vuelle recordar, señor Calvo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non está vostede no uso da palabra, ¿está moi enfadado? , ¿ten medo pola guillotina? Pois, bueno, siga co medo. *(Aplausos.)*

Vuelle recordar, vuelle recordar, señor Calvo, xa que vostede vén falar aquí de Administración local *(Murmurios.)* e xa o dixen na miña primeira exposición, pero vullou recordar, que o artigo 5...

A señora PRESIDENTA: A ver, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... da Lei reguladora de bases de réxime local establece que a dotación ... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Por favor, señores deputados e deputadas, un pouquiño de silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins.

Mire, señor Calvo, nós non vimos aquí rebentar ningún debate, nós vimos debater, lexitimamente, en representación dos homes e das mulleres que nos votaron, e vimos dar voz deses homes e desas mulleres neste Parlamento de Galicia. E nin vostede nin a conselleira nos van calar. E cando queira facemos un debate monográfico sobre o que é a execución orzamentaria das deputacións e, entón, teremos ao mellor algún matiz que vostede non emprega porque non lle convén.

Pola miña banda nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Pausa.) Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda do outro grupo emendante, o Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Diego Calvo, falou vostede aquí de navalladas. Creo que vostede non é o máis indicado para falar de navallas e navalladas; a min cónstame que os pe-



didos en Taramundi aumentaron nas últimas semanas, non sei se son do Partido Popular da Coruña ou do de Ourense, pero, en fin, que o mercado está disparado. (Aplausos.)

Eu alégrome, de verdade, que veñan a Pontevedra facer o seu congreso. Isto, como dicía o outro día o señor Domínguez, vai ser un revulsivo para a economía local, sabemos que vostedes son bos consumidores e consumidoras do comercio da hostalaría local, pero o que espero é que a auga non chegue ao río, ou, perdón, o sangue non chegue ao río. O río Lérez é un río limpo, saneado, grazas á política do Goberno municipal. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Grazas aos investimentos de fondos Feder, que si, neste caso, si que fixo o Concello, que, ademais, é un concello modélico en canto á xestión do abastecemento de auga, con perdas que se reduciron ao 3,6 % na rede de distribución. Perdas do 3,6 %, 12,5 % do total da auga captada, este é un espello onde mirarse, Pontevedra, por se queren telo en conta. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, se van por alí eses días podemos quedar para falar destas cousas.

Claro, é que vostedes están propoñendo nesta lei para 2023 reducir as perdas ao 20 %, e Pontevedra está no 3,6 %. Pero é que ademais son,... dígolles a vostedes que son unha pura contradición, que se descoordinan. A estratexia de economía circular prevé ese obxectivo para 2030. A Consellería de Medio Ambiente prevé ese obxectivo para 2030 na estratexia de economía circular e Augas de Galicia prevé, mediante esta lei, e, polo tanto, a Xunta, para 2023, e despois leña, multas. Entón, póñanse de acordo, só lles pedimos iso.

Miren, o das competencias,... e que vostede, ¿que pasa? ¿Queren pedir aquí o incumprimento da Lei de augas? É que a Lei de augas di claramente —artigo 26— «competencia da Administración hidráulica da Comunidade Autónoma». A Administración hidráulica, Augas de Galicia, que ten competencias, entre nós, para facer a planificación.

Os plans xerais, o plan xeral de saneamento está sen facer, esa é a cimentación da casa, sen iso non pode haber o demais, e vostedes non o fixeron dende o ano 2010. Iso é responsabilidade do Goberno da Xunta do Partido Popular, e non lle boten as culpas a ninguén porque é responsabilidade súa.

Con respecto á cuestión do financiamento, ¡claro!, facer este plan xeral é fundamental para definir o financiamento necesario, e como se vai abordar, en que prazos tamén, e non afogar os concellos neste contexto adverso, con grande cantidade de obras. Ademais, nun prazo de tempo moi curto, porque vostedes non só din que teñen que facer estas actuacións, ata nove programas distintos que teñen que facer os concellos, senón que o teñen que facer nun prazo moi limitado de tempo. Iso é unha extorsión e unha coacción e unha asfixia das arcas municipais. E vai dar lugar, esta lei, a unha grande conflitividade na súa aplicación coas entidades locais, e tamén, polas aglomeracións urbanas, coas deputacións.

E non falamos aquí doutro capítulo á parte que merecería un tratamento específico, que son as comunidades, as traídas veciñais, que van tamén abanear coa cantidade de investimentos que teñen que facer como consecuencia desta lei. Porque vostedes falan, no artigo 1, dun desenvolvemento regulamentario das traídas de augas, pero xa lles van aplicar a subas fiscais que están previstas, efectivamente, subas fiscais que están previstas. Efectivamente,



subas fiscais que están previstas e que están branco e en botella, auga. Pois están aquí, vos-
tedes din aquí que van incrementar os ingresos de Augas de Galicia, ¿de onde vai saír isto?
E despois din un por un de onde van saír estes cartos, concello por concello.

Polo tanto, vánllelo facer pagar ás empresas e ás persoas deses concellos. No caso da taxa
de vertedura, 6,6 millóns de euros máis que van pagar as empresas e a veciñanza deses 37
concellos. E deilles as cantidades que prevén vostedes de cada un dos concellos, ¿ou que?,
¿quen vai pagar isto? É a realidade.

Mire, xa para rematar, está claro que vostedes tiraron para diante, non quixeron negociar,
non quixeron chegar a un acordo de país para escoitar a todas as partes, como lle dixo con-
cretamente, por certo, o CES, dixéronlle que este asunto debía ser obxecto dun gran acordo
coa participación de todas as institucións, de todas as entidades.

Falan vostedes de ciclo integral da auga, e nós o único ciclo que vemos é o final do ciclo do
Partido Popular. Estamos nun epílogo, vostedes son uns epígonos, e ábrese un período de...
si, levante a man, está pedindo permiso o señor Diego Calvo para sentarse nos bancos azuis...
(*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entramos, ademais, como se está
vendo xa, nun período de inestabilidade, con guerras internas polo poder, un período de de-
cadencia e declive que se suma a este fracaso de 13 anos na xestión do ciclo da auga. Pero
non se preocupen porque aquí está o BNG (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cun
proxecto alternativo (*Aplausos.*), cun proxecto de futuro, cun proxecto para pensar o país en
grande, para pensar tamén a xestión da auga en grande. Queden tranquilos porque o BNG
vai saber estar á altura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas. Grazas, señor Bará.

¿Quere facer uso, señora conselleira, da quenda de palabra? Non.

Procedemos, polo tanto, á votación das emendas á totalidade de devolución presentadas a
este proxecto de lei de mellora integral do ciclo da auga. Comezamos pola emenda presen-
tada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. dos Socialistas de Galicia, do proxecto de lei
de mellora do ciclo da auga.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32 ; votos en contra, 39

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Procedemos agora a votar a emenda á totalidade pre-
sentada polo Bloque Nacionalista Galego



Votación da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, do proxecto de lei de mellora do ciclo da auga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a emenda de devolución.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Rexeitadas as emendas á totalidade a este proxecto de lei, continúa o mesmo o seu trámite parlamentario.

Pasamos agora ao punto 3, comparencias.

Comparencia do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición propia, para informar sobre a Estratexia de Especialización Intelixente —RIS3— de Galicia ata 2027

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten a palabra o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Señora presidenta.

Señoras e señores deputados. Bo día a todos e a todas.

Comparezo hoxe nesta cámara para expoñerlles as liñas xerais da Estratexia de especialización intelixente, RIS3, ata o ano 2027, un documento clave no futuro desenvolvemento da Galicia innovadora e que xa foi remitido á comisión europea para a súa aprobación logo de ser debatido co todo o ecosistema de I+D+i galego.

Como saben, é o marco de referencia no que se articularán todos os instrumentos autonómicos de apoio á I+D+i durante os próximos cinco anos, igual que coa anterior planificación, que a Xunta de Galicia elaborou para o período 2014-2020 e que tamén presentamos neste Parlamento.

¿Por que é importante esta estratexia? Simplemente porque nos estamos dotando dunha folla de ruta que identifica plenamente onde están as prioridades e os obxectivos das políticas de innovación en Galicia de cara á vindeira década, nun momento en que non caben improvisacións. E, sobre todo, porque é a nosa credencial ante Europa para acceder aos fondos comunitarios. Por iso proseguimos, señorías, na tarefa de identificar, da man de todo o sistema galego de I+D+i, as áreas de especialización tecnolóxicas e de coñecemento que permitan xerar actividades cada vez máis competitivas e xeradoras de riqueza, emprego e benestar.

Nesta estratexia estase definindo a Galicia do futuro, unha Galicia máis moderna, máis dixital e máis talentosa; en definitiva, unha Galicia que busca novas oportunidades para seguir crescendo.



Pero, a diferenza con respecto ao anterior marco 2014–2020, esta nova estratexia que hoxe traemos a esta Cámara crece tanto en obxectivos como en recursos, non só polo convencemento da importancia da política de innovación, senón tamén polas propias exixencias do contexto de transformacións económicas e sociais que estamos vivindo. Unha nova estratexia que nos aprema a facer unha firme aposta pola I+D+i, conxugando a iniciativa pública e privada coas capacidades de todo o noso ecosistema de innovación e de investigación.

A nova RIS3 ponse en marcha nun escenario marcado polas prioridades europeas, que son tamén as prioridades de Galicia. Dúas, en concreto, que me gustaría destacar: o Pacto verde europeo e a Estratexia dixital europea, coa que a estratexia galega está plenamente aliñada. Mais tamén nun momento en que Europa e España, en particular, atravesan un complexo escenario económico, agravado pola guerra de Ucraína, aumentando a urxencia por completar a transición enerxética e dixital. Son desafíos importantes, son desafíos maiúsculos, e iso require redobrar esforzos —como dicía— aliñando as prioridades e os obxectivos entre o sector público e a iniciativa privada, incluíndo todos os axentes do sistema galego de I+D+i, tal e como estamos facendo.

Unha das principais novidades desta estratexia vai estar, polo tanto, no incremento de fondos públicos que se van dedicar en Galicia a investigación, desenvolvemento e innovación de cara aos vindeiros anos. En concreto, a nova estratexia intelixente RIS3 prevé un investimento público–privado de preto de 5.000 millóns de euros, en concreto, 4.988 millóns de euros de investimento público–privado, dos cales 2.987 millóns de euros proveñen de fondos públicos, é dicir, 6 de cada 10 euros. Isto supón, señorías, un 157 % máis de fondos que no marco orzamentario anterior 2014–2020, no que se acadou un investimento superior aos 1.900 millóns de euros, para, precisamente, abordar os grandes retos que temos por diante, como son a dobre transformación ecolóxica e dixital. Un incremento orzamentario máis que xustificable porque en Galicia somos conscientes do poder transformador que ten a ciencia e a tecnoloxía.

Con esta perspectiva, outra das novidades son as prioridades de traballo que se identificaron no proceso participativo aberto co sector. Estas tres prioridades vanse centrar na sustentabilidade como eixo diferenciador respecto ás políticas de I+D+i de etapas anteriores; na dixitalización como elemento facilitador para a transformación económica e social de Galicia; e nas persoas, a través dunha investigación e innovación orientada a abordar os retos da sociedade galega. Pretendemos que Galicia sexa un campo de probas onde aplicar novas solucións científico–tecnolóxicas para necesidades que teñen que ver, por exemplo, coa evolución demográfica e o envellecemento activo, a saúde, a alimentación, o despoboamento ou a cohesión territorial.

Por outro lado, a nova Estratexia de especialización intelixente tamén terá como cometido o fortalecemento do ecosistema galego de I+D+i, para que funcione dunha forma máis integrada, buscando e dándolle valor á investigación excelente que se fai en Galicia, achegando os centros de coñecemento ás empresas, captando e retendo máis talento, prestando especial atención á perspectiva de xénero para favorecer a igualdade de oportunidades da muller ao campo da investigación e a innovación, e posicionando tamén Galicia como un referente a nivel estatal e europeo.



Señorías, as tendencias a nivel europeo amosan que os campos científico-tecnolóxicos que están concentrando maiores esforzos en I+D+i son os que teñen que ver cunha especialización na enerxía e nas TIC. Ademais, tamén son destacables os avances aplicados á industria e os relacionados coa saúde. Todos estes ámbitos coinciden co perfil de especialización polo que está optando Galicia tanto na anterior RIS3 como na actual que hoxe estamos presentando a esta Cámara. Unha Galicia que se especializa, por exemplo, na modernización tecnolóxica dos seus sectores tradicionais, no desenvolvemento de solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor e na sustentabilidade dos recursos naturais e patrimoniais. E en produtos e servizos para a vida saudable, que poden converter Galicia nun referente no sur de Europa por aplicar a I+D+i a ámbitos como o envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños, e tamén na nutrición funcional.

Hai, polo tanto, señorías, unha visión: acadar unha Galicia sustentable e dixital; e hai unha misión: aunar todos os activos e capacidades do sistema galego de I+D+i. E as dúas, a visión e a misión, están unidas polo motor desta estratexia que son as persoas.

Como xa lles adiantei, teño que dicir ao respecto que para a elaboración desta estratexia —igual que fixemos coa anterior RIS3— foi clave a colaboración de todos os axentes que conforman o ecosistema de investigación e de innovación en Galicia. Desde aquí quero reiterar o noso agradecemento, porque neste caso o traballo individual de cada axente non suma senón que multiplica. Refírome a un total de 800 participantes, entre elas, 500 empresas galegas que colaboraron, xunto cos centros de coñecemento tecnolóxicos de Galicia e todas as persoas en xeral que formaron parte das 27 mesas de traballo convocadas e que responderon ás 175 entrevistas realizadas. Buscamos en todo momento un clima de diálogo con todo o sector, que atendeu a nosa chamada e participou activamente nos dous foros que convocamos durante o proceso de elaboración deste documento. Igual que temos que agradecer as achegas feitas tamén polo Consello Económico e Social de Galicia, onde tivemos ocasión de presentar o mesmo.

Pero se hai unha calidade diferencial desta estratexia de especialización intelixente con respecto á anterior, no que se refire ao proceso participativo, é que tamén recolleamos 300 achegas a través de diferentes encontros divulgativos que realizamos a pé de rúa para incorporar as impresións da cidadanía. Unha cidadanía quizais máis consciente tras a pandemia do papel que ten a I+D+i no seu día a día.

Señorías, se mo permiten, falamos dunha multiestratexia, porque en realidade estamos ante unha estratexia multinivel, porque está interconectada e debe ser coherente coas prioridades e as estratexias estatais e europeas, fundamentalmente a Estratexia de especialización intelixente do Estado. Unha estratexia multifondo porque bebe de recursos públicos autonómicos, estatais e europeos que se complementan, aos que é fundamental seguir sumando o compromiso do sector privado. E tamén multicompetencial, porque é transversal aos diferentes sectores e tamén aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

Como saben, por este motivo constituímos unha comisión interdepartamental de I+D+i, onde se poñen en común e se planifican todas as políticas de I+D+i que se están desenvol-



vendo por parte da Xunta de Galicia. Leva máis dun ano en activo e xa se convocaron 18 reunións de traballo. Esta é unha das novidades que achega este novo documento, porque por primeira vez a política de I+D+i ten carácter transversal para o conxunto dos departamentos da Xunta de Galicia. Saben que son cinco as consellerías que desenvolven directamente a política de I+D: Sanidade, Educación, Mar, Medio Rural e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. E as restantes van executar neste período algún tipo de actuación en materia de innovación, tendo en conta que é un elemento fundamental na prestación de servizos públicos máis eficientes. Neste contexto o papel desta comisión interdepartamental vai ser clave á hora de garantir a coordinación de todos os departamentos da Administración autonómica e asegurar desta forma a execución de todas as actuacións, o seguimento e a avaliación do impacto das políticas de I+D+i; é dicir, para asegurar en todo momento a coherencia e a eficiencia.

A nova Estratexia de especialización intelixente está, pois, concibida como unha estratexia transversal e integradora para fortalecer e complementar as cadeas de valor dos nosos sectores estratéxicos e impulsar a súa circularidade. Todo iso cunha importante compoñente de hibridación de coñecementos, tecnoloxías e *expertise*.

Os obxectivos, polo tanto, están claros e trátase de avanzar cara a un modelo económico cada vez máis baseado no coñecemento e na innovación para garantir desta forma a competitividade do noso tecido produtivo, producindo con maior valor engadido, e tamén garantir o maior benestar das persoas. Para iso hai que chegar a todo o tecido produtivo co fin de promover a aliñación da I+D+i feita en Galicia coas necesidades do mercado e das nosas empresas, incrementar o número de empresas innovadoras e a súa colaboración con centros de coñecemento, completar as cadeas de valor e atraer finalmente investimento público-privado que complemente os recursos de Galicia.

Neste contexto, señorías, gustaríame destacar a importancia que ten a colaboración público-privada, porque, como se puxo de manifesto durante o proceso de diálogo co sector, o peso dos obxectivos recollidos na RIS3 non pode depender exclusivamente dos recursos que proveñan da Administración pública, non ocorre en ningún lugar do mundo. Son necesarios os recursos privados que desde as empresas e outras organizacións privadas en Galicia se dedican á I+D e á innovación. Por iso, o noso chamamento e o compromiso do sector privado en torno ao I+D+i en Galicia, posto que é un dos nosos grandes retos a seguir profundando.

Do mesmo xeito que tamén cremos que é imprescindible escalar os diferentes instrumentos de acceso ao financiamento no eido autonómico, estatal e europeo. A Xunta ten que priorizar non só no relativo á especialización intelixente, senón no que atinxe tamén aos obxectivos e aos colectivos. E nesta etapa imos traballar para retornar a Galicia máis fondos europeos e estatais. O obxectivo é que aqueles axentes que poidan competir en España e en Europa accedan a ese financiamento. E que a Administración autonómica se centre en dar prioridade ás pequenas e medianas empresas, axudándoas a gañar tamaño e competitividade tamén a través da I+D+i. Todos os nosos esforzos deben de ir dirixidos sobre todo a romper o teito de cristal para as pequenas e medianas empresas en sectores tradicionais afastados aínda da I+D+i. É sementar hoxe para recoller mañá.



O tecido económico e o sistema de I+D+i deben traballar perfectamente conectados, facendo efectivo un elemento fundamental dentro da política da innovación como é a transferencia de coñecemento. Temos que sistematizar o actual grao de colaboración, que xa de por si é alto, entre empresas e centros de coñecemento dos sistemas de I+D+i, porque é precisamente unha das nosas fortalezas, con valores máis elevados que a media estatal. No ano 2021 posicionámonos como a cuarta comunidade autónoma en innovación no eido da colaboración. En consecuencia, as pequenas e medianas empresas adquiren un peso importante no foco desta nova Estratexia de especialización intelixente 2021-2027; ou, para ser máis precisos, as pequenas e medianas empresas están no foco da RIS3. É un reto, como digo, involucrar e estender a un maior número de empresas a I+D e a innovación.

En Galicia, como saben, tan só o 20,3 % das empresas con 10 ou máis asalariados son innovadoras. É unha cifra que aspiramos a triplicar no ano 2027; é dicir, que 6 de cada 10 empresas cun mínimo de 10 empregados poidan ser innovadoras no ano 2027. E aquí é onde entran tamén en xogo os innovadores ocultos, que hai que sacar á luz, é dicir, empresas de todos os tamaños con interese e con disposición para innovar que se atopan aínda en estadios moi preliminares.

Señorías, outra das novidades desta nova Estratexia de especialización intelixente está no impulso das misións. As misións, como fórmula para abordar os grandes proxectos que se van acometer no marco desta estratexia, proxectos cun poder de transformación. As misións teñen como obxectivo concentrar recursos e capacidades arredor dese gran proxecto para asegurar o seu impacto e conseguir, como dicía, un efecto tractor. Por iso, nesta nova Estratexia de especialización intelixente articularanse a través das cadeas de valor, incorporando conxuntamente as empresas tractoras, as pequenas e medianas empresas e os axentes do sistema de coñecemento.

En concreto, está previsto que sexan entre 4 e 6 misións, que iremos perfilando cos axentes do ecosistema de innovación, e que se financiarán con fondos Feder a través de dúas convocatorias.

Un exemplo dunha posible misión, para intentar trasladar o concepto, é como podemos financiar mediante algunha destas convocatorias proxectos vinculados coa estancia das persoas maiores dependentes nos seus domicilios. Iso significaría poder aliñar solucións tecnolóxicas asistenciais ás TIC, solucións médicas construtivas desde o punto de vista da domótica, etc.

En definitiva, estamos a aplicar a mesma forma de priorizar e de orientar a especialización que está impulsando a propia Comisión Europea e que así se nos traslada no documento que estamos perfilando a través da Estratexia de especialización intelixente. Unha Comisión Europea que tamén vai poñer en marcha cinco misións dentro do programa Horizonte Europa, para acadar obxectivos como a adaptación ao cambio climático, a investigación contra o cancro, a restauración dos océanos, as cidades intelixentes ou un pacto sobre o solo en Europa.

Todo este esforzo, señorías, debe axudarnos a que Galicia se manteña no camiño marcado con esta nova planificación e chegar así a unha meta moi concreta: impulsar a *marca Galicia* desde o ámbito da I+D+i para captar novos investimentos e posicionarnos como un referente en España e no conxunto de Europa. E para iso temos que traballar para conseguir a maior



participación posible de empresas, axentes xeradores de coñecemento e administracións, tanto nos contornos suprarrexionais como de colaboración para I+D+i.

Estamos a falar de programas europeos, de plataformas tecnolóxicas que sirvan, en definitiva, de escaparate ao noso traballo colectivo en materia de investigación e de innovación.

Galicia, señorías, leva feito un esforzo moi importante a través da Estratexia de especialización intelixente. É evidente que non partimos de cero e que temos experiencia, e temos xa andado varias etapas deste camiño. Así o ten demostrado o tecido produtivo e os nosos centros de coñecemento.

No balance 2014-2020, o investimento en Galicia en I+D creceu un 34,4 %, máis de 10 puntos por riba da media nacional, conseguindo o seu nivel máis alto en Galicia, acadando os 641,7 millóns de euros.

A Xunta de Galicia outorgou durante este período 6.700 axudas, que mobilizaron máis de 1.900 millóns de euros de investimento público-privado, o 76 % en proxectos encamiñados a crear un modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento.

E, señorías, triplicamos o orzamento da Axencia Galega de Innovación, que desde o ano 2014 pasou de ter un orzamento de 56 millóns de euros a 152 millóns de euros neste exercicio, un esforzo sen precedentes en materia de innovación.

E neste contexto, como lles dicía, a innovación creceu en Galicia case o dobre do ritmo da media española desde o ano 2014. Un esforzo, como dicía, colectivo por parte de todos os axentes do noso ecosistema.

É certo que seguimos sendo unha rexión innovadora moderada, pero os logros conseguidos deben animarnos a continuar por esta senda. Sintámonos orgullosos do feito en Galicia, sintámonos orgullosos do ecosistema de innovación galego e sigamos traballando coa mesma humildade e co mesmo sentido común ante todo o que está por vir.

Neste sentido, no que respecta ao período 2022-2027, a nova Estratexia de especialización intelixente define o investimento público-privado para todo o marco orzamentario. E tamén, seguindo a normativa autonómica, dispoñemos de dous períodos de planificación.

O primeiro período, 2022-2024, contempla preto de 1.600 millóns de euros do orzamento para desenvolver 5 programas cos seguintes obxectivos, que se reflicten na Estratexia de especialización intelixente:

O primeiro é o Programa Completa e Transfire, que ten como obxectivo impulsar a posta en marcha de proxectos transformadores e de impacto a través da colaboración e a transferencia público-privada.

Como segundo programa, o Programa Integra consolidará unha oferta de I+D+i avanzada, capaz de dar resposta aos retos da dixitalización e a sustentabilidade.



Converter Galicia nunha contorna favorable para a atracción e retención de talento, con especial atención ao papel da muller e ao fomento das vocacións STEM entre as rapazas máis novas, é o terceiro obxectivo marcado pola RIS3. Como saben, na actualidade temos o maior número de persoas investigadoras empregadas en actividades de I+D+i, 17.664 das cales —un 41 %— son mulleres.

Tamén buscamos incrementar o número de empresas innovadoras a través do Programa Innova e Emprende, para facilitar que as máis pequenas, as pequenas e medianas empresas, tamén incorporen a innovación nas diferentes etapas do seu proceso produtivo a partir de proxectos propios ou proxectos en colaboración.

E o quinto programa céntrase en aproveitar a *marca Galicia* en I+D+i e fomentar unha maior colaboración e presenza galega a nivel nacional e europeo.

Señoras e señores deputados, dicía anteriormente que o complexo escenario que estamos vivindo aumenta a urxencia por completar a transición enerxética e dixital que xa temos encamiñada. É así porque aí pode estar a resposta ao encarecemento progresivo dos prezos da enerxía que España leva padecendo desde hai tempo, co conseguente impacto sobre a inflación. O que en Galicia entendemos como transición enerxética xusta e ordenada significa, neste momento, manter o mix enerxético actual para atender necesidades conxunturais, pero significa tamén axustar ese mix enerxético de maneira gradual, coa incorporación de novas tecnoloxías como é o hidróxeno verde, a economía circular, o biogás, o almacenamento enerxético e a eólica mariña.

En Galicia entendemos esta transición como unha proba de fondo na que cada día debemos ir superando novas etapas ata chegar a metas xuntos todos os galegos e as galegas. Pero favelo, señorías, dunha forma planificada, ordenada e con todas as garantías ambientais.

En Galicia nin entendemos nin aceptamos o concepto de transición enerxética do Goberno de España, que parece estar nunha interminable carreira de 100 metros lisos na que o único que lle importa é correr sen mirar atrás, e como se están deixando as familias, as pemes e os autónomos sen ningún tipo de alternativa. Esa precipitación, esa falta de visión, é o que explica por que en realidade nos encontramos máis nunha carreira de obstáculos na que o Goberno xa ten cometido máis dunha saída nula.

E, señoras e señores deputados, para ir máis recto, para ir polo camiño correcto cara a esa transición enerxética xusta e ordenada, precisamos contar con todas as solucións tecnolóxicas das que estivemos a falar. Significa, polo tanto, apostar, nesta transición enerxética, por solucións tecnolóxicas que non serían posibles sen incorporar a I+D+i, xa que en definitiva é o que nos vai dotar das ferramentas necesarias para mellorar os procesos produtivos, para atopar novas formas de producir e para enfrontarnos a retos de tanta exixencia tecnolóxica como é a propia transición ecolóxica.

Para ir concluíndo. Esta comparecencia responde, polo tanto, á necesidade de facer partícipe este Parlamento do traballo que desde a Xunta de Galicia levamos feito ao longo destes meses da man de todos os axentes que conforman o ecosistema galego de I+D+i,



para afrontar este novo contexto. Traemos, en definitiva, a esta Cámara o mapa da I+D+i da Galicia do futuro. E gustaríanos contar coas achegas tamén dos grupos parlamentarios.

O Goberno galego, señorías, segue facendo os seus deberes e seguirá estando á altura das súas responsabilidades. E igual que consideramos necesario anticiparnos ao Goberno cun plan de medidas para aliviar cargas a moitas familias e sectores produtivos afectados polo actual contexto da crise, tamén vemos nesta nova Estratexia de especialización intelixente unha proba máis de que Galicia non queda cruzada de brazos no difícil escenario que estamos a vivir.

A nosa RIS3 vén a dicirnos que calquera investimento que fagamos para o despregamento da transición dixital e ecolóxica vai ter maior alcance se vai dirixida cara a activos intanxibles como son a investigación, a innovación, o talento e a formación.

Pois ben, este é o espírito desta nova etapa, poñer o maior número posible de recursos públicos e tamén privados ao servizo do coñecemento, do talento e da I+D+i, para construír unha Galicia máis sostible, dixital e innovadora; a Galicia que todas as galegas e os galegos queremos.

Agardamos, neste sentido, señorías, contar coa implicación de todos os grupos parlamentarios desta Cámara para acadar este obxectivo e saír fortalecidos do difícil contexto que estamos vivindo. Hoxe temos unha boa oportunidade para demostrar que nos momentos máis complicados sabemos traballar en equipo. Non se trata de correr para chegar o primeiro, trátase de camiñar para chegar todos xuntos ao obxectivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, vicepresidente segundo.

A Especialización intelixente de Galicia —RIS3— é a estratexia global de Galicia para mellorar a competitividade, o crecemento económico, o emprego sostible e de calidade a través da innovación, como vostede acaba de explicarnos.



En novembro de 2013 o Consello da Xunta aprobou a RIS3 Galicia 2014-2020 como estratexia integral de innovación de Galicia que estableceu as prioridades de investimento en I+D+i da Xunta de Galicia para ese período.

Esa folla de ruta das políticas de innovación da nosa comunidade foi froito da demanda da Comisión Europea de que todas as rexións europeas definan as súas prioridades de gastos en I+D+i para este período.

A RIS3 de Galicia 2021-2027, ademais de ser un requisito para acceder aos fondos estruturais europeos, será a estratexia integral para articular todas as actuacións de I+D+i de Galicia, segundo o Goberno galego. Tamén terá que incorporar os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto verde europeo e pola transformación dixital.

Os grandes obxectivos da RIS3 de Galicia 2021-2027, a través da especialización en I+D+i, son evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerar emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

Pois ben, todos estes obxectivos esperemos que se cumbran, señor vicepresidente segundo, porque a teoría queda ben no papel, queda moi ben, pero logo hai que levala á práctica, hai que facela realidade. Cousa que non se fai por parte do seu goberno, como pasou, por pór un exemplo, coa Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020, onde un dos obxectivos que tiña o Executivo do señor Feijóo era acadar en gasto en I+D+i o 1,7 %. Este obxectivo foi inalcanzable e seguirá sendo inalcanzable como non se invista máis en I+D+i e logo se execute ese orzamento. Hai que executar os orzamento en I+D+i.

O ano pasado a Xunta de Galicia só executou o 55 % do programa 561A, sobre o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, volvendo a non executar os orzamentos outro ano máis, quedando o 45 % do orzamento sen executar, con 80 millóns de euros. No ano 2020 deixáronse sen executar 30 millóns no mesmo programa, e o Goberno galego na anterior lexislatura deixou sen executar 86 millóns de euros en I+D+i no mesmo programa 561A. En total, 196 millóns sen executar en I+D+i.

Lembremos que en Galicia as partidas dedicadas a investigación e desenvolvemento foron o ámbito con peor execución para o período 2014-2020, no que só consta que se executaran o 31 % dos 213 millóns dispoñibles para Galicia, facendo a Unión Europea unha advertencia á Xunta de Galicia. É necesario incrementar o ritmo de execución do gasto e intensificar a dinamización do investimento privado que combina axuda pública e proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación. Esta foi a advertencia que fixo a Unión Europea.

Tamén me gustaría facer fincapé no último informe de innovación rexional da Comisión Europea, correspondente ao ano 2021, no que Galicia hai dous anos ocupaba o posto número 19 e agora ocupa o posto 156 dun total de 240 rexións. Non obstante, a pesar da mellora nalgúns dos indicadores, falla nun grave: o gasto en I+D nos sectores público e privado non só empeora en comparación con 2019 senón que está aínda lonxe da media europea.



A Comunidade galega xa partiu en 2019 dunha mala situación de investimento en investigación e en desenvolvemento e dous anos despois a súa puntuación empeora. O gasto público en I+D sitúase agora no 64 % da media da Unión Europea, mentres que o desembolso empresarial só é do 32 %, o que leva Galicia ata o lugar 68 por detrás do total de 240 rexións europeas. E esta é unha das principais diferenzas co norte de Portugal. En investimento privado en I+D os portugueses case dobran a puntuación que lle dá a Comisión Europea a Galicia, e tamén nos superan no gasto en investigación.

Galicia sitúase no grupo de rexións de innovación moderada, pero no nivel baixo, segundo a Comisión Europea. Se se compara co resto de España, ocupa o oitavo posto no ránking, moi por detrás das rexións clasificadas na categoría forte, como o País Vasco ou Madrid, polo que parece claro que o Goberno galego ten moito que mellorar para situar Galicia como referente.

Se algo puxo en evidencia a crise da covid-19 é a importancia de apostar pola investigación e a innovación. A investigación e a innovación teñen a capacidade para dar resposta aos grandes retos e aos problemas do mundo no que vivimos. Galicia ten que apostar firmemente pola ciencia e pola innovación como valor estratéxico e pilar do benestar e do crecemento.

Trátase de aumentar máis o investimento público necesario tanto en ciencia como en innovación. Este é un obxectivo mínimo que temos que consensuar entre todos os axentes económicos, sociais e políticos, converxendo tamén na distribución do investimento en I+D entre o sector público e o privado.

O Grupo Parlamentario Socialista reclamamos que a Xunta de Galicia incremente máis a porcentaxe de investimento en I+D+i, co fin de pasar do 0,98 % actual ata o 1,5 % do produto interior bruto nos vindeiros dous orzamentos. O investimento da Unión europea en I+D+i está no 2,18 %, Galicia está moi afastada dese 2,18 %. O gasto interno en I+D por habitante en Galicia sitúase en 2021 en 232 euros, fronte aos 328 da media española, segundo os datos publicados no pasado decembro polo Instituto Nacional de Estatística. As comunidades con maior gasto en actividades internas de I+D por habitante foron o País Vasco, con 684 euros, a Comunidade de Madrid, con 607 euros, e a Comunidade Foral de Navarra, con 540.

A Xunta de Galicia ten que reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás pemes. A existencia de tres universidades, seis centros tecnolóxicos, os centros de investigación, os clusters, son un bo punto de partida para que as empresas galegas se beneficien do resultado da súa investigación mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración. Aínda que nos últimos anos se favoreceron estas relacións público-privadas, o certo é que aínda estamos moi lonxe de alcanzar niveis que nos sitúen como referentes. Só unha parte moi moi pequena dese coñecemento, xerado nas universidades ou centros tecnolóxicos, pasa a formar parte das empresas. E, sobre todo, das pequenas e medianas empresas.

Gustaríame tamén facer referencia ao programa de impulso á innovación nas pemes do seu goberno, que ten un orzamento de 12 millóns para beneficiar 15.000 pemes da nosa comunidade. Pois ben, este orzamento non é suficiente para darlle pulo á innovación nas pemes,



porque o gasto en innovación concéntrase cada vez máis nas grandes empresas de Galicia. O 43 % da I+D está en 42 compañías de máis de 250 empregados.

Na actualidade, as pequenas e medianas empresas deben camiñar da man da innovación para poder competir —con iso esperemos estar de acordo— e o deber da Administración autonómica é axudar a que este obxectivo sexa unha realidade. O seu goberno ten que incrementar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pemes da nosa comunidade, e reforzar as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con referencia e atención ás pemes.

Despois de tres lexislaturas deste goberno do Partido Popular, tiveron tempo máis que suficiente para darse conta do erro económico e social que ten suposto non apostar pola I+D+i.

Señor vicepresidente, non volvan cometer ese erro nesta lexislatura, aposten pola I+D+i, aposten por reter o talento, porque vostede...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...dixo en varias ocasións —si, xa remato agora— que un dos obxectivos era a recepción de talentos. Pois a fuga de talentos en Galicia cústalle ao ano 300 millóns. E isto non o digo eu, dino os economistas, co cal, se a fuga de talentos lle custa a Galicia 300 millóns, pois non retemos moitos talentos. Eu ánimoo a ese obxectivo, a cumprir ese obxectivo de retención de talentos.

O coñecemento e a innovación —remato xa— son esenciais para manter e mellorar o benestar social e o crecemento económico.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

Aproveitamos e dámoslles a benvida aos alumnos, neste caso os de quinto de primaria do CEIF Plurilingüe Praza de Barcelos de Pontevedra. Antes estaban os seus compañeiros de sexto e agora os de quinto.

Benvidos ao Parlamento.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Seguimos coa rolda de grupos parlamentarios. Neste caso, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos, e benvidas as alumnas e os alumnos do cole de Pontevedra. Eu, ademais, vivín nesa praza os catro anos que vivín na cidade cando estudei a carreira, así que tamén me trae bos recordos.



Benvido tamén o vicepresidente e conselleiro.

Eu escoitábao e digo: media hora falando para non dicir nada, para non dicir nada. E eu vou intentar centrarme en tres cuestións que teñen que ver coa forma, co fondo e co horizonte da RIS3, desta Estratexia de especialización intelixente de Galiza. Vou centrarme en documentos, porque, claro, nós o que temos aquí é isto, basicamente (*A señora Rodil Fernández amosa un documento.*), unha boa parte do dossier de suposta avaliación. Logo falaremos diso, pero unha vista rápida, un resumo executivo.

Nós, desde o Grupo Parlamentario do BNG, contactamos coa Gain a semana pasada para intentar acceder ao documento completo, quero pensar que é o que ten a Comisión Europea, quero pensar que vai ter algo máis que este resumo executivo. Aínda volvín chamar agora desde o staff do grupo parlamentario a ver se fora que nós nos equivocáramos e quedara aí... non sei, traspapelada. Non se enviou nada, e ademais dixéronnos que é que a Consellería a eles e a elas non lles enviara nada. Eu de verdade que agardo que a Comisión Europea si teña algo máis que estes cantos folios de resumo executivo.

Insisto, a intervención imos centrala en tres cuestión que teñen a ver coa forma, co fondo e co horizonte.

A forma, comezo por aí, falta a avaliación final. O único que temos é a avaliación intermedia, que remata en 2018, e o documento completo, insisto, que tampouco se publicou e o único ao que temos acceso é a ese resumo executivo en vista rápida. É un documento bastante máis divulgativo que de planificación. E eu xa, despois de darlle moitas voltas, de revisalo moito, digo, aquí o único que se fixo foi intentar cubrir o expediente, porque, como sabe todo o mundo —quero pensar que tamén nesta Cámara—, facer un documento destas características, elaborar unha RIS3, é unha condición *sine qua non* para que desbloqueen os fondos comunitarios. Entón, a impresión que lle dá ao BNG, lendo este documento, é que basicamente o que intentan é facer que se fai, cubrir o expediente para que non haxa problemas no acceso aos fondos comunitarios. Insisto en que, ademais de cubrir o expediente, van vostedes de maneira mecánica e co piloto automático.

E digo isto porque vostede, na súa intervención, citaba algúns instrumentos de planificación da Unión Europea, pero no documento non aparece absolutamente nada, non hai ningunha referencia, por exemplo, aos Next Generation, non hai unha referencia ao horizonte 2021-2027. Vostede citou o Pacto verde europeo pero tampouco hai unha mención nin ao programa Europa Dixital. Á parte diso, tampouco hai ningunha reflexión, nin a máis mínima.

A min, se me poñen este documento hai cinco anos enriba da mesa, valíame perfectamente, pero no medio da profunda transformación que se está a vivir neste país, desas transformacións, ademais, aceleradas pola pandemia da covid-19, ti les isto e dis: esta xente está extraterreste, está completamente abstraída da realidade e non está preparando un documento de planificación, que debe enfrontar as tres grandes transformacións —así as vemos desde o BNG— que hai en marcha, que son a tecnolóxica-dixital, a enerxética-climática e, sobre todo, a social e sanitaria.



Está sen avaliar tamén o Plan Galiza Innova de 2020, caducado, como poderán observar, desde hai dous anos. E a calquera persoa aquí debera, polo menos, chamarlle a atención como se pode deseñar unha estratexia de especialización sen ter en conta todos estes factores.

A conclusión a que chegamos desde o BNG é que non hai proxecto, non hai visión integral, e, por suposto e o máis importante, despois de escoitalo case me queda máis claro aínda que non hai vontade de facer de verdade, non en palabras ou pura retórica, senón de verdade, con instrumentos de planificación política, facer do coñecemento, da innovación, da I+D+i, panca de desenvolvemento económico pero tamén social, cultural e humano.

E aí entramos no fondo. Está coxa completamente, e ademais non corrixe as eivas detectadas na anterior. E eu remítome á avaliación intermedia, non á final, porque non se publicou, á avaliación intermedia da RIS3 anterior, que advirte no seu informe de eivas, de hándicaps, de erros que era necesario corrixir pero que vostedes non están introducindo factores ou elementos ou políticas de corrección nesta nova. Está só enfocada á innovación empresarial, esquecen por completo, pero por completo, porque está absolutamente ausente ao longo de todo o documento, a ciencia e a investigación. E o máis importante, as persoas que investigan e producen coñecemento, recursos humanos que existen, son moitos, moi valiosos, moi bos, pero necesitan de moita máis axuda da que reciben do Goberno galego.

Digo que non corrixe as eivas detectadas na avaliación intermedia porque vostede falaba agora de triplicar, que o obxectivo novo para o período 2021-2027 é triplicar o número de empresas innovadoras, pero o que nos di a avaliación da propia Xunta, os seus datos —os da Gain, non os do Bloque—, o que nos di é que, a pesar de que se incrementou un 30 % o gasto ou investimento empresarial en innovación, o que vemos é unha redución do número de empresas innovadoras, que caen un 14 %.

¿E que nos quere dicir isto? Que se está concentrando a innovación en empresas que xa son de base tecnolóxica innovadora en orixe, sobre todo as grandes empresas do sector da automoción. Todo o mundo ten na cabeza o nome, no caso de Stellantis, ou no caso do sector téxtil, o caso de Inditex, pero non está chegando, que ese é o obxectivo que debera perseguir o Goberno xa na anterior RIS3, non nesta nova, senón na anterior, non está chegando esa innovación á pequena e mediana empresa e, sobre todo, á microempresa, que é a máis habitual, a máis abundante no tecido económico e produtivo do noso país.

Dicía a señora Gallego na súa intervención que non se cumpriu co obxectivo que vostedes marcaban para o período anterior en materia de investimento en I+D+i. Estamos moi lonxe dese 1,7 % do PIB, estamos no 0,97 % cos últimos datos que temos, pero é que en ningún dos outros indicadores, *ouputs* neste caso, cumpriron co obxectivo que vostedes se marcaron, senón que fixeron retroceder ao propio país.

Póñolle o exemplo desas empresa innovadoras. En 2014 tiñamos 997, o valor acadado en 2017 é 853, é dicir, perdemos empresas innovadoras, e o obxectivo que vostedes alcanzaban ou perseguían para o ano 2020 eran 1.147. Insisto, non é que non alcanzamos o obxectivo, é que estamos en peor posición hoxe que a que tiñamos cando se elaborou a RIS3 anterior



(*Aplausos.*). Entón, algo, algo non funciona. E a propia Gain e a propia Consellería, nos documentos de avaliación, recoñecen iso. Agora, a vostedes dálles igual, entón seguimos piloto automático, aquí non pasa nada e eu sigo igual porque vou en sentido contrario pola autovía pero eu vou ben, os que van mal son os de en fronte, é unha loucura.

O mesmo acontece co número de patentes. O obxectivo que se marcaban era de conseguir 153 para 2020, partiamos dun valor inicial de 146. Bueno, un obxectivo modesto, pero é que o que se alcanzou na avaliación intermedia son 77 patentes.

É dicir, desenvolvemos unha política pública de cinco anos vista con fondos comunitarios para conseguir..., bueno, ir escalando aos poucos posicións, e o que estamos é retrocedendo en posicións cando todo o mundo avanza, e iso é peor todavía para o país. Están vostedes, e dígollo así de claro, facéndolle perder oportunidades, facéndolle perder oportunidades nun momento crucial a este país (*Aplausos.*).

E aí imos co horizonte, coas propostas que queremos traer hoxe desde o BNG, porque esta é unha cuestión de país. Se saímos de aquí todas e todos coa idea de que isto debe ser un elemento de país central da política pública, independentemente de quen estea no goberno, case me dou cun canto nos dentes.

Propostas de carácter estrutural, que é ademais un dos elementos que na súa avaliación intermedia detecta tamén o propio mecanismo de avaliación da RIS3. ¿Que hai liñas de axudas directas? Si, pero necesitamos sentar as bases dunha política integral que permita xerar estruturas que aproveiten de maneira máis eficaz e eficiente estas políticas, digamos, de incentivos directos.

O primeiro, financiamento constante e estábel. Vostede dicía que a partir de 2014 empeza a subir de maneira constante o investimento público en I+D+i, despois de recortar o que non está escrito entre 2012 e 2014, e aínda estamos padecendo as consecuencias do seu recorte orzamentario.

Nós o que formulamos —dicímolo en cada debate orzamentario e volvo tenderlle a man agora— é un gran pacto galego pola ciencia, converter o investimento público constante e estábel nun acordo de todas as forzas políticas, para alcanzar ese horizonte do 2 % do produto interior bruto, pero de verdade, de verdade, non como pura retórica. Galiza está hoxe situada, aínda hoxe, entre o 25 % das rexións menos innovadoras de Europa, e iso é tamén consecuencia da política de recortes e da inestabilidade do sistema de financiamento de I+D+i no noso país.

Financiamento por proxectos, pero, sobre todo, o máis importante: financiamento basal, non só dirixido á excelencia, senón a toda a xeración de coñecemento e facendo moito énfase na ciencia, na I+D+i básica. Non toda ten que ter unha repercusión, unha reversión, unha aplicación inmediata e un rendemento económico inmediato. Para obter excelencia necesitamos ter unha boa base, unha boa canteira, para que ese talento excelente emerxa.

E, por último, as persoas. Vostede dicía: retención e captación de talento. Vale, deseñemos verdadeiramente todas as etapas da carreira investigadora, porque a fase de consolidación



e estabilización hoxe neste país non existe, e dependemos das convocatorias europeas e das convocatorias estatais, do que está facendo o Goberno de España, que tamén podían aplicarse un pouco *el cuento*, co que está facendo na reforma da Lei de ciencia estatal.

Carreira investigadora tanto para o persoal investigador como tecnólogo, baseada en tres ideas, en tres erres, se mo permite: o primeiro *recruir*, recrutar ou atraer, reter e, sobre todo, retornar, repatriar talento que marchou fóra. O que diferencia unha política de I+D+I que visa, que ten por obxectivo a retención e a captación de talento doutra, que é a que temos hoxe, que non o é e que non hai vías de retorno para esa poboación, para ese persoal investigador que marcha fóra porque ten que marchar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... para formarse, para gañar en coñecemento e en experiencia, temos a necesidade e a obriga —se mo permiten— case moral de traer de volta todo ese talento con políticas públicas que, ademais, teñen financiamento europeo, porque a Unión Europea, como saben perfectamente, financia mobilidade. Estamos perdendo capacidade de investimento público e de fondos europeos pola falta desa carreira investigadora e, sobre todo, da etapa de consolidación.

Remato, presidente, simplemente, cunha referencia. Decía que temos que sentirmos orgullosos. Todo o orgullo, no BNG todo o orgullo do sistema investigador de I+D+i innovadora tamén de Galiza, pero o orgullo en si mesmo non fai máis competitivo o sistema, non fai máis competitivas as pequenas e medianas empresas do noso país. Por iso abonda de retórica e tendámoslles a man para ese financiamento que nos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...sitúe no 2 % do PIB, para esa carreira investigadora cunha etapa de estabilización e consolidación e tamén para crear programas especializados dirixidos a tecer sinerxías entre...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e sectores tractores tradicionais —o automóbil, o téxtil, o naval...—pero tamén outros que son de enorme potencial para o desenvolvemento de Galicia: o biotecnolóxico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... a ecoinnovación ou tamén a dixitalización.

Máis nada, grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas.

Grazas, presidente.

Moi bo día a todos.

Pois resulta, conselleiro, que o problema é que vostede non trae aquí, a este Parlamento, unha RIS3 do país, ¿sabe? Que iso é o que lle reclama o BNG, como o pan do país. Non é do país porque vostede non falou do BNG, que é o que tiña que facer para traer unha estratexia de especialización intelixente do país. E vostede tivo a ousadía de pactar a Estratexia galega coas 500 empresas do sector. Vostede tivo a ousadía de crear 27 mesas de traballo cos especialistas en innovación en Galicia. E vostede tivo a ousadía de falar con 175 profesionais da innovación galega. Pero isto non é unha RIS3 do país, é que non falou co BNG. E, polo tanto, isto non vale para nada.

Mire, resulta que vostede presenta aquí un plan para investir, ata o ano 2027, 5.000 millóns de euros en I+D+i, dos que 3.000 millóns de euros serán públicos e 2.000 de iniciativa privada, pero vostede nin entende o país, nin falou co país, porque o país son eles.

Bueno, resulta que nós incrementamos o investimento en I+D+i no período 2014-2020 nun 157 %, pero os que veñen darnos leccións do que hai que facer en innovación son os que nunca fixeron nada pola innovación. Esa é a realidade do Bloque Nacionalista Galego.

Resulta que o balance do ano 2014-2020 é que incrementamos os fondos un 34 %, máis de 10 puntos que a media española, pero non fixemos nada, todo o fixo o BNG. A Xunta outorgou 6.700 axudas, que mobilizaron 1.900 millóns de euros, pero resulta que nós non fixemos nada, porque todo o fixo o BNG. Resulta que nós triplicamos o orzamento da Axencia Galega de Innovación desde o ano 2014 ata este ano 2022, pero non fixemos nada. É máis, triplicamos o orzamento, que pasou de 56 millóns de euros a 152, co voto en contra permanente do Bloque Nacionalista Galego, pero nós non fixemos nada, porque os que verdadeiramente saben de innovación son o Bloque Nacionalista Galego.

Na actualidade temos o maior número de persoas investigadoras e empregadas en actividades de I+D+i en Galicia, da historia de Galicia, máis que cando gobernaban vostedes, pero resulta que nós non sabemos nada e os que verdadeiramente saben de innovación son os señores do Bloque Nacionalista Galego. Noraboa, parabéns.

Hoxe comparece, a petición propia, o vicepresidente segundo da Xunta de Galicia e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación. Comparece para dar conta dunha estratexia pactada coa sociedade galega, pactada co sector a quen vai dirixido. Unha estratexia de especialización intelixente ou, o que é o mesmo, a folla de ruta do futuro da innovación de Galicia ata o ano 2027.



Señorías, a intervención de hoxe do vicepresidente é a mellor mostra dun Goberno que non se detén, un Goberno que vén de facer moito pola innovación —mal que lle pese ao BNG— e un Goberno que ten claro o que quere facer durante os próximos anos, ata o ano 2027.

Pero, ¿sabe o que hai que facer? Non porque sexamos máis listos que ninguén. Porque escoitamos o sector, porque creamos unha comisión interdepartamental na Xunta de Galicia, porque a innovación non é só unha cuestión da Vicepresidencia segunda, é unha cuestión na que traballa o Goberno enteiro. Eu sei que vostedes non saben o que é iso, porque cando gobernaban na Xunta facíanse oposición unhas consellerías a outras. Daba igual, ademais, que fosen do mesmo partido, tamén se facían oposición. Non se rían os señores do Partido Socialista, esa é a realidade.

Eu creo que cando nós facemos cousas razoables e camiñamos no sentido correcto a vostedes lles molesta. Vostedes non lle fan oposición ao Partido Popular, non lle fan oposición á Xunta de Galicia, vostedes fanlle oposición a Galicia. Porque criticar a política de innovación dos últimos anos na nosa comunidade non é só criticar o Partido Popular de Galicia, non é só criticar a Xunta de Galicia, é criticar a todos os profesionais do ecosistema da innovación da nosa comunidade.

As cifras da última década falan por si soas e, dende logo, nós imos seguir traballando, lles guste ou non lles guste, na dirección que está pactada. Pactada non polo Partido Popular co Partido Popular, pactada entre o Partido Popular, o Goberno galego e os axentes do sector. Presentamos un marco de referencia articulado ata o ano 2027 que vén de ser enviado á Comisión Europea e aprobado pola Administración central.

Señorías, estamos ante unha folla de ruta da innovación en Galicia, un mapa detallado das áreas de especialización tecnolóxica e de coñecemento, que non é o que se lle ocorra á voceira do BNG cando sobe á tribuna, é o que teñen que dicir os especialistas do sector. ¿Ou é que vostede sabe máis que esas profesionais que traballan nas 500 empresas, os profesionais que participaron nesas 27 mesas de traballo ou os profesionais da innovación que participaron en todo ese proceso de entrevistas? Non sabe máis o BNG, non, non, eu creo que o BNG disto sabe máis ben pouco.

Presentamos un mapa detallado das áreas de especialización tecnolóxica e de coñecemento que permitirán xerar actividades cada vez máis competitivas e, polo tanto, xerar riqueza e benestar para as familias e para os galegos.

Nós cremos que o Goberno sabe cara a onde vai, ten unha folla de ruta perfectamente definida, e a nós gustaríanos que a oposición se sente a traballar da man do Goberno, non vir aquí a criticalo todo sen facer nin unha soa proposta construtiva.

As prioridades da Estratexia están perfectamente definidas, explicounas o conselleiro. Esta estratexia aposta pola sustentabilidade e a dixitalización, non porque o diga o Goberno, senón porque o di o sector, en liña coas estratexias europeas do Pacto verde e da dixitalización. Esta estratexia busca o fortalecemento do ecosistema galego de I+D+i, impulsando un modelo máis integrado, potenciando a transferencia e o coñecemento e retención do talento



e posicionando Galicia como un referente a nivel estatal e europeo. É unha estratexia absolutamente transversal, tanto en obxectivos como en recursos como en desenvolvemento.

Claro que para nós é fundamental a participación público-privada. E é que esta estratexia busca impulsar esa colaboración que a vostedes tanto lles proe e tanta alerxia cutánea lles provoca. Claro que ten que haber colaboración público-privada e claro que ten que haber retorno para a actividade económica do noso país. Claro que ten que habelo.

Esta estratexia busca romper os teitos de cristal das pequenas e medianas empresas, de sectores tradicionais que, grazas á I+D+i, poden abrir novas oportunidades e aspirar a actividades máis innovadoras. Esta estratexia busca impulsar a marca Galicia tamén no ámbito da I+D+i co obxectivo de captar novos investimentos e converternos nun referente en España e en Europa. Claro que si, en España e en Europa.

E, por último, esta estratexia busca apoiar unha transición enerxética xusta e ordenada. Eu xa sei que ao Partido Socialista non lles gusta que falemos disto, ¡non lles gusta! Pero a realidade é que a central térmica das Pontes está pechada porque a pecharon vostedes. A verdade é que en Alcoa non se traballa porque botaron vostedes a todos os traballadores á rúa. E a verdade é que temos un grave problema de competitividade da nosa industria electrointensiva porque o Partido Socialista improvisou unha política de transición sen ningún tipo de criterio.

E agora, na difícil situación na que nos atopamos, demóstrase que o PP tiña razón cando criticabamos a transición ecolóxica de pancarta, dun falso ecoloxismo, que practica o Goberno de Pedro Sánchez. O tempo deunos a razón. A crise non a provocou a guerra de Ucraína e Putin, non, non, aquí estamos padecendo moitísimos problemas pola improvisación e pola irresponsabilidade do maior goberno que nunca tivo España. Pensen vostedes que no Consello de Ministros se sentan dous equipos de fútbol, 22 ministros, o Goberno máis caro da historia de España, o Goberno máis inútil da historia de España. E por iso claro que nós imos avanzar, na nosa estratexia de especialización intelixente, nese ámbito que para nós é fundamental da transición ecolóxica. Transición enerxética xusta e ordenada; transición, por suposto, pero imposición, ningunha. Porque a súa imposición, a súa intransixencia ecolóxica ten provocado a destrución de moitísimos postos de traballo. Non, non, non, a culpa non a ten Putin. É verdade que a guerra de Ucraína empeorou o contexto económico internacional, pero o causante da crise económica que afecta a familias, que afecta a pequenas e medianas empresas... Hoxe todos os españois son un 10 % máis pobres que a principios de ano por culpa dunha inflación que ten un responsable claro, que se chama Pedro Sánchez, e o seu Goberno. Claro que a guerra empeorou a situación, pero a guerra non é a responsable, non se escuden detrás da guerra para tapar a irresponsabilidade política do peor Goberno que tivo nunca España. A guerra non pode ser...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...unha escusa.

Remato xa, presidente.



Eu creo que estamos ante unha estratexia ambiciosa, froito do traballo en colaboración con moitísimas empresas e axentes do ecosistema de innovación e investigación de Galicia. Que garante o maior investimento da nosa historia en innovación ata o ano 2027; que impulsa, por suposto —claro que si, orgullosos—, a colaboración público-privada; e que propón un modelo transversal de traballo que aumentará a eficacia e os recursos do esforzo da Administración en materia de innovación.

Pola miña parte, nada máis. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, quero, primeiro, agradecer aos grupos parlamentarios as súas intervencións, as súas achegas, e, polo tanto, que formen parte deste debate para poder mellorar esta proposta que a Xunta de Galicia trae esta mañá aquí sobre a Estratexia de especialización intelixente.

E agradézolle á señora Gallego a súa lectura, onde, efectivamente, hai unha visión compartida desde o punto de vista do que supón a Estratexia de especialización intelixente en canto ao seu impacto tanto na política industrial como na transición ecolóxica. E, polo tanto, desde ese punto de vista creo que podemos dar pasos para, precisamente, mellorar este documento.

Si me sorprende —bueno, non me sorprende, non—, unha vez máis, a constatación da visión do Bloque Nacionalista Galego, onde, realmente, señora Rodil, é moi difícil dialogar e realmente plantear consensos co Bloque Nacionalista Galego cando vostede simplemente acode aquí, primeiro, exclusivamente para criticar a Xunta de Galicia. Pero, o máis sorprendente, debería de revisar os datos, porque vir aquí falar da Estratexia de especialización intelixente 2014-2020 sen ter os datos actualizados, sen consultar a propia páxina web, onde pode ver os traballos que se foron desenvolvendo para chegar ao documento presentado, e recollendo datos desactualizados, incluso da porcentaxe que supón a I+D sobre o produto interior bruto, que lle traslado que é do 1,1 %, non do 0,9 % que vostede quere trasladar. Cando vostede vén aquí simplemente coa RIS3 2014-2020 e nós vimos falar da RIS3 2021-2027 pois, realmente, é moi difícil ante esta visión absolutamente negacionista. Realmente, é a mesma intervención que vostede fai sempre, non me sorprende, sempre me di o mesmo; e entón, claro, non evoluciona, realmente o Bloque involuciona desde o punto de vista da innovación.

Si lle traslado que nós puxemos á disposición de todo aquel que estea interesado toda a información sobre a RIS3, información que —como lle dicía— é pública na páxina web. Un documento que trasladamos á Comisión Europea para a súa aprobación e, polo tanto, quero



que entenda que ese documento o lóxico é que sexa a propia Comisión Europea a que o avalíe. E como fixo na Estratexia de especialización intelixente 2014-2020, que gabou a propia Comisión Europea o documento presentado por Galicia, pois, loxicamente, no momento en que sexa aprobado, como é preceptivo, por parte da Comisión Europea, daremos traslado a este Parlamento.

Mentres tanto, sería bo escoitar as súas achegas, achegas que, é curioso —fíxese moitas veces como me engana o subconsciente e pasou varias veces—, esta mañá, tres prioridades para o Bloque Nacionalista Galego: tecnoloxía dixital, sostibilidade e impacto social. As tres mesmas prioridades que veñen recollidas na Estratexia de especialización intelixente que eu trasladei esta mañá. Simplemente, se o di un conselleiro do Partido Popular non ten validez, se o di o Bloque Nacionalista Galego seguramente é unha visión de país. Pero, realmente, pódolle trasladar que así non está vostede aportando nada.

Como dicía, desde o punto de vista da elaboración do documento mantivemos reunións cos principais axentes do ecosistema innovador galego. Traballamos tamén para presentar a mellor estratexia posible e, como comprenderán, por respecto —como lles dicía— á Comisión Europea non o temos publicado, á espera das súas conclusións. O problema é —como lle dicía— que vostedes manteñen sempre os lugares comúns e que só dan por boa unha RIS3 se a elaboran vostedes, independentemente, incluso, do que pense o ecosistema de innovación de Galicia. Deberían de escoitalo..., a participación de 800 persoas na elaboración deste documento, tamén de 300 cidadáns, dos que recollemos as súas achegas. Lamento que vostedes non se teñan molestado despois dun ano —señora Rodil, despois dun ano— que levamos falando da RIS3. Temos convocado foros públicos, temos trasladado en numerosas reunións cos axentes e nin unha soa vez despois dun ano vostedes se preocuparon por preguntar pola evolución do documento. E hoxe resulta que veñen aquí sen presentar ningún tipo de proposta.

Nós, como lles dicía, temos aberto un proceso participativo onde todos os participantes teñen sido proactivos e construtivos, e teñen presentado as súas propostas. E pódolles asegurar que nos teñen axudado a elaborar o mellor documento posible, que trasladamos á Comisión Europea. Lamentablemente, todos menos o Bloque Nacionalista Galego.

En calquera caso, nós imos seguir traballando, porque entendemos que, efectivamente, como dicía a señora Gallego, é un documento preceptivo para poder optar aos diferentes fondos europeos, e significa un documento de planificación, co cal temos que seguir avanzando.

É certo —e xa se ten trasladado aquí— que a Xunta de Galicia medrou na súa posición como rexión innovadora moderada, avanzamos 34 postos no ranking da Unión Europea e, polo tanto, seguimos avanzando. O que me sorprende é que non se recoñeza o esforzo que está facendo Galicia con respecto ás pequenas e medianas empresas. Trasladei o dato: na Estratexia de especialización intelixente 2014-2020 concedéronse 6.700 axudas, e 6 de cada 10 teñen beneficiado as pequenas e medianas empresas. Son medidas que, realmente, están poñendo Galicia nunha situación de referencia dende o punto de vista do desenvolvemento da innovación en Galicia. Diferentes instrumentos que xa forman parte de elementos que estamos compartindo con outras comunidades autónomas, como a través da compra pública



innovadora, onde Galicia executou proxectos por valor de 129 millóns no período 2014-2020; ou nas propias unidades mixtas de innovación, onde están participando 46 unidades mixtas a través de 13 centros de coñecemento e 33 empresas, mobilizando 130 millóns de euros.

Pero, señora Gallego, tamén traballando na transferencia, porque, efectivamente, a transferencia do coñecemento é un dos elementos máis importantes. E aí, como sabe, a través do Programa Inicia estamos apoiando a realización de probas concepto, precisamente para acelerar e reforzar os casos de éxito da transferencia tecnolóxica do mercado das oficinas de investigación pública e dos diferentes centros tecnolóxicos. E desde o ano 2016 apoiamos 23 proxectos, cun investimento de 10 millóns de euros, que están permitindo crear nestes momentos máis de 146 postos de traballo a través da creación de 9 *spin-off*, e tamén a través de 10 acordos de licenza e 7 operacións de investimento. Creo que son datos onde claramente estamos marcando unha tendencia clara pola aposta pola transferencia de coñecemento, apoiándonos tanto nas universidades públicas como —como dicía— nos propios centros tecnolóxicos.

E fálábanme tanto a señora Gallego como a señora Rodil dos programas de talento. Eu lamento que o Bloque Nacionalista Galego siga sendo negacionista. O dato é concluínte: desde o ano 2009 produciuse unha entrada neta de mozos e mozas en Galicia derivado, precisamente, da propia política de incentivo ao talento; 16.300 mozos e mozas que de forma neta incrementaron a poboación de xoves en Galicia: 161.123 que entraron en Galicia, 144.823 que saíron de Galicia. Son datos —como digo— concluíntes, pero seguramente, se falamos en termos de I+D+i, o dato relevante é que na actualidade temos o maior número de persoas investigadoras e empregadas en actividades de I+D. Moito máis, señora Rodil, que no ano 2008, cando Gobernaba o Bloque Nacionalista Galego. Debería facer, seguramente, esa comparativa e atoparíase con que temos 6.920 investigadores e investigadoras en Galicia, 10.774 empregados e empregadas activas en I+D+i e, como lle dicía, o 41 % mulleres, que é un dato ao que nós lle damos un enorme valor pola importancia que ten, precisamente, no desenvolvemento da política de igualdade tamén no eido da ciencia e da innovación.

E fálame vostede de captación de talento. Tamén obvia un programa importante que desde a Xunta de Galicia desenvolvemos como é o Programa Oportunius, que nos permitiu, nestes momentos, dispoñer en Galicia de 25 investigadores apoiados polo Consello Europeo de Investigación e que, como sabe, a Xunta de Galicia ten investido 8,5 millóns de euros para poder apoiar os investigadores, que teñen captado 36 millóns de euros en materia de innovación. É dicir, cada euro que estamos investindo estamos multiplicando por catro o investimento que desenvolven estes investigadores excelentes e que vén reforzar tamén unha política de apoio ao talento, non só a través dos programas de talento, o Programa Oportunius, senón tamén, por exemplo, o desenvolvemento do doutorado industrial que estamos impulsando en Galicia.

Falábanme dos datos de I+D+i e a señora Rodil hoxe falou moi alto, pero... falloulle o subconsciente. Porque, claro, a Xunta de Galicia vén falar de impulsar unha estratexia de industrialización intelixente baseada na colaboración público-privada. E, polo tanto, baseada na aposta polo incremento dos fondos públicos, e nada dixo dese incremento da aportación dos 3.000 millóns de euros cos cales está dotado esta RIS3. E a señora Rodil fala claro da



I+D+i básica. Señora Rodil, a innovación non é básica. A I+D é básica, e aí é onde lle falla o subconsciente, porque seguramente cando falo dos datos de I+D vería que, efectivamente, en Galicia o investimento en I+D creceu un 34 %, máis de 10 puntos por riba da media nacional, e temos acadado hoxe o nivel máis alto de investimento de toda a serie histórica, con 641 millóns de euros, que representa o 1,1 % do produto interior bruto.

Pero se quere realmente ter un debate con rigor e non traer aquí a Estratexia de especialización intelixente que obtén do período 2014-2020, vería que, efectivamente, o peso que vostede trasladou aquí de países e de comunidades autónomas, como tamén trasladou a señora Gallego, que teñen un maior investimento en I+D con respecto ao produto interior bruto, verían que en todos eses países, en todas esas comunidades autónomas que teñen un maior peso da I+D, é precisamente polo peso que ten o sector privado nesas economías no investimento de I+D. E verían, por exemplo, que no País Vasco o investimento privado supón o 76 % do investimento da I+D. Verían que en Estados Unidos esa aportación do sector privado á I+D é do 73 %, ou que en China acada o 77 %. Mentres que en España, señora Rodil, a aportación do sector privado é do 55,9 %. En Galicia, lamentablemente, estamos nestes momentos no 51,2 %. É certo que cinco puntos máis que no ano 2014. Galicia pasou do 47,6 % de investimento privado en I+D no ano 2014 ao 51,2 % que representa o sector privado no ano 2021.

Se realmente queremos ter un desenvolvemento da I+D con respecto ao produto interior bruto como teñen outros países, temos que traballar conxuntamente con todo o tecido produtivo para incrementar o investimento en I+D privado, porque ese é un dos retos que realmente temos marcados e, desde logo, a iso van destinados preto dos 3.000 millóns de euros de investimento público que están consignados na Estratexia de especialización intelixente, e que teñen como obxectivo mobilizar máis de 2.000 millóns de euros privados. É, polo tanto, un investimento público-privado de 5.000 millóns de euros, que é —insisto— un 157 % máis que no período anterior.

En definitiva, imos seguir traballando para acadar, efectivamente, no ano 2030 o 2 % do gasto en I+D sobre o produto interior bruto. Ese é o dato que recolle o Plan estratéxico de Galicia, e iso é —somos conscientes— un obxectivo ambicioso, entendemos que é realizable e, polo tanto, nós imos seguir reforzando de maneira significativa as medidas dirixidas a que a I+D empresarial supere no ano 2030 o nivel do 60 %.

Eu entendo que ao Bloque Nacionalista Galego este dato non lle gusta, pero é a realidade se, realmente, nos queremos homologar con respecto aos países que fan unha aposta pola I+D+i e, polo tanto, a RIS3, efectivamente, recolle como un obxectivo claro o incremento da I+D do sector privado para que poida acadar ese 60 % e que, polo tanto, nos axude, conxuntamente coa aposta e co financiamento público, a acadar o 2 % do I+D no ano 2030.

Falábame a señora Gallego dos datos de execución e, polo tanto, dalgunha forma, de como estamos aplicando as diferentes partidas. Eu creo que, claro, se queremos facer unha análise real de cal é a capacidade de investimento que estamos tendo en I+D, creo que debería reflectir que vostede sabe perfectamente que os fondos Feder —dos que vostede fixo unha lectura parcial en canto ao seu balance— poden ser investidos ata o ano 2023. Se quere, señora



Gallego, facer un balance realmente de execución dos fondos Feder en materia de I+D+i, pois, efectivamente, saberémolo no ano 2023. Eu si lle dou un dato, dato que está recollido nos orzamentos, e é que a Axencia Galega de Innovación ten adxudicado nestes momentos por riba da totalidade dos fondos que tiña programados nos fondos Feder 2014-2020. Concretamente, a Axencia Galega de Innovación ten comprometidos 143 millóns de euros dos 114 millóns de euros asignados, o cal significa que a Axencia Galega de Innovación vai ter neste período unha execución do 125 % na medida en que se poidan desenvolver todos os fondos que xa ten adxudicados e que, polo tanto, nestes momentos as empresas están desenvolvendo, están investindo, e que teñen nese período N+3 ata decembro do ano 2023 para a execución deses fondos.

Polo tanto, é sorprendente que vostede queira traer aquí a idea de que, realmente, Galicia non está executando adecuadamente os fondos. Seguramente do que se debería de preocupar é de como o Goberno pode apoiar que Galicia poida ter unha maior capacidade de investimento en I+D; cuestión que obviaron tanto a portavoz do Partido Socialista Obreiro Español como a portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Quizais porque, claro, están no Goberno de España e aquí non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Seguramente non lles gusta falar da política que está desenvolvendo nestes momentos nos fondos *Next Generation*, que a señora Rodil tamén mencionou.

Eu voulle dar un dato e seguramente na réplica me poderán trasladar se vostedes están de acordo coa política que está desenvolvendo o Goberno de España na xestión dos fondos *Next Generation* en materia de I+D+i e en materia de innovación.

Pódolle dicir que o Ministerio de Ciencia e Innovación ten adxudicados 3.382 millóns de euros dos fondos *Next Generation*. A contía que ten adxudicada Galicia para todo o período son 30,6 millóns de euros. É dicir, señorías, o 0,9 % é o que lle adxudicou o Ministerio de Ciencia, do Partido Socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, nos fondos *Next Generation*.

Así, desde logo, é moi difícil defender o país. Por iso creo que, se realmente quixeran defender o país, deberían de facer unha análise moito máis ampla, ademais da propia Estratexia de especialización intelixente, do compromiso que realmente o Goberno está desenvolvendo aquí en Galicia.

En definitiva, como lles dicía, sentímonos orgullosos, moi orgullosos, do ecosistema de innovación en Galicia. Porque cando Galicia participa no Programa Horizonte 2020, que é o programa máis competitivo que temos para captar fondos europeos, verían que Galicia está participando en 423 actividades de I+D+i e obtivemos un retorno de 191 millóns de euros para 155 entidades. E isto supón máis que duplicar o conseguido no anterior programa marco de I+D+i, que foron 87 millóns de euros.

Captamos un 120 % de fondos máis en Europa no marco actual con respecto ao marco anterior. E se vostede me pregunta se iso é un síntoma de orgullo, pois teño que dicirlle que si, porque é un síntoma de orgullo e de competitividade do noso tecido produtivo, das nosas empresas, das nosas universidades e dos nosos centros tecnolóxicos.



Polo tanto, imos seguir, loxicamente, buscando o consenso co ecosistema de innovación. Desenvolvémolo na elaboración da propia Estratexia de especialización intelixente e a partir de aí imos seguir apostando pola I+D+i, polo investimento en materia de innovación.

Por darlles outro dato concreto, en materia de I+D+i duplicamos o orzamento para o programa 561, ao que facía referencia a señora Gallego, pasando dos 113 millóns de euros no ano 2014 aos 279 millóns de euros neste ano 2022. Señora Gallego, iso é un incremento do 124,8 %. E se a iso lle engade que os orzamentos da Axencia Galega de Innovación creceron aínda máis, ata situarse en 152 millóns de euros, un 171 %, atoparía seguramente unha explicación de por que Galicia nestes momentos é a segunda comunidade autónoma que máis aumentou o investimento público en I+D e a quinta en canto ao seu volume. E seguramente iso é un indicativo claro do esforzo que estamos facendo.

E xa para rematar, non me olvido da importancia que ten a carreira investigadora. O sorprendente é que o Bloque Nacionalista Galego está moi contento coa Lei da ciencia. A min gustárame que trasladara, seguramente, cal é o compromiso que ten o Goberno no desenvolvemento da carreira investigadora. Porque os propios investigadores non atoparon exactamente cal é a posición que ten o Goberno na propia redacción da Lei da ciencia e están vendo, efectivamente, cales pasos van dar. Eu o que si lles podo trasladar é que en Galicia imos iniciar un proceso de estabilización e de homoxeneización da carreira investigadora. E nós compartiremos cos investigadores, co persoal de apoio, esta proposta para que, efectivamente, ademais, señora Rodil, das convocatorias predoutorais e postdoutorais que convocamos na Xunta de Galicia, que vostede obviou, porque só falou das do Goberno e das da Unión Europea, pois traballaremos, precisamente, para que en Galicia, de forma efectiva, independentemente da decisión que poida tomar o Goberno, teñamos unha carreira investigadora que permita a estabilización dos nosos investigadores.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Establecemos a posibilidade de apertura dunha rolda especial de aclaracións.

En nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANMORÁN: Grazas, presidente.

Señor vicepresidente, que veña aquí sacar peito das convocatorias..., de verdade, eu, de verdade, acabo de quedar..., das convocatorias *post doc* e *pre doc*, co que pasou o ano pasado, non sei, xa ten delito.

O Goberno autonómico ten que consolidar unha carreira pública estable para o persoal técnico e investigador. E, ademais, aumentar os recursos. A Xunta de Galicia debe de garantir



o cambio xeracional e a atracción e retención de talentos, así como garantir o principio de igualdade efectiva entre o homes e mulleres. A Xunta de Galicia ten que dignificar o traballo dos investigadores e investigadoras xa, e non veña aquí sacar peito das convocatorias pre-doutorais e posdoutorais (*Aplausos.*) co pasou o ano pasado, que xa o temos debatido neste pleno nalgunha ocasión. Non é plan agora de pórmela a dicir o que pasou. Pero, en fin, non saque peito diso, de verdade que non, de verdade que non saque peito da carreira pública aquí *post doc*, sobre todo en Galicia.

Critican o Goberno de España, pero díxenlle que o Goberno de España estivo reunido coas universidades e con todo o tecido investigador para facer esta reforma da lei da ciencia, esta reforma da lei da ciencia que crea unha nova modalidade de contrato indefinido para o persoal científico, técnico e de xestión. Esta lei de ciencia que ten como medida tamén a taxa de reposición, que lles vou lembrar que entre 2011 e 2016 se destruíron máis de 5.000 postos de investigadores, ¡5.000 postos de investigadores destruídos entre 2011 e 2016! ¿Quen estaba gobernando? ¿Quen estaba gobernando? E a diferenza é que no 2021 a taxa de reposición foi do 110 %. E neste ano a taxa de reposición será do 120 %, é dicir, que por cada dez investigadores que se xubilen o Goberno de España reporá doce. Si, parece que non lle gusta pero vai ser así.

E outra medida da lei da ciencia que tanto critican é a indemnización por finalización do contrato aos investigadores, investigadoras *pre doc* e tamén os investigadores *post doc*, que non se recoñecía o dereito a indemnización ata agora. Ou sexa, críticoano, pero isto está falado con todo o tecido do persoal investigador. A aposta pola ciencia do Goberno de España é total. É máis, o Ministerio de Ciencia e Innovación destinou o maior orzamento da historia do noso país, con 3.843 millóns de euros. E isto dará mellores oportunidades para as persoas que investigan e innovan e máis investigación española, mellores infraestruturas científicas e máis ciencia e innovación en todos os territorios de España.

Como poden comprobar, o Goberno de España está facendo unha aposta forte pola I+D+i, porque saben que o coñecemento e a innovación son esenciais para manter e mellorar o benestar social e o crecemento económico. Fagan vostedes o mesmo.

Tamén me gustaría facer unha referencia á execución. Mire, quen fixo a advertencia á Xunta de Galicia foi a Unión Europea, por ter a peor execución dos Feder. A advertencia fíxoala a Unión Europea, que, repito, dixo: é necesario incrementar o ritmo de execución do gasto e intensificar a [...] do investimento privado que combina axuda pública en proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación. Isto díxoo a Unión Europea, non o dixo esta deputada.

E sigo dicindo que penso que hai que incrementar moito máis investimento en I+D+i para conseguir alcanzar o 1,5 % do produto interior bruto nos vindeiros orzamentos. Esa é a nosa proposta, pois vostede acaba de dicir un 2 % no 2030. Permítame dúbida de que isto se leve a cabo. E o seu goberno, señor Conde, ten que aumentar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pemes na nosa comunidade autónoma e facer un maior esforzo por parte do seu goberno para que a innovación chegue ás pemes, chegue ás pemes.



Os socialistas cremos imprescindible que o Goberno autonómico faga un maior esforzo para estar na vangarda, na innovación, para así ter unha economía moderna, á altura de Europa. Para conseguilo, o seu goberno ten que investir máis en innovación e, concretamente, máis en innovación nas pems. Insistimos, as pems necesitan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...un pulo para poder innovar. Sen innovación non hai competitividade, xa llo dixen e vólvollo dicir. Por iso o Goberno autonómico ten que acompañar a esas pequenas empresas galegas para que investiguen e innoven. A Xunta de Galicia ten que elevar o nivel de aportación de fondos públicos para I+D+i,...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ... se non Galicia estará rezagada neste eido.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galgo, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nun debate que é central, que é estratéxico para o presente pero, sobre todo, para o futuro deste país, no medio dunha transformación tan grande como a que estamos vivindo, que se está movendo absolutamente todo, é dicir, aí non podes decidir quedar parada, porque se quedas parada perdes posicións, porque os demais se moven, no medio dese debate, que é estratéxico, insisto, que é central, que é vital para o desenvolvemento económico e social e cultural deste país, a min o que me dá pena é que veña aquí manipular o que eu digo, mentir sobre o que estamos afirmando desde o BNG, e nunha posición que é tristísima, teño que dicilo en termos políticos, que é o conformismo, a autocompracencia... e virme acusar a min, ou ao Bloque, de non sei moi ben o que. Porque eu todo o que lle dixen e de todo o que lle falei, señor Conde, son de resultados, porque hai un elemento central na Estratexia de especialización intelixente, na RIS3, que é a avaliación, ¿verdade? Coincidiremos, polo menos, nos principios que motivan a RIS3 a nivel europeo.

Eu do que lle falei son dos resultados, dos resultados da avaliación intermedia, que son os que teñen vostedes publicados, son os seus resultados, os que fixo Gain, non eu, nin o Bloque, senón os axentes que participan na monitorización e o seguimento e a avaliación da aplicación da RIS3. Porque eu podo vir aquí..., é que vén vostede falar-me da anterior, a 2014-2020. ¿Vostedes non analizan os resultados das súas políticas públicas para poder ir introducindo mecanismos correctores que non permitan ser eficaces, ser eficientes e conseguir obxectivos?



E fano todo tan ben, tan ben, que incrementamos investimento público, voulo dar por bo, ¡veña!, desde 2014 incrementamos o investimento público pero temos menos empresas innovadoras, o 14 % menos; temos menos patentes e, ademais, o que nos din tamén os documentos, de verdade, é que eu non invento nada. É que estamos insultando os axentes que participan no proceso de elaboración e da avaliación da RIS3. Eu dígolle cales son os resultados: a RIS3 non se comunicou de forma suficiente nin adaptada a todos os axentes. O primeiro que temos que preguntarnos é por que, se están investindo un 30 % máis as empresas en innovación, perdemos o 14 % de empresas innovadoras coa cantidade de diñeiro público que se está inxectando. Porque sempre son as mesmas as que innovan, e son grandes empresas. Porque non está chegando esa estratexia de innovación ao tecido produtivo, ás pequenas e medianas empresas, ás microempresas, que son a realidade. Gustaranos máis ou menos, pero é a realidade que temos no tecido produtivo do noso país, e non é malo en si mesmo.

Haberá que introducir modificacións nos programas. ¿Cal é o problema? Que son programas excesivamente xeneralistas e non serve o mesmo para todos os sectores produtivos, non serve o mesmo para todo o perfil de empresas. ¿Que lle propón o BNG? Vamos facelas máis especializadas axustándoas máis ás necesidades dos distintos sectores, pois non é o mesmo unha *start-up* que unha queixería, pero as dúas teñen que introducir a innovación no seu modelo produtivo. E, sobre todo, vamos marcarnos como obxectivo tamén non só liñas de axudas directas senón, por exemplo, asesoramento. Porque ¿que nos di tamén a avaliación da RIS3? Que non hai comunicación, que moitas empresas nin sequera coñecen que é a RIS3 e en que pode beneficiarlles, e hai unha falta de coordinación. E leo literalmente: «Falta de coordinación na planificación e execución dos instrumentos de apoio». Necesitamos asesorar, acompañar, non só dar liñas de axuda, pois, por exemplo, para a compra de tecnoloxía, senón adaptarnos á realidade empresarial do tecido produtivo deste país.

Eu insisto, é un conformismo que a min me dá pavor. Porque no medio das grandes transformacións que están en marcha, o que non pode ser é que veña o conselleiro... Porque a min xa o portavoz do Partido Popular, bueno, a min abúrreme xa o argumentario, porque para vir aquí facer unha intervención sobre a RIS3, polo menos eu recoméndolle que lea algún dos documentos que están pendurados. (*Aplausos.*) E que tire de argumentario na rolda de prensa, ¡aquí non, aquí non!, porque dá tristeza. Eu dígolle: falan consigo mesmos, eu xa... *next*, F5, ¿sabe?... actualícese.

E logo, todas as propostas, digamos, diferentes que se supoñen que van introducir na RIS3, o que nos fale é de misións e o que me pon aquí son exemplos hipotéticos, unha hipótese. Non podemos falar de hipóteses, temos que falar de medidas concretas. Insisto, con liñas que nos permitan gañar en empresas innovadoras, adaptarnos á realidade do tecido produtivo das pequenas e medianas empresas do noso país, achegar ferramentas de asesoramento.

Esas sinerxías das que se fala, claro, hai que establecer esa conexión entre o sistema universitario galego, que é onde se produce o 70 % do coñecemento deste país, os centros tecnolóxicos, efectivamente, pero tamén coa formación profesional, por exemplo. A formación profesional ten moito que achegar á especialización, á innovación e á xeración de valor engadido do tecido produtivo deste país.



E, por último, facemos moita énfase, moita énfase, na carreira investigadora, porque o coñecemento xéranos as persoas. De momento a máquina, aínda que avanzamos moito en intelixencia artificial, non substitúe as persoas, e por iso necesitamos unha política de recursos humanos ambiciosa, aliñada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... —remato, presidente— coa tendencia europea, coas políticas europeas. Eu é que levo aquí cinco anos e cinco anos oíndo o mesmo, que imos facer unha carreira investigadora, que imos facer unha carreira investigadora, pero non chega. E sempre que hai unha crítica por parte do BNG da falta desa fase de estabilización e de consolidación,... temos a *pre doc*, temos a *post doc*, que é formación, necesitamos camiñar cara aos outros tres pasos, as *fellow*, as *associated* e as *professor*. Non nos inventamos nada, e que é a política da Unión Europea, da Comisión Europea. Cítasenos Oportunius. Para que a xente que nos escoita entenda que é Oportunius, é como pagarlle unha prima a Messi por gañar a liga. Son ERC,...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... é xente que está no nivel máis alto da investigación europea, e necesitamos políticas para a excelencia, para esas persoas que xa están nese nivel. ¡Home, non me diga que non,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...é que me parece que sabemos ler, señor Conde! Sinceramente, sabemos ler, e o que non estamos enfocados é nesa outra parte de...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... que non é simplemente a excelencia senón que é a base que nos permite gañar talento e ser excelentes. As propostas do BNG son repetidas, si, porque son as que necesita este país e nós seguimos crendo que son as necesarias e que se farán con vostede... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

¿Sabe que nos diferencia, señora Rodil? Eu sei que a aburro cando falo, paréceme ben. Eu, cando vostede fala, escóitoo atentamente, porque, aínda que non pensemos o mesmo, eu



creo que, aínda que representemos a maioría, está ben escoitar as minorías. O que non está ben é a soberbia das minorías, que cren ter a razón aínda que os galegos llela neguen nos últimos 40 anos de democracia e de autonomía de Galicia. (*Aplausos.*) É posiblemente esa soberbia a que converte o BNG nun partido minoritario que non é capaz de representar aos galegos porque non escoita aos galegos, porque non escoita aos galegos, porque vostedes cren que teñen a razón porque son nacionalistas e vostedes viven nunha Galicia excluín-te na que os que non pensan coma vostedes non poden existir e non poden cohabitar.

Mire, a RIS3 do país supoño que é unha RIS3 acompañada de empanada e carne ao caldeiro. Nacionalismo de pandeireta é o que representan cada vez que falan, desconexión absoluta coa realidade de Galicia, porque leva á súa líder demasiados anos pisando a moqueta deste Parlamento e moi poucos pisando as rúas e os pobos de Galicia.

Mire, non son capaces de alegrarse cando as cousas van ben. Resulta que facemos un balance do ano 2014-2020, temos máis persoal investigador, máis investimento en innovación e a vostedes non lles serve e críticoano. Resulta que o conselleiro acode para presentar o plan ata o ano 2017, 5.000 millóns de euros, 3.000 públicos, 2.000 da iniciativa privada, e o BNG segue cabreado consigo mesmo.

Señora Rodil, moita palabrería pero o certo é que vostede non escoitou a intervención do vicepresidente segundo. A maioría das cousas que vostede propuxo xa están contempladas na Estratexia galega presentada polo conselleiro.

Anunciou o maior investimento en innovación da historia de Galicia e vostede nos falou dun recorte no ano 2012, de hai 10 anos, anunciou a extensión da estratexia a pequenas e medianas empresas, a empresas que están fóra do circuíto tradicional de innovación, e vostede critica que se concentra en poucas empresas. Se o que queremos é, precisamente, o contrario. Vostedes nin escoitan nin lles importa, porque o manual do BNG di que vostedes teñen que estar en contra, en contra de todo e en contra de todos. ¡Canto escozor para un partido tan pequeno como o Bloque Nacionalista Galego!

Señora Rodil, molestouse, ademais, cando o conselleiro, o vicepresidente, dixo que vostedes formaban parte do Goberno. Non forman parte do Goberno, é peor, apóiano. Non me pida que lle saque eu a foto de Ana Pontón con Adriana Lastra, que nos poñemos colorados todos, pero nós por vergonza allea. Non me pida que lle recorde onde están vostedes e onde estamos nós.

Presentamos unha estratexia que parte da sociedade civil, das empresas do sector: 500 nada máis e nada menos, 27 mesas de traballo onde participaron expertos en innovación e investigación, 175 entrevistas con profesionais. Pero aquí resulta que quen ten a razón é o BNG, pechado en si mesmo, encerrados negando a realidade dunha Galicia que, pese a vostedes, pese ao seu negacionismo absoluto, é unha Galicia que avanza e que crece, unha Galicia na que vostedes non están nin se lles espera.

E nós imos seguir traballando, porque o certo é que temos en Galicia o Goberno con máis experiencia de goberno da España autonómica. Esa é a realidade, pero temos tamén en Ga-



licia unha oposición moi experta, experta en criticar, en críticoalo todo, sen facer nin unha soa proposta. Non vaia parecer que, efectivamente, a señora Rodil leu o plan, ¿que leu o plan se dixo que non o tiña? ¿tíñaou ou non o tiña? ¿leuno ou non o leu? ¿Non di que a Consellería non o facilitou?, e resulta que vostede o leu, ¿está de coña? (*Aplausos.*) Ese é o BNG.

Mire, a realidade do noso país, a realidade do noso país é moi dura e moi difícil, todas as familias e as empresas están pasándoo mal e o Goberno... ¿o Goberno que fai? O Goberno está xogando aos espías co Pegasus, espiando, por certo, aos seus socios, cos que goberna. Fíxese que curioso que os espía pola mañá e pola tarde quere metelos na Comisión de Segredos Oficiais, a partidos que, por certo, están en contra do Estado. Esa é a realidade do Goberno de España, un Goberno centrado no seu, que esquece os problemas que pasan a inmensa maioría dos españois.

Vostede, señora Gallego, quixo erixirse hoxe en ministra portavoz (*Risos.*) Vostede falounos do ben que vai en España todo, pero a realidade é que vostedes non deben saír á rúa, non deben ser plenamente conscientes do que está pasando no noso país, das dificultades de todas as familias. Por certo, vostedes non son nin sequera capaces...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de cumprir cos seus propios compromisos. Conferencia de Presidentes: ante o clamor dos presidentes autonómicos de toda España, tamén do Partido Socialista, o presidente Sánchez comprometeuse a baixar impostos. Esa proposta de baixada de impostos nin está nin se lle espera. Teñen sobre a mesa unha proposta do presidente Feijóo, que fixo máis en 13 días ca vostedes nestes anos no Goberno de España (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Esa é a realidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Presentamos un plan tremendamente ambicioso para definir a innovación de Galicia ata o ano 2027. Mobilizará 5.000 millóns de euros. Vostedes non teñen —parece ser— ningunha proposta que engadir a ese plan. Quizais, posiblemente por iso, nós estamos no Goberno cunha maioría absoluta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ..., por certo, cada vez máis grande, e vostedes están nunha oposición...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...cada vez máis dividida, cada vez máis fragmentada, cada vez máis illada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de dúplica, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, efectivamente, con esta Estratexia de especialización intelixente que traemos hoxe a esta Cámara Galicia intenta facer os seus deberes desde o punto de vista da planificación en materia da política de I+D+i e, polo tanto, dispoñer dunha folla de ruta que poida identificar claramente cales son as prioridades, cales son os obxectivos das políticas de innovación en Galicia de cara á vindeira década. Nese sentido, intentamos darlles continuidade aos principais retos e todo o traballo feito na anterior Estratexia de especialización intelixente, pero sendo conscientes, loxicamente, do contexto actual, que nos obriga a redobrar aínda máis os esforzos e os investimentos en I+D+i para dar resposta, precisamente, a eses retos tan exixentes como é a propia transformación dixital e enerxética.

E, con este obxectivo, unha das principais fortalezas desa estratexia está, precisamente, na mobilización de fondos públicos e privados. Serán 4.988 millóns de euros, dos 3.000 millóns de euros que proveñan de fondos públicos, o cal supón un incremento do 157 % máis que no anterior marco orzamentario 2014-2020. Polo tanto, facendo unha aposta, non só desde o punto de vista dos obxectivos, senón tamén desde o punto de vista dos recursos, en canto aos investimentos públicos e privados.

Unha estratexia que, como trasladé na intervención anterior, foi froito dun proceso de diálogo. Diálogo co tecido produtivo, diálogo cos centros de coñecemento, coas universidades, en definitiva, diálogo con todo o ecosistema galego de I+D+i, co tecido empresarial e tamén —como dicía— coa propia cidadanía, a través de diferentes encontros divulgativos que organizamos a pé de rúa. E creo que neste contexto é importante poñer en valor, precisamente, que este documento é o froito da aportación do propio ecosistema e, polo tanto, seguramente, faría un chamamento á prudencia, sobre todo nas intervencións que fixeron tanto a portavoz do Partido Socialista de Galicia como do Bloque Nacionalista Galego. Unha estratexia que, ademais, reafirma a visión integradora que temos desde a Xunta de Galicia, coa constitución desta Comisión interdepartamental de I+D+i, que, como saben, por primeira vez vai marcar unha política de I+D+i cun carácter transversal para toda a Xunta de Galicia.

Eu, señora Gallego e señora Rodil, trasladé claramente cales eran as prioridades de traballo, e non houbo resposta por parte dos seus grupos parlamentarios sobre se estaban de acordo ou non nesas prioridades. Eu entendo que, cando menos, deberían valoralas. Deberían valorar como esta nova Estratexia de especialización intelixente intenta centrar na sustentabilidade o eixo diferenciador respecto ás políticas de I+D+i de etapas anteriores; como a RIS3, a través da dixitalización como elemento facilitador, intentará promover esa transformación económica e social de Galicia. E como, poñendo no centro as persoas, a través dunha investigación e innovación orientadas a abordar os retos da sociedade galega, realmente damos resposta a eses desafíos.



E tamén me gustaría que fixeran unha reflexión interna dentro do Partido Socialista de Galicia, dentro do Bloque Nacionalista Galego, como estamos intentando fortalecer o ecosistema de I+D+i, non só aumentando a competitividade do tecido empresarial e industrial, mellorando a esperanza e a calidade de vida das persoas, incrementando a sustentabilidade e eficiencia dos recursos públicos e xerando o emprego máis cualificado, tamén, por suposto, a través da captación dos mellores investigadores, porque nós defendemos, efectivamente, señora Rodil, unha investigación tamén de excelencia. E, loxicamente, todos eses esforzos entendemos que deberían de ir dirixidos a romper o teito de cristal para as pequenas e medianas empresas en sectores tradicionalmente afastados aínda da I+D+i.

Eu non adoito facelo, pero vou recoller a miña primeira intervención, que seguramente a señora Rodil pode encontrar puntos de encontro en lugar de centrarse, como fixo na súa intervención, na RIS3 2014-2020 e na primeira avaliación do ano 2018, que non era obxecto de debate, pois o obxecto de debate era o documento da RIS3 2021-2027.

En calquera caso, na miña primeira intervención eu trasladei claramente que nesta etapa —recollo textualmente a miña primeira intervención— «imos traballar para retornar a Galicia máis fondos europeos e estatais, de forma que aqueles axentes que poidan competir en España e en Europa accedan a ese financiamento, mentres que a Administración autonómica se centre en dar prioridade ás pequenas e medianas empresas axudándoas a gañar tamaño e competitividade a través da I+D+i. En definitiva, facendo unha aposta por universalizar a política de I+D+i, tamén nas pequenas e medianas empresas e, polo tanto, traballando para impulsar a marca Galicia desde o ámbito da I+D+i para captar novos investimentos e posicionarnos como un referente en España e tamén no conxunto de Europa».

Señorías, estamos nun momento decisivo para apostar pola I+D+i, para asegurar que a recuperación sustentable e o futuro de progreso para as vindeiras xeracións teñan no coñecemento o seu elemento tractor e, a partir de aí, precisamos que a política de I+D+i complemente a dobre transición enerxética e dixital que xa iniciamos e que sexa a garantía para saír máis fortalecidos do actual contexto. Galicia sábeo, igual que sabemos a importancia que ten a planificación fronte á improvisación.

Estamos ante unha nova Estratexia de especialización intelixente que supón un mapa de innovación en Galicia cara á vindeira década e, nese mapa, todas as rutas están ben definidas, todos os camiños levan a unha Galicia máis verde e máis dixital e máis innovadora e, sobre todo, é un documento que forma parte do consenso da Administración xunto con todo o ecosistema de I+D+i.

E se mo, permiten xa para finalizar, eu simplemente esta mañá lles pediría que se puideran unir a esta Administración e ao resto do ecosistema de I+D+i galego precisamente para construír entre todos unha Galicia máis innovadora.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.



(Pausa). (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao seguinte punto, ao punto 4, das mocións, comezando pola do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ollal Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do ingreso mínimo vital

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu, fiando os dous debates —porque ao final todo é un *continuum*—, eu creo que este país merece máis. E digo francamente que esa resignación, esa autocompracencia, ese conformismo, ese intentar anular o debate político facendo de oposición da oposición, descualificando ao outro ou manipulando o que di... eu creo que temos ou debemos, deberíamos, ter a responsabilidade, todas e todos, de estar á altura do que este país exige, do que as galegas e os galegos dan cada día. E non isto, nun debates máis centrais, máis transcendentais, un dos debates estratéxicos, tirar de argumentario e pasar dez minutos sen dicir nada sobre, probablemente, un dos elementos que deberan ser panca e motor de desenvolvemento do país.

A min o que me deixa é xa non sei se abraiada, pero é o que temos, polo menos de momento; e o que necesitamos, en todo caso, é abrir camiños novos e tamén un camiño novo e ter unha sociedade e un país que sexa máis inclusivo, que sexa máis garantista para as persoas, ademais, e os grupos de persoas que teñen unha maior precariedade e que se atopan nunha situación de maior febleza a día de hoxe.

Nós hoxe traemos unha moción que deriva da interpelación da anterior sesión plenaria —como lembrarán—, que está moi centrada no que ten a ver coas prestacións económicas que existen a día de hoxe no noso país, fundamentalmente a Risga e o ingreso mínimo vital. E a moción que hoxe defendemos está conformada por un conxunto de medidas que teñen por obxectivo cumprir con tres propósitos: o primeiro é deixar de tratar as persoas beneficiarias da Risga como delincuentes; o segundo é rematar coa incompatibilidade entre a Risga, fundamentalmente, e o ingreso mínimo vital; e, en terceiro lugar, camiñar cara a unha renda única, unha renda galega de inserción social e laboral.

Decía que o primeiro dos obxectivos é deixar de tratar as persoas beneficiarias —creo que molestou— da Risga como delincuentes, tal e como determinan as sentenzas xudiciais que todas as súas señorías coñecen e ás que nos referimos, nomeadamente a do Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, na pasada sesión plenaria. E que di, con absoluta claridade e rotundidade, que o único proceder irregular durante todo este conflito foi o da Xunta de



Galiza. E, ademais, advirte no seu fallo, ou lembra nesa sentenza firme, a xustiza di que: un, a Xunta de Galicia omitiu o trámite de audiencia durante todo o proceso de reclamación das persoas interesadas. Que tratou como se defraudasen a Administración a quen sempre actuou con arranxo ao que determina a lei, a quen sempre puxo en coñecemento con axilidade e con celeridade —tamén pola profesionalidade das traballadoras e traballadores sociais do noso país— calquera modificación na súa situación económica. E que, tendo obriga a Xunta de tramitar unha compensación —tal e como di a Lei de inclusión social de 2013—, o que fixo foi exixir a devolución íntegra das contías que foran percibidas, sempre de maneira legal, durante os meses en que se produce despois con carácter retroactivo esa suposta incompatibilidade.

Por iso, o que pedimos hoxe na moción desde o BNG é que, de oficio, *motu proprio*, a propia Administración inicie un proceso de revisión dos casos nos que se producira esa incompatibilidade ao percibiren o ingreso mínimo vital con carácter retroactivo, deixando sen efecto as obrigas de reintegro no sentido do ditado xudicialmente polas sentenzas recentes. Garantir, polo tanto, a máxima protección ás persoas beneficiarias, usando un criterio común para todas elas e non establecendo diferenzas entre quen decidira acudir á xustiza para reclamar os seus dereitos e quen non o fixese polas razóns que fosen, tal e como, ademais, vén de reclamar en días pasados recentes o Colexio Oficial de Traballo Social de Galiza. Porque é un auténtico disparate e un despropósito todo o prexuízo que o Goberno galego —o español tamén pola demora, pola ralentización absoluta na tramitación do ingreso mínimo vital—, pero moi especialmente a Xunta de Galiza, por seguir mantendo a incompatibilidade das dúas prestacións, o que está a causar á poboación máis vulnerable deste país un dano terrible, tendo como teñen, ademais, a capacidade, a competencia e, atreveríamonos a dicir desde o BNG, o deber de evitar que se manteña no tempo e que se produza.

E isto ten que acabar, acabar con esa incompatibilidade que existe actualmente entre a Risga e calquera outra prestación económica de idéntica natureza, nomeadamente o ingreso mínimo vital desde a súa creación; e facelo ademais nun tempo concreto e coa máxima celeridade.

Por iso, o que incluimos na moción que presentamos hoxe desde o BNG é que se remita esa proposta de reforma da Lei de inclusión social de Galiza antes de finalizar o actual período de sesións a este Parlamento, co obxectivo de que poida tramitarse e estea coa maior da rapidez en vigor para acabar —insisto— con esa incompatibilidade, que está a causar un enorme prexuízo á poboación máis vulnerable deste país.

Poñemos un obxectivo concreto, que é ao final deste período de sesións. Porque eu quero lembrar —xa o fixemos na anterior sesión plenaria— que a Xunta de Galiza leva anos dícíndolle ao Bloque Nacionalista Galego, á Cámara e ao conxunto da sociedade deste país que están traballando, que levan moitísimo traballado, que vai todo vento en popa e a toda vela. Pero o certo e verdade é que non hai modificación ningunha que se trouxera a esta Cámara por ningunha das vías posibles. E eu quero lembrar que hai distintos mecanismos legislativos que puido activar a Xunta de Galiza para acabar con esa incompatibilidade e por ningunha delas optou, nin por facelo pola vía rápida nas leis de acompañamento, nin tamén traendo un proxecto de reforma da Lei de inclusión social nestes dous anos que levamos case de lexislatura.



Non podemos seguir mantendo e estendendo no tempo sen incompatibilidade, polos prexuízos —insisto— que está a causar á poboación que menos ingresos, que se atopa nunha situación de maior vulnerabilidade; porque falamos de persoas en risco de exclusión social e de pobreza ou que xa están nesa situación. Eu quero lembrar que se lles están reclamando, ou que se lles reclamaron, cantidades que superan en moitos casos os 5.000 euros a persoas que viven con menos de 600 euros ao mes e que non cometeron —e saliento moito isto— nin unha soa irregularidade, nin a máis mínima, durante todo o proceso. Foi a situación xerada polas propias administracións, polos gobernos tanto español como galego, e, nomeadamente, polo proceder do Goberno galego, o que trouxo a moitísimas persoas a unha situación tan grave coma esta. E é unha irresponsabilidade, é unha absoluta irresponsabilidade que o Goberno galego cargue, deite todo a Administración, en contra das persoas máis vulnerables.

Polo tanto, reforma da Lei de inclusión social e transferencia a Galiza do ingreso mínimo vital. Pero con firmeza, con contundencia, non de vez en cando cando sae este debate aquí dicindo que se quere para Galiza esa competencia, senón reclamando a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias, que é unha capacidade que ten o Goberno galego para reclamar, entre outras, esa transferencia do ingreso mínimo vital. Pero entre tanto non se procede porque é traballososo, quero dicir, non é simplemente ter a vontade e ao día seguinte aparecer publicado nin no BOE nin no DOG, senón que entre tanto se tramita ese proceso de transferencia do ingreso mínimo vital a Galiza, que se asine —como xa se fixo con outros gobernos, nomeadamente, os forais, tanto Navarra como Euskadi— eses convenios de xestión administrativa desta prestación. ¿Co obxectivo de que? Diciao ao comezo da intervención: de camiñar cara a unha verdadeira renda galega de inclusión social e laboral, unha renda única que remate tamén con esa burocracia que carga moitas veces a persoas que xa teñen abondos problemas como para ter que estar tramitando unha e outra vez, ou estar traballando unha e outra vez, en procesos administrativos moi tediosos.

E o que formulamos tamén na nosa proposta é que nese proceso de reforma da Lei de inclusión social de Galiza non só se remate coa incompatibilidade, senón que camiñemos tamén cara a unha reforma da propia renda que, insisto, garanta ingresos mínimos ás persoas que se atopan en peores condicións, adaptándoa tamén á realidade da pobreza no século XXI, no ano 2022. Eu quero lembrar que a Risga é, das prestacións económicas de carácter autonómico que existen no Estado español, das máis baixas da nosa contorna.

O que propomos hoxe desde o BNG é que se vincule ao salario mínimo interprofesional, non ao IPREM. Isto acontece así xa, por exemplo, na renda de garantía de ingresos vasca, que é un bo espello no que mirarse. Aínda que ten, efectivamente, os seus problemas e é moi mellorable, como todo, pero é un bo espello no que mirarse. Acabar con esa incompatibilidade tamén coas rendas do traballo, porque hoxe temos moitísimas persoas traballadoras pobres, é dicir, hoxe ter un contrato laboral non significa que contes cos ingresos que necesitas para ter unhas condicións de vida dignas. E, sobre todo, tamén incorporar a esa nova Risga —por dicilo así—, ou a esa reforma da Risga, aquelas persoas que hoxe están excluídas, tanto da que está en vigor como a do ingreso mínimo vital. E facemos especial fincapé en colectivos como poden ser os menores tutelados, ou exmenores tutelados, porque son un colectivo que —como saben— teñen unha moi difícil inserción no mercado laboral.



E, por último —témolo defendido en moitas ocasións—, insistimos na necesidade de traballar niso, que é incorporar a tarxeta básica como un recurso de emerxencia xa dentro da propia lexislación, regulándoa como un recurso ao que poder acceder como ponte entre tanto non se tramitan outras prestacións económicas, nomeadamente a Risga. Hoxe hai un proceso de tramitación da Risga que se pode dilatar máis dun mes, entre dous meses, e hai moitas persoas que non poden agardar para ter acceso a recursos de alimentación, ou para ter acceso á compra de produtos de hixiene, produtos básicos. Cremos que é unha proposta coa que todas as forzas políticas podemos e deberamos estar de acordo. E agardamos contar co apoio de toda a Cámara.

Máis nada, de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Compartimos en todo o que acaba de relatar a señora Rodil, e compartimos practicamente todas as cuestións que mencionou. Parécenos que este tipo de debate, lamentablemente, segue a ser necesario tendo en conta a crise que estamos a atravesar, motivada pola pandemia e agora polas consecuencias derivadas pola guerra de Rusia contra Ucraína. E penso que temos o deber tamén de ser sinceros coa cidadanía, e para iso temos que ordenar cronoloxicamente o que sucedeu dende que se creou o ingreso mínimo vital ata hoxe, para que os galegos e galegas saiban a verdade.

Día 1 de decembro de 2020, Comisión 3ª, sobre orzamentos de política social, mesmo ano no que o Goberno de España creaba o ingreso mínimo vital, de natureza compatible coas rendas mínimas de inclusión do conxunto das comunidades autónomas do país. Ese mesmo día xa advertimos á propia consellería —nomeadamente, esta deputada—, á propia Consellería de Política Social, que a Risga era incompatible, debido á Lei de inclusión de Galicia, con outras prestacións similares. ¿Sabem cal foi a resposta da conselleira de Política Social? Pois cito textualmente: «Vostede di que temos que facer todo o posible para compatibilizar a Risga co ingreso mínimo vital. Non podemos facer compatible o ingreso mínimo vital, que nace agora, cunha prestación que leva 30 anos, o lóxico é que unha prestación que nace agora se faga compatible coa que xa hai, non a que xa hai coa nova». Traducido, ou o que é o mesmo, ¡a conselleira de Política Social descoñecía que o ingreso mínimo vital era compatible coas rendas mínimas de inserción das comunidades autónomas! Cando xa levaba sete meses aprobado o ingreso mínimo vital. ¡Non lera a lei! Isto é increíble pero é certo, isto está pasando en Galicia. Cinco meses máis tarde, porque isto non sae gratis, isto ten consecuencias, e cinco meses máis tarde chegaron as consecuencias. A Xunta chama á porta de 2.000 familias ao límite para que devolvan miles de euros tras ser beneficiadas polo ingreso mínimo vital: «La Xunta reclama la Risga a familias que no les alcanza para comer si también reciben el ingreso mínimo vital». Isto ¿por que pasou, señorías? Explícollelo. Isto aconteceu porque a



Xunta decidiu, a pesar de que a avisamos, manter a incompatibilidade da Risga coas prestacións similares. Estamos a falar de familias en situacións críticas, sen recursos, moitas delas con menores a cargo; ás que o Goberno galego reclamou 2.000, 3.000 e ata 5.000 euros. E o máis grave é que segue a ser incompatible a día de hoxe, cunha pandemia, coas consecuencias dunha guerra como as que están a sufrir, particularmente, as familias máis vulnerables. E o Goberno galego, lonxe de facer un plan integral —como solicitamos en moitísimas ocasións— ás persoas máis vulnerables, mantén a día de hoxe, 26 de abril de 2022, tras dous anos de se implantar o ingreso mínimo vital, o veto escrito na Lei galega de inclusión que impide a compatibilidade da Risga. (*Aplausos.*) E tras reclamar e tratar como persoas morosas a máis de 2.000 familias sen recursos ás que se lles concedeu o ingreso mínimo vital, moitas con menores a cargo. ¿E Feijóo atreveuse sen pestanexar a dicir que Pedro Sánchez non ten corazón?

Revisen de oficio os cobros indebidos ás familias que peor o están a pasar. Vostedes son os que teñen que ter corazón, que están a gobernar Galicia e están facendo este tipo de cuestións totalmente ilícitas e totalmente fóra da moralidade que se precisa e da sensibilidade e a empatía coa cidadanía galega, que lles ofreceu a confianza para que gobernen cunha maioría absoluta.

Terceiro. Tivo que chegar marzo de 2022, marzo de 2022, para que a xustiza corrixira esta desfeita do Goberno galego coas familias que peor o están a pasar, impedindo exixir o reintegro da Risga ás persoas que tamén percibiron o ingreso mínimo vital. Sentenza que é unha labazada para a pésima e insensible xestión da Xunta nesta cuestión, insensible por tratar como morosas a persoas sen recursos, por manter conscientemente a incompatibilidade da Risga e logo, aínda por riba, reclamar eses cartos cando a propia Lei de inclusión galega establece que o reintegro das contías indebidamente percibidas só procederá no suposto de ocultación ou falseamento de datos, ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica, que, evidentemente, non foi o caso destas familias, señorías.

¡Claro que sería acaído transferir o ingreso mínimo vital, pero cun Goberno galego sensible e dilixente cunha materia tan sensible! ¿E despois desta falta de empatía coa cidadanía cren que é posible transferir o ingreso mínimo vital a mans deste Goberno nesta situación? ¡Se a propia xustiza os está repreendendo nesta materia! Pero non só a xustiza, senón que, para máis inri, o último informe sobre rendas mínimas de inserción da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais a nivel estatal destapou datos preocupantes en Galicia nesta materia. Concretamente, dous datos preocupantes:

Primeiro, o Goberno galego apenas logra chegar a un 5 % da cobertura de galegos e galegas que viven baixo o umbral da pobreza. Pero é que noutras comunidades autónomas como o País Vasco ou Navarra chega ata o 60 %.

Segundo, a propia contía da Risga, a renda de inclusión galega, é das máis baixas do Estado respecto á media das comunidades autónomas do noso país.

Con este panorama na propia renda de inclusión galega, tras máis de 30 anos da súa implantación, comprenderán que é difícil imaxinar como poderán xestionar o ingreso mínimo



vital, aínda que ao mellor con Rueda como presidente as cousas melloran, pero dubido moito que así sexa.

O que está claro é o compromiso por parte do Goberno de España de axudar ao Goberno galego nesta materia para que teña a dilixencia que se precisa e traballar na coexistión, tal e como se trasladou na reunión que se celebrou en Santiago de Compostela o pasado 24 de xaneiro. Proposta que, como saben —se coñecen a Lei do ingreso mínimo vital, non como a conselleira—, se atopa no marco da disposición adicional. Ademais, lembramos a posibilidade de que a coexistión use a compensación interadministrativa de pagos incorporada no trámite de emendas pola propia lei.

Deixen de terxiversar tamén dende o Partido Popular cando falan da transferencia con esas comunidades autónomas que si ou si a teñen que ter porque son comunidades forais. E o feito de solicitar tamén unha xestión similar é complexo tamén, como saben, partindo da premisa de que xuridicamente non son comparables.

Por todo iso, o Goberno de España tendeu a man ao Goberno galego, plantexando que se articule a coexistión de ambas as prestacións, unha vez que a Xunta adapte dunha vez por todas a Lei de inclusión para poder establecer con dilixencia e coordinación que permitan a máxima colaboración interadministrativa.

Pero fagan algo, non sigan de brazos cruzados nesta cuestión. Adapten a lei dunha vez por todas. Incrementen a contía da Risga, como fixo o propio Goberno de España co ingreso mínimo vital, para deixar de ser os últimos da cola de toda España e estar á altura das circunstancias que están a vivir tantas familias que o están a pasar moi mal. Non teñan medo de copiar o bo, o que se fai ben por parte do Goberno de España, cópieno.

En Galicia temos unha taxa de pobreza infantil significativa, e é que moitas destas familias teñen menores a cargo. Fagan un plan integral contra a pobreza, especialmente contra a pobreza infantil, e blinden os dereitos das persoas no peor momento. E fagan exame de conciencia do tipo de políticas que executaron nos últimos trece anos en materia de política social, sendo o goberno de España que ten a renda de inclusión máis baixa de toda España, que non chega nin ao 5 % de persoas susceptibles desta prestación; das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente dependente. E, o máis grave, que agocha a case 10.000 dependentes sen meter no sistema para que non saian en ningún tipo de estatística e agochalos. Será que queren facer o mesmo que fixeron cando pedimos os datos de contaxios e falecementos de covid por cada centro residencial, para agochar a realidade á cidadanía galega. *(Aplausos.)*

¿Saben que é o peor? Que estou imaxinando a seguinte intervención do Partido Popular e, lonxe de aceptar a realidade, para cambiar, para empatizar coa cidadanía nunha cuestión tan sensible e estar á altura das circunstancias que estamos a vivir, lonxe de todo isto, aínda terán máis que dicir, seguro. Rectifiquen xa.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Ben, pois aínda que á señora Ortega lle moleste, creo que é o meu turno para dicir, efectivamente, algo teño que dicir.

A verdade é que sorprende que se nos pida rigor no debate despois de escoitar as intervencións que acabamos de escoitar.

Por se a alguén lle pasou desapercibido —a min non, dende logo— e por se o BNG ten dúbidas de por que se está atrasando isto, acaba de dicilo a señora Ortega. Non se pode ceder o ingreso mínimo vital a este goberno, a outro goberno galego si, pero a este non. E esa é a base de todo este debate, non é outra, señora Rodil, non se engane. Non o ceden porque non o queren ceder polo de agora.

A min, iso si, sorpréndeme que tanto o BNG como o PSOE nos pidan hoxe apoiar a mesma proposta que este Parlamento aprobou hai seis meses cos únicos votos do Grupo Parlamentario Popular. Non sei se é ese o rigor ao que se refería a señora Rodil.

Proposta de resolución número 3, Debate do estado da autonomía: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco da próxima reunión da Comisión Bilateral de Cooperación, demande ao Goberno central a axilización da transferencia de competencias prioritarias para Galicia, de conformidade coas previsións contidas na Constitución e o Estatuto, en particular a transferencia da titularidade da AP-9 —iso que agora chama *unha carretera*—, da xestión do dominio marítimo público-terrestre e da xestión do ingreso mínimo vital». Votos favorables, Grupo Parlamentario Popular; BNG, abstención; PSOE, en contra. Hoxe é urxentísimo. ¡Vivir para ver! Este é o rigor que nos piden.

Igualmente sorprende que tenten responsabilizar das dificultades económicas que sofren moitos galegos e galegas, e moitos españois tamén —hai que dicilo—, á Xunta de Galicia, que resulta que acaba de aprobar o orzamento social máis alto da súa historia ao tempo que, iso si, se mantén silencio sobre a xestión económica do Goberno do señor Sánchez, apoiado polo BNG, que é a causa fundamental desas mesmas dificultades económicas.

Porque, señorías, o Goberno galego non é o responsable da situación actual de crise, pero vai estar ao lado das galegas e dos galegos. Igual que estivo durante a crise financeira, igual que estivo durante a crise da covid. Nós, tamén hai que dicilo, estamos acostumados a que se nos exixa arreglar os problemas que outros crean ou agravan e que, ademais, se nos ataque por facelo. É unha vella estratexia tanto do BNG como do PSOE. Porque os que nunca arreglaron nada curiosamente teñen solucións para todo. E, iso si, ¿que aumentan os parados porque se pecha As Pontes? A culpa é do PP. ¿Que aumentan os parados porque o Goberno nega a tarifa específica para as electrointensivas? A culpa é do PP. ¡Oia!, ¿que ao señor Sánchez se lle dispara inopinadamente o prezo da luz e dos carburantes? A culpa é do PP. ¿Que a inflación se descontrola e se crea unha pobreza sen precedentes en España? A culpa é do



PP. E isto é así porque vostedes só manexan un mantra, un moi sinxelo: namentres outro lles garantan a poltrona, a culpa é da *derechona*. E con isto teñen arreglado vostedes todo o discurso dunha lexislatura completa. (*Aplausos*.) É fantástico.

Mire, ¿sabe cal é o problema? O problema é que a Xunta xa aprobou medidas para aliviar a situación dos máis prexudicados por esta crise de prezos, e continúa traballando para non deixar a ninguén sen apoios, como fixo sempre. A todos os cidadáns galegos. E, por certo, pediríalle, xa que nos pide rigor, que non chame a ninguén «delincuente». Porque a única persoa que utilizou ese termo para referirse a persoas que, con todo o dereito, acoden ao xulgado a pedir que se lles faga xustiza, foi vostede, ninguén deste grupo.

Por certo, para vostedes é un escándalo que un xulgado dite unha sentenza. ¡Home!, eu teño aquí outra sentenza polo mesmo asunto, ditada por outro xulgado, concretamente o Número 1 de Santiago de Compostela. E resulta que lle dá a razón á Xunta. ¿Por que? Porque é o lóxico. Cando hai problemas acódesse aos xulgados e os xulgados deciden en función das circunstancias e do criterio xurídico do xuíz que as xulga, nada máis e nada menos. Iso non é ningún escándalo, é a normalidade nun país democrático.

Pero a Xunta non vai deixar a ninguén atrás. En primeiro lugar, porque aprobou o orzamento social máis alto da nosa historia. Alá empezamos polo mes de outubro. ¿Por que? Porque os efectos da covid, acumulados á suba da inflación, comezaron hai meses, non é nada novidoso.

E tamén aprobou a Xunta un primeiro paquete de medidas extraordinarias, porque todos sabemos que esta crise se agudizou en parte pola invasión de Ucraína por parte de Rusia — esa que algúns se negan a condenar —, e, en parte, polas políticas do señor Sánchez. Por exemplo, a fantástica xestión que fixo no Sáhara e o encarecemento do gas que iso nos vai producir respecto de Alxeria. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non, claro que non!

E agora preocúpalle moito a xente, preocúpalle moito a xente que ten que transitar dunha Risga ao ingreso mínimo vital, iso si, aínda que se negaron a negociar co Goberno de Galicia unha pasarela para que as cousas que están ocorrendo non ocorreran. Entón non lles preocupaba.

E seguimos traballando. Traballamos cara ao futuro mediante a reforma da Lei de inclusión social, que o que quere é propoñer un mapa de axudas coherente, para establecer non que sexan compatibles, que nunca foi o que se plantexou, senón que sexan complementarias, que se poidan complementar. E falan do atraso acumulado. Iso si, como sempre, esquécelles contar que van sete modificacións lexislativas desa lexislación coa que nos temos que complementar. Por certo, a última non foi hai moitísimos meses, foi no mes de decembro, señora Rodil.

E, por certo, as propostas que vostedes fan, e que son todas moi respectables, xa se están a avaliar e incorporaranse en función de que sexan coherentes ou non co plantexamento xeral que se vai facer nesa reforma da Lei de inclusión social.



Pero a realidade, señorías, é que a inflación segue aumentando, que os produtos básicos de consumo continúan por riba dos prezos que con gobernos doutra cor —do meu, por certo— xustificaban protestas. Recordarán protestas, ás veces moi violentas, nas rúas. Xustificaban folgas, xustificaban peticións de dimisións. ¡Hoxe este problema arréglase coa convocatoria dunha Comisión Mixta de Transferencias!

E parece que esta urxencia que ten o BNG, e que tanta présa lle corre, se lle esquece que ese compromiso xa o tiñan vostedes acordado. ¿Non se acorda? No pacto de Ana e Adriana. Era o primeiro punto do ano e dicían que xa esa comisión estaba convocada para o primeiro trimestre de 2020. Agora veñen coas présas, agora que xa conseguimos ser a primeira comunidade autónoma de réxime ordinario que xa ten comprometida a cesión do ingreso mínimo vital. ¿Onde están aquelas solucións máxicas que nos prometía aquel pacto? ¿Onde está a súa indignación polo incumprimento do pacto, señora Rodil? ¿Onde están os superpoderes daquel superdeputado que valía polos outros 22 que representaban a Galicia? Pois resulta que Galicia é a primeira comunidade que vai obter o ingreso mínimo vital das de réxime común. E non se fixo nin grazas a súper Néstor nin grazas a *wonder* Pontón, nin grazas a Rodil *girl*. Fíxose grazas ao presidente Feijóo, que non ten máis superpoder que o diálogo e o sentido común. (*Aplausos.*) ¡Mire vostede por onde!

Miren, señorías, nós non imos participar da demagogia ou da resignación, e, lonxe diso, o PP acaba de presentar un plan de medidas urxentes e extraordinarias en defensa das familias e da economía de España. O obxectivo creo que é razoable: devolver a quen máis sofre as consecuencias da inflación e o exceso de recadación que se está ingresando nas arcas do Estado por esa inflación. Porque a realidade é que namentres os cidadáns pasan as maiores aperturas dos últimos anos, o Goberno do señor Sánchez dispón do maior orzamento que nunca tivo. ¿Como debe utilizarse ese orzamento? ¿Como unha campaña de imaxe para maquillar ese novo fracaso do socialismo, esta vez socialismo bipartito, ou para axudar a quen peor o está pasando?

Miren, non o digo eu, dio a AIREF. Cada punto de inflación supón 2.000 millóns máis de recadación adicional para o Estado. Iso quere dicir que a previsión para este ano é que o exceso de recadación supere os 12.000 millóns de euros. E vostedes veñen aquí falar do ingreso do 15 % do ingreso mínimo vital. Mire, iso e todas as demais medida que propuxeron son 6.000 millóns, a metade do exceso que van recadar este ano.

E, ¡home!, eu creo que coincidiremos en que todos temos que arrimar o ombreiro, pero tamén parece bastante razoable que quen deba facelo con máis intensidade é aquel que dispón de máis recursos. E por moito que vostedes insistan no engano de que as comunidades autónomas se benefician diso, a realidade é que as comunidades autónomas non van recibir nin un só euro do recadado, polo menos, ata dentro de dous anos. Porque os anticipos a conta xa están ingresados. A nós non nos corresponde absolutamente nada máis. E dentro de dous anos xa veremos se o exceso que lles corresponde ás comunidades autónomas o ten que pagar o señor Sánchez ou, como é habitual, lle deixaron o paquete para o seguinte que teña que vir arranxar as desfeitas que vostedes deixan habitualmente cando gobernan.

Señorías, o Goberno si dispón deses cartos. O goberno si ten esa dispoñibilidade. Curiosamente, escoitamos estes días que non poden facer esa rebaixa que beneficiaría a familias e



pequenas e medianas empresas porque din que lle fan falta para garantir a sanidade e a educación, ¡que as pagamos as comunidades autónomas! ¿Pero que clase de broma é esta?, ¿Pero que tomadura de pelo aos cidadáns pretenden votedes? Mire, absolutamente toda a Europa da nosa contorna está baixando eses impostos, é o razoable, é o normal, ¿ou querenme con vencer a min e ao resto dos cidadáns galegos de que o señor...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...Draghi, o señor Macron ou o señor Costa son ultraliberais pe rigosos que poñen en perigo os servizos públicos? Non, señorías. Os servizos públicos quen os pon en perigo son os demagogos e os populistas, eses que, en palabras da activista gua temalteca Gloria Álvarez, «ama tanto aos pobres que os multiplica». Niso están vostedes.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Nós imos seguir en darlle solución a toda esa xente que o está pasando mal, á que a Xunta...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... nunca deixou de lado e a que a Xunta unha vez máis vai estar ao seu carón.

Mais nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pazos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo autor da moción, o Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fer nández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Simplemente unha cuestión que dicía a señora Ortega ao principio que descoñecía a conse lleira e a Xunta. Non descoñecen nada, é dicir, aquí méntese descaradamente para intentar tapar as responsabilidades, porque eu, señor Pazos, de verdade, todo o interese do mundo por falar da crise provocada pola invasión rusa en Ucraína e a inflación, pero nós como que viñamos centrados nun problema moi concreto, creo que bastante claro á hora de poder en tendelo, que é que a incompatibilidade que se mantén na Lei de inclusión social de Galiza de 2013 entre a Risga e outras prestacións o que provocou é que ás persoas máis vulnerables deste país e, ademais, a maior parte das perceptoras e perceptores da Risga, que non cobra ningún complemento familiar porque non teñen fillas e fillos a cargo, que eran a únicas que podían acollerse a unha bonificación, se lles reclaman cantidades que ascenden a máis de 5.000 euros, por un problema xerado polos gobernos, polas administracións, e nomeada mente pola Xunta de Galiza, que en dous anos, señor Pazos —porque a Lei de inclusión social



é galega, é de ámbito autonómico, compételle á Xunta de Galicia e a este Parlamento—, en dous anos o Goberno galego nin quixo, porque, claro, o primeiro ano todos podíamos entender as cousas, pero dous anos despois non, señor Pazos.

Eu díxeno o día da interpelación, díxenllo á conselleira e repítollo a vostede: viven comodisimamente usando de escudos humanos, de pelota para tirarlle ao Goberno de España, comodisimamente nesa situación. Por iso non se acaba coa incompatibilidade, por iso non se move un dedo para que se proceda a esa sinatura do convenio de xestión do ingreso mínimo vital, e vén e sácame aquí unha votación de outubro de 2021. Seis meses pasaron, e dixo a conselleira na anterior interpelación que tiveran dúas reunións, en seis meses. *¡Va la cosa con una velocidad!*. ¿Que lles preocupa? Eu creo que ese ritmo, esa parsimonia, que di miña nai, bastante significativo de cal é a importancia, a relevancia e a preocupación que ten o Goberno galego de poñer polo menos algunha medida para axudarlle á poboación máis vulnerable deste país. (*Aplausos.*) E eu quero lembrar que o 42 % da poboación que é beneficiaria da Risga só cobra o ingreso mínimo, é dicir, reclámaselle todo, reclámaselle todo e o único que se lle fixo foi darlle un período un pouco máis amplo para poder proceder a esa devolución.

A solución que nós propoñemos, que é a mesma, insisto, que pediu o Colexio Oficial de Traballadoras e Traballadores Sociais de Galiza en día recentes, é que a Xunta de Galiza, porque pode facelo e cremos que debe facelo, revise de oficio todos os procedementos que se abriron de reclamación e o que faga é, con arreglo ao que pon a lei de inclusión, buscar compensacións e non devolucións integras. É dicir, que tenda a man e busque fórmulas para axudar a persoas —dicíao na miña primeira intervención— que non defraudaron, que non cometeron ningunha irregularidade, senón que o feito de facer todo con arreglo ao que dispuña a Xunta e a propia Administración e a lexislación estatal, e a lexislación galega, de repente se viron cunha incompatibilidade que nin buscaron nin perseguiron nin tiñan vontade nin defraudadora nin delituosa, e iso dio a xustiza, non se xerou este problema por unha irregularidade nas persoas beneficiarias, senón polo procedemento da Administración. Que a Administración, polo menos, de verdade, polo menos, teña a boa vontade de querer axudar e non seguir engordando o problema. E despois, o que formulamos desde o BNG é cara a onde camiñamos. Vamos solucionar ese problema, xerado, única e exclusivamente, pola incompatibilidade que se mantén desde a Xunta de Galiza, ou desde o ordenamento xurídico deste país, desde a lexislación galega, de incompatibilidade da Risga, busquemos esa solución e camiñemos cara a outro escenario, un escenario de complementariedade, efectivamente. Pero é que aquí hai acordos desta cámara que apoiamos o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, en varias ocasións, ¿verdade, señor Pazos? E sos, ademais, sos, e buscamos cal é a complementariedade e ir camiñando cara a unha única renda.

Aí non temos acordo económico, pero dá igual, imos camiñando nese sentido. Pois camiñemos conxuntamente, ¿con quen? Eu creo que a responsabilidade que ten a segunda forza política desta Cámara, ou calquera, será poñer enriba da mesa cal debe ser ese camiño, e nós levamos —meses non, anos— formulando unha proposta de ir camiñando cara a unha renda que sexa compatible coas rendas do traballo, cando non cheguen os ingresos mínimos suficientes, e que non teña un período de caducidade, independentemente da vixencia do contrato. Porque hoxe a Risga acábase, esa complementariedade vai coas



rendas do traballo, vai mermándose mes a mes ata que desaparece. Dá igual que ti sigas cun traballo precario, que non che dá para vivir con dignidade, que a Risga aos seis meses desaparece.

Vaiamos camiñando tamén a un complemento de vivenda para todas as persoas que o necesiten, vaiamos camiñando tamén cara a mecanismos, ferramentas... Nós dixémolo, nunca nos caeron os aneis por dicir que a tarxeta básica é unha boa medida. Regulémola, inclúamola na lei, fagámola unha ponte desde a que ti vas aos servizos sociais a dar conta de que tes unha situación precaria ata que podes acceder á prestación. Todas as veces que trouxemos estas propostas votaron en contra, e aínda non sabemos cal é a súa. Non sabemos cal é a súa, non formulou ningunha proposta nin o Partido Popular nin moito menos a Xunta de Galiza. Entón, non sei quen é o do non aquí, porque trouxemos polo menos tres veces esta proposta. *(Aplausos.)* Creo que é lóxica, que é sensata, que é factible e, sobre todo, que é xusta e que é necesaria.

Teñen a man tendida, non imos votar ata despois de xantar e eu pídolles que recapaciten, as dúas forzas políticas, que votemos conxuntamente, unanimemente, a integridade no seu conxunto, esta proposta do BNG, porque é xusta, porque é necesaria, e sobre todo porque é digna para as maiorías sociais e para as persoas máis vulnerables deste país.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

Rematado o debate desta moción, suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e un minutos e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a situación do sector pesqueiro

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de modificación:

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido do punto 1 polo seguinte texto:

<<1.- Demandar do Goberno de Estado, sen menoscabo doutras actuacións:



- *A que unha vez aprobada a Directiva Europea de reforma dos tipos de IVE, aplique o IVE superreducido a peixes e mariscos, incentivando a súa vez o consumo destes produtos.*
- *Levar a cabo as actuacións necesarias para reverter as propostas das institucións comunitarias para a modificación da Directiva sobre Tributación da Enerxía e o paquete de medidas Fit-For 55, así como da OMC tendentes á eliminación das bonificacións ao combustible pesqueiro.*
- *Manter o aprazamento das cotas da Seguridade Social mentres se manteña a excepcionalidade da situación actual.*
- *Manter as exencións de pago das taxas portuarias que se aplican ás distintas frota nos portos do Estado radicados en Galicia, namentres non se acade unha recuperación efectiva do sector.*
- *Bonificación de 35 cts/litro para o combustible pesqueiro, tal e como reclama o sector.»*

Para formular a moción ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señorías, hoxe cúmprese 38 días dende que o Goberno da Xunta, o seu propio presidente —o saínte, digo— anunciara a medida estrela da Xunta para a crise brutal que está a sufrir o sector do mar.

Literalmente, contemplaban compensar un mínimo de dous meses as taxas que cobra Portos de Galicia. Un anuncio que, despois daquel 17 de marzo, repetiron ata a saciedade, e que a día de hoxe aínda non rematou a súa tramitación. É dicir, todo un Goberno galego, o campión propoñendo e anunciando medidas, ficou convertido —isto dende hai anos, non só dende o 17 de marzo— no campión tamén en non poñer ningunha medida en marcha— (*Aplausos.*). Unha única medida que segue á espera, probabelmente, da seguinte crise, porque para esta xa pensamos que non vai ter moito acerto.

No debate da interpelación que deu lugar a esta moción de hoxe, o pasado 4 de abril, a conselleira do Mar incidiu no grandísimo peso que lle veñen de quitar de enriba ao sector do mar con esa compensación de taxas portuarias durante dous meses, e que aínda non é oficial. Unhas taxas que non só o Goberno central nos seus portos, senón tamén outras comunidades autónomas cunha frota pesqueira infinitamente menor da que temos en Galicia, puxeron en marcha por seis meses de execución dende un principio.

Naquel debate, no da interpelación, ademais, a conselleira explicounos outras dúas grandísimas medidas que xa estaba a aplicar a Xunta de Galiza. Primeiro, intensificar a campaña *Galiza sabe a mar*, para apoiar a frota; e a segunda, ou a terceira, se contamos coa a taxas como primeira, axilizar o pago das axudas que xa están concedidas. Medidas, en realidade, de autobombo e, dende logo, de máis desconsideración que envergadura. E digo que si que son desconsideradas por non dicir ofensivas, porque calquera sector, e tamén, evidente-



mente, o do mar, suponse que non ten que estar nunha situación extrema como a que está a padecer na actualidade para que a Administración axilice, apure, ou efective canto antes, o pago das axudas que lle ten concedidas, ou que teña que agardar a que campañas de promoción dos seus produtos se intensifiquen agora con máis dun ano de atraso —si, si con máis dun ano— porque hai máis dun ano que estamos nunha crise sen parangón para o sector, contando incluso a pandemia e cunha inflación por riba do 10 %, desbocada aínda máis no propio país que no Estado.

En definitiva, un paquete de medidas, de tres medidas, un gran paquete, efectivamente, como dicía aquela señora que acompañaba nas manifestacións en contra do galego o Partido Popular, paquete no sentido pexorativo do tema. Pois ben, en definitiva, un paquete de tres medidas que non son máis que actuacións que deberan ser ordinarias, absolutamente ordinarias, pero que o Goberno galego quere vender como auténticas medidas extraordinarias.

Agora, iso si, que non se van incrementar en ningún caso. Estas tres medidas non se van incrementar en ningún caso. E por se tiñamos algunha dúbida, xa o deixou ben claro a semana pasada a secretaria xeral da Consellería na Comisión de Pesca, que negou, que pechou definitivamente a porta a calquera posibilidade de poñer en marcha axudas directas da Xunta ao sector, porque, segundo ela, coliden coas que ten en marcha o Goberno estatal. Como ven, o de colidir, ¿verdade?, coas do Goberno estatal é un verdadeiro argumento de peso que lle suxerimos ao partido Popular que poñan en coñecemento daqueloutras comunidades autónomas que xa acordaron, hai tempo ademais, axudas directas propias ao sector e que seguramente non saiban — seguramente, como o Partido Popular de Galicia— que están colidindo coas medidas do Goberno estatal.

Pero é curioso. Mentres a secretaria xeral cortaba polo san calquera atisbo de axudas autonómicas, seguía ao mesmo tempo reclamando e apremiando a todo o mundo, ao Goberno do Estado, por suposto, á Unión Europea e a calquera, daba igual, a calquera que non fose, evidentemente, o propio Goberno galego, apremiando a actuar.

É realmente insultante. Máis dun ano con gravísimos problemas no sector do mar e o Goberno galego sen mover un dedo. Só e unicamente agardando e apremiando a que o movan os demais. E cando o moven, cando os demais moven o que teñen que mover, podemos coincidir en que tarde e insuficientemente, todo hai que dicilo, pero cando os demais moven o que hai que mover, a Xunta tampouco o fai porque di que confronta, que colide coas medidas que xa teñen postas en marcha outras administracións.

O seu, o do Goberno galego, non é axudar, non é apoiar ou pensar sequera en colaborar cun sector que leva meses perdendo cartos. O do Partido Popular, o motivo da súa existencia, basicamente, é, precisamente, o que dixo a secretaria xeral na Comisión de Pesca, é confrontar, facer de calquera tema, incluso desta crise tan grave —xa pasou na pandemia tamén, non nos colle de sorpresa—, facer disto parte da súa loita partidista. E o seu obxectivo non é ser Goberno galego, senón oposición permanente ao Goberno do Estado, mentres, evidentemente, no Goberno do Estado governe outra forza política. Cando o goberna o propio Partido Popular, simplemente o obxectivo do Goberno galego e do Partido Popular en Galiza é asentir e aplaudir.



Ben, tan grave foi a afirmación da secretaria xeral da Consellería, pero non foi a única nesa Comisión de Pesca, porque nesa Comisión de Pesca o propio Partido Popular votou en contra da proposta do BNG de poñer en marcha medidas precisamente para o sector do mar, e votou en contra porque, única e exclusivamente, pretendían que eliminásemos da nosa proposta todas aqueles medidas que ían demandadas ou solicitadas ao propio Goberno galego. Se quedaban os do Goberno do Estado só, pois, evidentemente, o Partido Popular votaría a favor.

En fin, para vostedes, para o Partido Popular, o verdadeiro goberno é o Goberno de Madrid, é o Goberno do Estado; o galego é, como interpretan vostedes, unha enorme oficina de tramitación que, dende logo, para vostedes cumpre unha única funcionalidade, que é, como está pasando agora mesmo, con máis evidencia que nunca, é chegar e dicir: o Goberno galego é o medio de chegar o Partido Popular ao Goberno central.

En definitiva, o goberno dun país que ten a frota e o sector pesqueiro máis importante de todo o Estado, que ese sector segue sobrevivindo pese a ese goberno, tomou unha única e gran medida en todo este tempo, que foi, que é, segue sendo, a de reclamar, a de urxir, a de apremiar, a de demandar, a de instar a outros a que actúen porque connosco, co Goberno galego, co Partido Popular, isto non vai.

Para nós, para o Bloque Nacionalista Galego, a verdade é que a actitude do Goberno galego é tan temeraria como irresponsable. E queda en pura propaganda e non resolve absolutamente nada, só serve para o lucimento propio dos conselleiros de turno.

A Federación Estatal de Confrarías vén de reunirse o pasado sábado, antonte, e vén de comprometerse con toda a responsabilidade do mundo, aí é onde está a responsabilidade no propio sector, vén de comprometerse a seguir traballando. A seguir proporcionándonos, efectivamente, o alimento do mar. Pero ao mesmo tempo vén de solicitar expresamente axudas directas ao sector por parte das comunidades autónomas. ¿E cal é a resposta da Xunta a esta demanda da propia Federación estatal? Pois a Xunta di que está estudando. A Xunta cando non está estudando está facendo informes, todo menos gobernar, iso é verdade. *(Aplausos.)* Todo menos gobernar.

Entón, neste caso, a Xunta está estudando a posibilidade de utilizar os remanentes do FEM para crear un paquete de axudas, e punto. Isto é o que hai, para isto temos un goberno galego do Partido Popular.

O Partido Popular recoñece, a pesar de todo isto, a pesar de que non move un dedo, a pesar de que non fai nada, recoñece, efectivamente, que a situación da frota, do sector do mar, é límite. Que aínda pode, ademais, empeorar, pero, a pesar de todo isto, deciden non tomar medidas, non tomar medidas efectivas, senón que, realmente, o que están facendo é intentar liar, intentar confundir e nin sequera están sendo capaces, agora mesmo, de adiantarse, como Goberno galego que son, e prever que a cousa, a situación actual, aínda pode ir moito a peor. Non están pensando en nada diso, e en todo caso, se nalgún momento o pensan, teñen a solución, que é seguir demandando a todos os demais que fagan cousas.



Por un lado, nesta proposta nosa, nesta moción nosa, evidentemente, facemos propostas encamiñadas ao Goberno do Estado, porque, evidentemente, é quen ten as competencias. Para desgraza nosa, tamén o Goberno galego do Partido Popular é o campión en non solicitar competencias, nin unha soa en trece anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Solicitamos, evidentemente, propoñemos unha parte de solicitude ao Goberno do Estado. Entre outras cuestións, recollemos unha cuestión, ademais que aquí xa se aprobou por unanimidade no seu momento, que é a rebaixa dos produtos do mar ao tipo superreducido do IVE de xeito permanente. Ademais, é unha recomendación da OMS. Tamén todas as actuacións, e con intensidade, para que se paralicen *sine die* todas as reformas que están en marcha na propia Unión Europea...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e a nivel —remato, presidente— internacional para eliminar ou para gravar o gasóleo pesqueiro, ou para eliminar os subsidios ao gasóleo pesqueiro, a exención temporal mentres se manteña esta crise das cotizacións á Seguridade Social e tamén do pago das taxas portuarias.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E —remato, presidente— topar, tal e como pide o sector, topar o prezo do gasóleo a 40 céntimos por litro.

De momento máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Son numerosos os retos que leva afrontando o noso sector pesqueiro durante moito tempo, e aos que segue tamén a facer fronte. Todas e todos coñecemos esas negociacións complexas de taxas e cotas, esa visión exclusivamente medioambiental das institucións comunitarias, esa inminente reforma tamén da política pesqueira común, ou eses retos que ten que abordar o sector relativos ao cambio climático, a demonización da arte do arrastre... Son moitos os problemas aos que todos e todas coincidimos que ten que facer fronte o sector pesqueiro galego.

E tamén un moi acuciante, que é o custo do combustible pesqueiro, e ademais —a ameaza da que levamos falado tanto tempo en Comisión e en Pleno— esas ameazas tanto das propias



institucións comunitarias de gravar os combustibles fósiles, así tamén como a ameaza da Organización Mundial do Comercio de eliminar esas exencións fiscais ao combustible pesqueiro. Son ameazas que están aí, ás que o sector ten que facer fronte e que, dende logo, as propias administracións teñen que defender e reverter esas intencións tanto das institucións comunitarias como da propia Organización Mundial do Comercio. E nese senso vai unha parte da nosa emenda, que nós entendemos —como di o Bloque Nacionalista Galego— que hai que reverter esas intencións das institucións comunitarias e da Organización Mundial do Comercio.

O que non compartimos co Bloque Nacionalista Galego é que haxa que paralizar todas as reformas comunitarias *sine die*, senón esas que están a ameazar agora dun xeito inminente o noso propio sector pesqueiro.

Pero, a maiores de todos estes retos aos que tiña que facer fronte o sector pesqueiro e tamén toda a cadea mar-industria, pois agora, dende logo, foron agudizados estes problemas coa invasión de Rusia sobre Ucraína, que produciu un maior incremento dos prezos do combustible e tamén de materias primas e en sectores económicos tan estratéxicos na nosa comunidade autónoma como é o sector pesqueiro e toda a cadea mar-industria.

Polo tanto, ante todos estes problemas que se lle plantexan ao sector, cremos que é obriga de todas as administracións públicas con competencia na materia —dende logo, o Goberno do Estado pero tamén a propia Xunta de Galicia— que teñen que poñer solucións para que o sector poida levar esta situación da mellor forma posible.

A semana pasada este grupo parlamentario levabamos unha pregunta á Comisión de Pesca porque queriamos coñecer cales eran os plans do Goberno galego, cales serían as medidas da Consellería do Mar de cara a axudar o sector a facer fronte a esta suba de prezos do combustible. E a resposta, a verdade, é que foi... permítanme que a cualifique como penosa, porque a única medida por parte da Consellería do Mar, máis aló de axilizar as axudas xa concedidas —axudas xa concedidas, non axudas previstas para afrontar estes novos problemas que se lle plantexan ao sector— foi esa exención de taxas portuarias. Foi unha medida que foi anunciada polo propio presidente da Xunta de Galicia en data do 17 de marzo, e dicía que se ía aplicar a exención de taxas portuarias durante dous meses en todos os portos de competencia autonómica. Pero o outro día, cando lle preguntabamos ao Goberno galego, o que nos dixo a secretaria xeral técnica era que aínda non estaba en aplicación esta medida porque eran precisas diversas modificacións lexislativas. Polo tanto, eu o que lle dicía ao Goberno galego era que a única medida que ten previsto poñer enriba da mesa a Consellería do Mar para que o propio sector poida afrontar este problema é unha exención de taxas portuarias, que é unha medida que está anunciada, que non está activa a día de hoxe, e que non sabemos cando a vai poder desfrutar o propio sector.

Nembargantes, ese Goberno central que tanto critica a Xunta de Galicia xa ten operativa esa medida de exención de taxas portuarias nos portos de competencia estatal ubicados na nosa comunidade autónoma. Unha medida moito máis ambiciosa, que vai para 6 meses e que xa está publicada e activa dende o pasado 31 de marzo. A da Xunta de Galicia está anunciada e non está operativa, pero a do Goberno central está xa aplicativa dende o pasado 31 de marzo.



Nós tamén lle pediamos ao Goberno galego na Comisión da semana pasada un plan de axudas directas que complementara ese plan de axudas anunciado polo Goberno central. A resposta do Goberno galego foi que non ían dar ese plan de axudas, que ademais confrontaría coas axudas que viñan do Goberno central. Pero chegounos a dicir algo máis, chegounos a dicir que o sector non estaba a pedir esas axudas complementarias por parte da Xunta de Galicia, que tiñan falado co sector e que o sector non pedía esta medida. Pero, como dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego, coñecemos estes días que a propia Federación Nacional de Confrarías pedía ás distintas comunidades autónomas que materializaran un plan de axudas complementario por parte das comunidades autónomas ás medidas que puxo enriba da mesa o Goberno central. Polo tanto, o outro día o propio Goberno galego mentiuunos, desbotou esa posibilidade de poñer un plan de axudas directas da Comunidade Autónoma cara ao sector pesqueiro. Pero foi máis aló, dixo que tiña falado co propio sector e que o propio sector non estaba a reclamar esta medida, e estamos a ver como o sector si que está a reclamála.

Polo tanto, nós o que lle pedimos é que, máis aló de urxir e de pedirlle ao Goberno central que poña medidas enriba da mesa, tamén a propia Xunta de Galicia ten capacidade e marxe de manobra para poder articular unha liña de axudas directas ao sector pesqueiro que lle permita facer fronte a estes gastos excesivos no prezo do combustible. Porque ese Goberno que tan mal o está a facer, o propio ministro Planas foi quen de activar ese artigo 26 do Regulamento Fempa, que permite que en situacións excepcionais como as de agora poidan chegar axudas directas para o sector. Foi o propio ministro Planas o que pediu que se activase ese artigo 26 do Regulamento. Tamén, redución de 20 céntimos por litro no combustible ata o 30 de xuño. É certo que nós pedimos —e tamén ao Goberno central— que esa medida ten que ir máis aló para que ese prezo do combustible baixe. Deron axudas directas do Estado para buques e empresas armadoras pesqueiras para compensar este incremento do prezo do combustible. Esa exención das taxas portuarias nos portos de titularidade estatal, como dixen anteriormente, a exención do canon de uso de bens de dominio hidráulico para as instalacións de acuicultura continental, o aprazamento do pago de cotas da Seguridade Social, ademais de avais e de préstamos ICO que tamén se poden articular.

Polo tanto, o Goberno central fixo os seus deberes. Dende logo que pode facer máis e nós tamén o instamos, e estamos de acordo con moitas das peticións que lle fai o Bloque Nacionalista Galego ao Goberno central. É coñecido o posicionamento deste grupo parlamentario sobre a aplicación do tipo superreducido do IVE aos produtos do mar e aos mariscos. E nós o único que pretendemos coa nosa emenda é algo que tamén se votou en Comisión, e é que, unha vez que estea ese Regulamento europeo sobre os tipos impositivos do IVE e que estea aprobado, que o Goberno central aplique ese tipo superreducido ao peixe.

Pero o que non podemos pasar por alto é que, máis aló desas medidas que se lle piden ao Goberno central na propia iniciativa que plantexa hoxe o Bloque Nacionalista Galego —algunhas das cales xa están implementadas, como é esa exención das taxas portuarias—, o certo é que o Goberno galego, coa importancia que ten o sector pesqueiro na nosa comunidade autónoma, ten marxe de manobra, ten fondos; e, dende logo, pode articular esa liña de axudas directas que agora mesmo lle está a reclamar o propio sector.



Nós o outro día, claro, é que quedáramos moi preocupados tamén ante a resposta que lle dera a conselleira do Mar ao propio Bloque Nacionalista Galego e tamén incidindo en que só ía poñer encima da mesa esa medida da exención das taxas portuarias e a axilidade nas axudas xa concedidas. Axilidade que se presupón que ten que ter xa unha Administración autonómica. Agora, dicir que, como medida estrela para facer fronte á alza do prezo dos combustibles no sector pesqueiro, o que vai facer o Goberno galego é darlles axilidade ás axudas que xa están concedidas, a verdade é que non amosa moito interese pola problemática que está a atravesar agora mesmo o noso sector.

Polo tanto, nós volvemos pedirlle ao Goberno galego que articule ese plan de axudas directas para o sector pesqueiro, que complementa as axudas que xa ten enriba da mesa o Goberno central, que non se escude no de que chocan frontalmente esas dúas liñas de axudas. E que non se escude tampouco o Goberno galego en que ten falado co sector e que o propio sector non está a pedir estas medidas. Porque estamos a ver como a propia Federación Nacional de Confrarías lles está a pedir a todas as comunidades autónomas que articulen esta liña de axudas que outras comunidades autónomas xa fixeron. E que outras comunidades autónomas tamén xa teñen en vigor esa exención de pago de taxas portuarias nos portos da súa competencia.

Polo tanto, aquí o que estamos a ver é que moitos anuncios por parte do presidente da Xunta de Galicia, moitos anuncios por parte da Consellería do Mar, pero a única medida estrela para apoiar o sector pesqueiro é a exención de taxas portuarias, pero vemos como a día de hoxe nin sequera esa medida, que é moi exigua, está vixente.

Nós temos presentado tamén —é certo que o propio presidente da Xunta de Galicia non quixo escoitar as propostas do PSdeG— unhas propostas concretas en materia de pesca, tamén para facer fronte á situación que está a vivir, por exemplo, o sector das conservas, tamén con ese encarecemento, co que custa agora atopar unha materia prima como é ese aceite de xirasol. Pero, dende logo, o Goberno galego non está a escoitar as propostas que se lle fan dende o PSdeG.

Polo tanto, o que pedimos é o compromiso do Goberno galego para con este sector, que o está a pasar mal. E xa que non nos queren facer caso a este grupo parlamentario, o que si lles pedimos é que escoiten o sector, que agora estes últimos días está pedindo esa liña de axudas propias da propia Consellería do Mar. Bueno, pois que complementen esas axudas que xa están en marcha por parte do Goberno central, e aprendan un pouquiño do Goberno central, que tamén tivo que facer as súas modificacións lexislativas. Pero a exención de taxas portuarias nos portos de titularidade estatal ubicados na nosa comunidade autónoma xa están aplicativas dende o pasado 31 de marzo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO ROGRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Grupo Parlamentario Popular. Señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Ben, chegados a este punto, señora Otero e señora Pérez, debemos aclarar a postura e as accións de cada un respecto ás axudas de apoio ao sector. Das axudas en cada momento a un sector que o único que quere é que non se poña en risco a súa rendibilidade, que o único que quere é non perder competitividade e poder traballar en igualdade de condicións que os seus colegas doutros países. Non se pode igualar o traballo da Xunta de Galicia ao do Goberno de España porque é totalmente diferente na orixe, na motivación, na efectividade e na inmediatez.

O prezo do gasóleo da frota incrementa nun 350 % desde o inicio da pandemia e nun 86 % dende o 1 de xaneiro de 2022; por suposto que hai situacións agravadas coa guerra pero isto xa era unha realidade. O prezo da electricidade e do gas tamén van á alza e a industria paga un 44 % máis este ano, cun importante impacto na industria conserveira, como na conxeladora e de almacenamento, industrias punteiras e vitais.

Ben, o Goberno galego comezou a traballar dende o primeiro momento de dificultade para atopar solucións e —insisto— sen a excusa da guerra. E o 13 de marzo xa comezou a traballar e publicamente xa se anunciaron diferentes medidas, 15 días antes que o Goberno de España. E neses 15 días avanzamos, eses 15 días foron eternos, eses 15 días son moito tempo para un sector que está tan ameazado. Polo tanto —como dixen—, as reaccións son diferentes na orixe, na motivación, na efectividade e na inmediatez. Temos un Goberno pasivo do Estado e temos un Goberno, ademais, que toma medidas e decisións que agravan a pesca en Galicia. E temos un Goberno activo e moi coñecedor do que pasa en Galicia.

En resumo, o 13 de marzo o presidente da Xunta de Galicia na Conferencia de Presidentes demandou baixar os impostos que gravan os carburantes, a electricidade e o gas; e medidas urxentes para abordar a difícil situación que pasaba o sector da pesca. Alemaña, Francia, Bélxica, Irlanda, Polonia, Portugal... os países veciños, todos tiñan medidas enriba da mesa e España aínda non. España, con toda a pasividade. España, a costas do sector pesqueiro.

16 de marzo, a Consellería do Mar reúne cos representantes das entidades asociativas da frota galega e acordan demandar unha serie de medidas como a baixada do IVE dos hidrocarburos, conceder axudas *de minimis* e flexibilización das restricións á importación de materias primas que emprega o sector transformador, e solicitar a Bruxelas unha flexibilidade interanual en taxas e cotas para que se poida consumir o próximo ano as cotas que non se poidan consumir este pola folga de transportistas e polo incremento do hidrocarburo.

Ben, o 17 de marzo o Consello da Xunta pon en marcha un plan de choque para paliar a situación económica agravada pola guerra; non como orixe ou como causa da guerra, agravada pola guerra. Con medidas específicas para a pesca, as compensacións nos pagos das taxas portuarias, ás que ademais fixeron referencia xa tamén as dúas voceiras que me precederon. E vos—



tedes mesmas recoñecen que hai esa tramitación e que as taxas están aprazadas e bonifícanse ao 100 %, ao mesmo nivel cando se faga tamén desde Portos do Estado. Entón, ten todo o sentido a resposta que deu a secretaria xeral técnica da Consellería na propia Comisión.

O 21 de marzo a conselleira tamén mantén un encontro con representantes da Confederación Mar Industria Alimentaria para avaliar a situación do sector, e todos concordan nunha cousa —o 21 de marzo, aínda non fixera nada o Goberno de España— e todos concordan nunha cousa, que o Goberno central ten que tomar medidas urxentes para facer fronte a unha situación que pon en risco a viabilidade de moitas empresas do sector marítimo-pesqueiro. Era o 21 de marzo e aínda tivemos que esperar oito días.

Vostedes, señora Pérez, nesta moción solicitan unha serie de medidas que nós apoiamos, imos apoiar esta iniciativa, xa llo vou adiantando, por suposto, pero non poden argumentar que o Goberno de España e a Xunta de Galicia actúan, reaccionan ou xestionan igual. Cada un ten os seus marcos competenciais, pero está claro que un ten unha actitude totalmente pasiva, e tívoo durante quince días nos que xa intensamente a Xunta de Galicia estivo traballando da man do sector.

O certo e á vista está que a Xunta reaccionou e xestionou dentro do seu marco de competencias, como digo, fronte a un Goberno central que agardou, agardou, agardou e só reacciona baixo presión, e ás veces incluso nin iso.

Quince días despois, como dixen, o 29 de marzo —unha longa espera para o sector, créanme, unha longa espera— o Consello de Ministros aprobou un paquete de axudas para o sector pesqueiro, no Decreto lei 6/2022, do 29 de marzo, publicado no BOE o 30 de marzo. No seu capítulo terceiro faise referencia ás medidas de apoio ao sector agrícola, gandeiro e pesqueiro, dende o artigo 33 ao artigo 40. Son 430 millóns de euros, en total 87,14 para o sector pesqueiro, incluídos os 50 millóns de euros dos fondos FEMPA. Polo tanto, quedan 20,2 millóns de euros. 68 para a pesca extractiva, incluíndo os 50 do FEMPA, é dicir, 18 millóns de axudas directas. 16 para pescadores en función do consumo medio realizado anos anteriores pola redución de 20 céntimos por litro como para todos os cidadáns, non hai ningunha medida específica para o sector pesqueiro. E estou falando de medidas para o sector pesqueiro de toda España. 3 millóns de euros pola exención de taxas portuarias para a pesca fresca e do canon de uso das instalacións hidráulicas ou de acuicultura.

Polo tanto, tamén un paquete cargadísimo de medidas por parte do Goberno de España. Así que, por favor, un pouco máis de seriedade, ademais, cos tempos e coa actuación de cada goberno en cada momento.

Claro, dende a Xunta de Galicia, como xa viña traballando dende antes, expuxéronse unha serie de importantes demandas sobre o paquete de medidas recollidas nese real decreto. E podemos resumilas en 5 medidas.

A primeira era admitir as empresas de transformación e comercialización nas axudas formuladas ao amparo do artigo 26 do FEMPA. Non se inclúen, non están incluídas esas empresas.



A segunda era unha aclaración sobre a inclusión tamén da gasolina de uso profesional para o sector pesqueiro, e esa tivo unha resposta positiva, unha aclaración positiva, e ademais cunha resposta que é beneficiosa para o sector.

A terceira foi a aplicación do IVE superreducido aos produtos pesqueiros, non contemplado nese real decreto nin contemplado nas medidas que ten que levar a cabo o Goberno de España.

A cuarta, a flexibilidade temporal das medidas normativas en canto á limitación de importación de materias primas. Non inclúe a conserva. Para nós iso é crucial porque a importación da conserva é fundamental.

E a quinta, ampliación da flexibilidade interanual das cotas de pesca. E nada se sabe. Que, como digo, esas cotas poderían empregarse ou podería facerse uso o ano que vén dadas as dificultades que temos este ano.

Polo tanto, para nós ese real decreto é totalmente insuficiente para acadar o obxectivo de axudar e apoiar en serio o sector pesqueiro de Galicia, o sector no seu conxunto.

Sabemos que Cepesca, que a Federación Nacional de Confrarías de Pescadores quedaron decepcionadas con ese real decreto, entre outras cousas porque tampouco se consegue a rebaixa de 35 céntimos por litro de gasóleo, que era unha medida excepcional para o sector pesqueiro; como dixen, atinxen aos 20 céntimos como calquera outro cidadán. Nin a exoneración de tres meses de cotas da Seguridade Social, tan só o seu aprazamento. Así que eses trucos que están por debaixo da letra pequena nós tamén os coñecemos e o sector tamén os coñece.

Consideramos que o plan de apoio ao sector marítimo-pesqueiro anunciado polo Goberno español ante a suba do prezo do gasóleo é tardío e insuficiente. Considerámolo e ademais temos argumentos de peso para dicilo e xustificalo.

E non temos problema ademais en dicilo porque, como digo, os nosos veciños foron máis rápidos, máis áxiles e teñen outras medidas enriba da mesa que España non contempla. E ante esta situación e dende, ademais, a oposición de Galicia gustaríame facer algunha referencia aos grupos que están na oposición.

O Bloque Nacionalista Galego, que é o grupo propoñente, fixo unha manifestación previa solicitando todas as medidas que hoxe tamén presenta nesta moción. Pero creo que nas manifestacións e que na rúa non se conseguen ou non se acadan os acordos. Ademais, dáse a casualidade de que o venres previo á manifestación o combustible estaba a 0,89 euros o litro e o luns seguinte estaba a 0,91. Polo tanto, moito non axudou, case foi peor.

Á marxe diso presentan unha moción. Pero tamén na crise do gasóleo do 2008, cando a vostedes lles toca gobernar... porque moito piden pero cando lles toca gobernar, nada. Porque na crise do gasóleo do 2008, que foi similar, non fixeron absolutamente nada.



E teño que lembrarlles de novo que non torpedeen as iniciativas que aprobamos en Galicia e en Bruxelas cando votan que si á eliminación das subvencións e das bonificacións do combustible. Polo tanto, tamén lle pedimos algo de coherencia aos señores do Bloque Nacionalista Galego.

E o Partido Socialista teñen que tomar nota. Señora Otero, xa vexo que toman nota e teñen que tomar aínda máis, e teñen que pasarlle esas notas ao Goberno de España, aos seus colegas de España teñen que pasarlles esas notas. Os gravames e custos de enerxía son competencia do Goberno central, un goberno do Partido Socialista. E, polo tanto, din que ten propostas, pois dígolle eu que lle pase as propostas ao señor Sánchez.

Mire, cando presentan as emendas ao orzamento da Consellería do Mar tamén, por exemplo este último ano, queren detraerlle á comercialización 19 millóns de euros, que supón o 47 % dos fondos. E resulta que despois nas súas emendas e peticións están sempre solicitando que a Xunta aumente eses fondos e apoie eses sectores. Pois entón non coordinan o que son as emendas aos orzamentos e despois as súas intencións. E teñen que resolver o agravio que vén dado, que isto é moi importante, que é a bonificación que non se aplica aos barcos de bandeira española cando repostan noutros países aínda que subministren empresas españolas, mentres que a pesqueiros doutros países lles bonifican en España. E isto é un agravio, é inxusto e está en auténtica desigualdade de condicións. Porque sabe vostede que aos barcos do Gran Sol e nos mares do Índico e do Pacífico que teñen que repostar noutros países non se lles bonifica o gasóleo. Iso é dunha gravidade e dunha importancia moi elevada para os pesqueiros galegos. Polo tanto, ten que arreglalo o Goberno de Sánchez.

Ben, eu remato xa, presidente, falando da folla de ruta da Xunta. ¿Cal é a folla de ruta da Xunta? Pois a longo prazo, a medio e a curto.

A longo prazo, traballar na descarbonización progresiva do sector adecuando barcos asumibles en prezo e tecnoloxía. Galicia ten que avanzar nunha produción de alimentos neutra en carbono, sabémolo todos.

A medio prazo, atender as medidas de eficiencia enerxética que permitan racionalizar o uso do combustible e axustar o seu consumo. Dende o 2016 ata o 2021 téñense atendido 89 expedientes neste eido...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...cun investimento público de 9 millóns de euros. —Xa remato, presidente—.

E a curto prazo, demandar un esforzo adicional para empregar todos os fondos posibles ao abeiro da declaración da situación excepcional, especialmente dos FEMPA, que non están gastados, e a resposta é positiva e, polo tanto, iso vaise conseguir a curto prazo.

Isto é traballar, isto é render contas. Si hai acción, hai folla de ruta por parte da Xunta, pero agora tócalle ao Goberno de España tamén mover ficha para axudar ao sector pesqueiro.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Polo tanto, apoiaremos esta iniciativa.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora Egerique, nós compartimos con vostedes, porque é unha obviedade, que cando non hai argumentos hai que encher as intervencións con obviedades, como acaba vostede de facer. *(Murmurios.)* Compartimos con vostede que, efectivamente, o Goberno do Estado ten un marco competencial determinado e o Goberno da Xunta ten outro. Claro, ten outro. Entón, o Goberno da Xunta, dentro das súas propias competencias e dentro dos orzamentos que ten aprobado de xeito unilateral nesta Cámara durante trece anos, pode tomar medidas complementarias, precisamente, ás do Goberno do Estado.

Claro, pero é que aquí resulta que o marco competencial da Xunta cínguese a compensar as taxas portuarias, e fala de dous meses, mínimo de dous meses. De aí para diante xa veremos. As competencias da Xunta cínguense, segundo o que eles mesmos teñen aprobado, a axilizar as axudas que xa están concedidas. E o marco competencial da Xunta cínguese a intensificar a campaña de promoción de produtos do mar, *Galicia sabe a mar*, para maior lucimento da conselleira, que vai promocionando os produtos do mar por todo o mundo mundial. Claro, entón, ¿son esas as competencias do Goberno galego? ¿Ou realmente poden vostedes —vostedes non, o Goberno galego—, poñer en marcha medidas e actuacións de axudas directas complementarias ás do Goberno do Estado, e non o están facendo, e ademais, segundo dixo a propia secretaria xeral na Comisión, tampouco o van facer? Porque din vostedes que coliden coas do Goberno do Estado. ¿Pero que clase de argumento é ese? ¿Entón, o resto das comunidades autónomas —insisto—, que, comparadas coa nosa apenas teñen frota pesqueira, non consideran que están colidindo coas medidas do Goberno central?

Señora Egerique, como digo, hai que rechea o discurso e tanto hai que rechealo que imos para atrás, imos para atrás, imos para atrás e imos dar, efectivamente, aos orzamentos. E din vostedes agora aquí, neste discurso que nos acaba de dar vostede, din vostedes que os grupos da oposición, que nas emendas aos orzamentos propoñen unhas cuestións e logo posteriormente propoñemos outras que coliden —aquí si— co que propoñíamos nas emendas.

Claro, é que nós pode ser que nos contradigamos nalgún momento, pero é que vostedes cando elaboraron os orzamentos, que, insisto, aprobaron unilateralmente, xa tiñan enriba da mesa datos. Porque a inflación de decembro foi de máis dun 6 %, que lles tiña que levar a adiantarse e a prever medidas determinadas.



En resumo —e remato, señor presidente, porque quero dedicar, evidentemente, unha frase á emenda do PSOE—, en resumo, como dixen antes na primeira intervención e agora acábo de confirmar con esa folla de ruta que nos acaba de expoñer, verdade, porque agora todo son follas de ruta, pois a folla de ruta do Partido Popular é continuar demandando, exixindo, urxindo e todo o demais, pero, evidentemente, sen complementar con axudas directas da Comunidade Autónoma as que xa están en marcha do Goberno central. Que xa dixen na miña primeira intervención que chegaron tarde e que son insuficientes. Se, aínda por riba que vostedes recoñecen iso, non as complementan, entón están vostedes deixando abandonado unha vez máis esa axuda a un sector fundamental para a nosa economía, que ademais llo está demandando por medio da Federación de Confrarías.

En canto á emenda do PSOE, imos ver, señora Otero, a maior parte das cousas que vostedes recollen aquí son as mesmas que recellemos nós pero redactadas doutro xeito. Salvo, efectivamente, o último punto, onde vostedes falan dunha bonificación de 35 céntimos ao litro de combustíbel e nós falamos de topar, tal cal como pide o sector, en 40 céntimos o litro de combustíbel.

Entón, nese último punto non poderíamos estar de acordo. No resto si, porque é o mesmo pero con outra redacción e, en principio, como di o mesmo e non está aportando ningunha cousa a maiores, entendemos que non a podemos aceptar.

Nada máis. Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Alexandra Fernández Gómez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de modificación:

«No punto 2º engadir despois de: “Incrementar”, o seguinte texto: “até polo menos triplicar”. Desta maneira este apartado comezaría así: “2º. Incrementar até polo menos triplicar por parte da Xunta de Galiza as axudas de emerxencia social...” Emenda de adición No punto 8º engadir o seguinte texto in fine: “Así mesmo, estes incorporarán un maior criterio redistributivo no reparto dos fondos, asegurando que resultan accesibles para as rendas máis baixas.”

Emenda de adición:



Engadir tres novos puntos despois do 9º co seguinte texto:

“10º. Facilitar o acceso á vivenda mediante un conxunto de medidas que contribúan a pór freo a escalada constante de prezos da vivenda libre, adaptadas ao contexto inmobiliario e socioeconómico galego. Entre estas deberán incluírse: unha estratexia de mobilización de vivenda baleira cara ao aluguer accesible, medidas de imposición fiscal sobre a vivenda baleira acorde co patrimonio acumulado, a compra por parte das administracións de vivenda baleira para a súa incorporación ao parque público de vivenda e medidas específicas para controlar os prezos en determinadas áreas tensionadas, logo do estudo e diagnóstico, pormenorizado e territorializado, das variacións dos prezos e das súas causas no sistema urbano galego.

11º. Establecer un programa de protección dos inquilinos por parte do IGVS, que lles subministre maior cobertura legal, apoio e asesoramento fronte ás situacións de abusos que cometen algúns propietarios.

12º. Acordar entre a Xunta, Estado e SAREB a cesión de inmobles en mans desta entidade para o parque público do IGVS.»

Para formular a moción ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Boas tardes, señor presidente.

Señoras e señores deputados, membros do Parlamento galego.

A moción que trae o Grupo Parlamentario Socialista plantéxalle a este hemiciclo a necesidade de darlles un impulso ás políticas de vivenda, ás políticas de cobertura social, en definitiva, facer fronte á necesidade e urxencia de configurar un escudo social de protección ante a nova situación económica que inclúa un escudo habitacional.

E témolo que facer porque as políticas de vivenda da Xunta de Galicia foron un fiasco despois de trece anos de Goberno do señor Feijóo. Un fiasco con maiúsculas en vivendas de protección, en vivendas de alugueiro, en materia de axuda ás familias con máis necesidades. O suspenso é notorio, e agora, cando estamos vendo que pola nova situación internacional existe un contexto moi desfavorable, é necesario que o Goberno da Xunta de Galicia e o vindeiro presidente da Xunta de Galicia revertan o fracaso, o fiasco que representou o señor Feijóo nas políticas de vivenda e nas políticas de axuda ás familias para unha vivenda digna ao longo destes trece anos. Urxe un escudo habitacional e temos que construílo como unha parte dun escudo social que é fundamental.

O outro día amosamos aquí, na interpelación á conselleira, o fiasco das políticas de vivenda do Partido Popular, e quero lembrar que hai dous datos que poden reflectila con moita claridade. Un é que o gran anuncio que fan vostedes nestes momentos é o de que hai 76 novas vivendas para familias vulnerables, 76 en toda Galicia, ¿e para iso hai unha consellería, para iso hai unha dirección, para iso hai fondos públicos? É que ao longo de todos os anos de goberno do señor Feijóo a evolución de vivendas protexidas en Galicia foi de caída constante, con datos preocupantes e alarmantes. Se o vemos, por exemplo, en vivendas terminadas vemos como evolucionaron, dende o ano 2011, a números cada vez máis pequenos, que che-



garon a concretarse en que o número de vivendas protexidas feitas en toda Galicia no ano 2015 fosen de dúas vivendas, no 2016 de 139, no 2017 de 12, no 2018 de 8, no 2019 de 4, e que agora, cun goberno distinto en España, que ten un programa estatal de vivenda, que pon fondos finalistas para facer unha nova política de vivenda digna, cando o Goberno da Xunta de Galicia ten que seguir esas instrucións, dado que non lle gusta, que non quere facer e que non sabe facer, témoslle que dicir que teñen que mudar, que teñen que cambiar as políticas de vivenda nun momento tan complexo para a cidadanía, despois do fiasco que representaron trece anos de goberno do señor Feijóo.

Porque, fronte ao abandono da política de vivenda do Partido Popular, o Goberno de España, o actual Goberno, dedica a Galicia 350 millóns de euros para vivenda, que son os que xestiona a Consellería e que, cada vez que o Partido Popular anuncia algo, é aquilo que o Goberno de España aproba cos votos de progreso no Congreso dos Deputados. Eses, que a vostedes non lles gustan nada, son os que permiten que cheguen eses fondos e que haxa unha política que permite desenvolver o Bono Xove de alugueiro, a rehabilitación de vivendas ou o alugueiro social. *(Aplausos.)*

E é, polo tanto, o momento en que non chega con ese anuncio pequeno, de letra pequena, de seis millóns de euros que van vostedes dedicar ás familias do noso país que teñen problemas de vivenda, para incrementar en 100 euros máis ese bono social térmico. ¡Seis millóns de euros, no momento máis complexo, non pode ser! E téñeno que mudar nun momento no que, ademais, dende que se produciu a comparecencia a través da interpelación da conselleira ata hoxe, hai cambios que hai que poñer en valor. E eu quero dicilo con claridade, porque acaba de darse un paso en Europa, na Comisión Europea, que é un paso fundamental para o prezo que ten o gas destinado a xerar electricidade nos mercados da península Ibérica. É un cambio transcendental, un compromiso no que estamos avanzando, e páctase con Bruxelas un novo plan que debe permitir baixar o prezo da luz proximamente. É importante ese acordo, un acordo que vai permitir que vaíamos ter un intervalo de entre 40 e 60 euros nos próximos doce meses para conseguir abaratar o prezo da luz. E, polo tanto, a Comisión Europea vai aprobar limitar o prezo do gas destinado a xerar electricidade a 50 euros como prezo medio, no intervalo entre 40 e 60, ao longo dos próximos doce meses, para que ese megavat/hora en prezo de referencia permita abaratar o custo da electricidade e das subministración básicas. Iso mudou en España e en Europa dende a última comparecencia a hoxe. E tamén, ademais, nestes días, acabamos de ver como o Goberno de España aproba un cambio no bono social eléctrico que permite elevar os límites de renda para disfrutar do bono social eléctrico. Reforzamos o bono social eléctrico para chegar a máis cidadáns, a máis cidadáns con situación vulnerable, tamén en Galicia, e para incorporar, tamén pola vía directa, aos 20.500 perceptores de ingreso mínimo vital en Galicia, que se poden incorporar agora ao bono social eléctrico.

Esas son as políticas de construción de vivendas, de fomento do alugueiro, do bono social, que chega ás familias e á xente nova, de abaratamento de custos, que ten que desenvolverse porque hai un goberno de progreso que o fai. Pero eu quero saber que é o que pensa o Partido Popular de Galicia e o señor Feijóo, e quen vai ser o seu sucesor. ¿Vai facer o Goberno da Xunta de Galicia unha política para complementar o Plan estatal de vivenda poñendo fondos, medidas e apoios, ou vai seguir simplemente cos brazos caídos sen ter ningunha política de



vivenda de protección, de vivenda en alugueiro e tamén en axuda ás familias vulnerables para cubrir as subministracións básicas?

Non pode ser, e non pode ser que teñamos un goberno ausente. Estoulles dicindo que en poucas semanas houbo dous cambios substanciais, un en Europa, acordado hoxe, e outro dende o Goberno de España, que a través do cambio de coeficientes multiplicadores vai permitir dar a moitas máis familias o dereito de incorporarse ao bono social eléctrico.

E, se vemos as cifras, son moi elocuentes, de como chegaron fondos e como o Goberno da Xunta de Galicia non fixo máis. E é por iso que presentamos unha moción para darlles un impulso ás políticas de vivenda, ás políticas de protección social, para construír un escudo habitacional que protexa a xente en situación máis vulnerable. Un escudo de protección habitacional e loita contra a pobreza enerxética que implique garantir unha vivenda digna, polos custos da vivenda, da electricidade, do gas, doutras subministracións básicas, desenvolvendo todas as medidas que adopta o Goberno de España, pero tamén suplementándoas e complementándoas aquí en Galicia. Por exemplo, no bono social eléctrico estatal, que, á vez que xa o Goberno do Estado acaba de mudar para que chegue a máis familias vulnerables, o Goberno da Xunta pode facer máis, pode complementalo. Ou cando falamos das axudas de emerxencia social para subministracións básicas na vivenda, das condicións térmicas no fogar, vostedes tamén poden ampliar as partidas para o bono social térmico a máis familias, e téñeno que facer.

Teñen fondos na Xunta de Galicia para permitir que o bono social eléctrico chegue a máis xente e que o bono social térmico chegue a máis xente. E tamén para conseguir que chegue a máis xente con máis contías.

Pero, ademais, é necesario tamén, en terceiro lugar, desprezar axudas aos gastos de alugueiros nos fogares. Hai que tomar medidas en Galicia adecuadas á nosa realidade, para complementar o Plan estatal de vivenda. Porque vostedes non poñen un euro, reciben os fondos finalistas do Goberno do Estado pero a Xunta de Galicia non pon un euro. Se non houberse o Plan estatal de vivenda non habería unha soa medida do Goberno da Xunta de Galicia para favorecer a vivenda digna no noso país. E fronte a iso pódense facer máis cousas.

En cuarto lugar, hai tamén que aprobar un programa de axudas á emancipación xuvenil, aos menores de 35 anos, complementando o bono estatal de alugueiro, que permite que cheguen a Galicia cada ano, este ano que vén, once millóns de euros para axudar a emancipar aos mozos e mozas do noso país. Ese é o compromiso do Goberno do progreso que a vostedes non lles gusta. Pero, ¿que fai o Goberno da Xunta de Galicia que non pon un euro para axudar os mozos e mozas nesa política de emancipación?

Hai, ademais, tamén a necesidade de reforzar, ante as novas circunstancias de prezos e devaluación económica, o dereito a vivenda digna a colectivos con máis dificultades, por exemplo, as mulleres vítimas de violencia machista, que, nun contexto xeral de maior complicación do poder adquisitivo, poidan requirir un reforzo dos programas existentes. E, ademais, temos tamén que tomar medidas para evitar que o dereito a vivenda poida sufrir



un retroceso ante a evolución que teñen as novas circunstancias cos cortes de subministración básicas por causas económicas. De forma obxectivable, hai que darlles esa garantía ás familias galegas.

Ademais, hai que desenvolver un programa de vivendas sociais de alugueiro. Non se pode dicir de forma seria que o Goberno da Xunta a gran medida é que saca 76 e un programa tamén de vivenda protexida que deixa atrás os datos lamentables que existiron.

Hai medidas necesarias tamén —están na moción recollidas— para a rehabilitación de vivenda, complementando os fondos finalistas en programas do Estado, que van permitir 20.000 vivendas en rehabilitación máis e que aquí se poden complementar e se poden adecuar.

En definitiva, hai un Goberno da Xunta de Galicia que ten que dicirlles aos galegos e ás galegas se vai facer algo á hora de falar da vivenda digna da nosa xente. Se vostedes están ou se prefiren seguir estando ausentes. Se o señor Feijóo vai deixar a peor herdanza en política de vivenda protexida en Galicia, e se o seu sucesor vai seguir aprobando que en anos consecutivos o número de vivendas protexidas en Galicia fosen de 8, de 9, de 4 ou de 2. Se van seguir simplemente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...poñéndose detrás dos cargos da Xunta de Galicia sen xestión en política de vivenda ou se o Partido Popular, nese congreso que vostedes hoxe nos anunciaron aquí que vai ser de tanto éxito, lle van poñer un impulso. E queremoslle dicir que o fagan polo ben de Galicia, que é necesario neste momento de dificultades ter empatía e a capacidade de construír unha política de vivenda digna que non deixe a ninguén atrás. Ese é tamén o noso compromiso, e para iso terán vostedes, desde logo, a man tendida do Partido Socialista e do grupo parlamentario.

Moitas grazas, señora e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde. Grazas, presidente.

Esta é unha iniciativa un tanto *collage*, porque abarca temas moi diversos e moi amplos. O título, de feito, fai referencia ás políticas para mitigar a incidencia nos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína, aínda que logo na parte resolutiva se aglomeran propostas de moi diversa índole como o tema do aumento do prezos da subministración, ou o aumento do prezo da vivenda, as axudas á vivenda, as axudas á rehabilitación etc.

Así que vou tratar de ordenar na miña intervención os dous grandes temas que se tratan, especialmente na parte resolutiva. Por un lado está a cuestión relativa aos prezos da vivenda



e o problema de accesibilidade, e por outra banda está a cuestión que ten que ver con todo o tema dos custos das subministracións relacionados coa vivenda.

E eu creo que é importante tamén facer esta separación de temas, porque as causas do aumento do prezos nun e noutro caso non teñen nada que ver. Por unha banda, a cuestión do actual aumento dos prezos da vivenda en alugueiro ten a súa raíz nunha situación post crise de 2008, onde se reconfigura o mercado. E aquí influíron varios factores, como, por exemplo, a procura dunha menor exposición por parte das entidades financeiras ante as fluctuacións do ladrillo; unha maior dificultade por parte das familias para o endebedamento e o aforro, e, ademais, unha alta rendibilidade das rendas do alugueiro en comparación con outros produtos financeiros.

Por outra banda, está a cuestión dos custos de subministracións, especialmente a cuestión dos prezos da enerxía, que está ligado a un sistema de fixación de prezos perverso e que está agravado neste momento pola conxuntura internacional actual.

Polo tanto, estes dous aspectos, vivenda e subministracións, teñen causas diferentes e requiren solucións de natureza distinta.

Nós cremos que o ideal sería, na nosa opinión, non tanto reunir nunha iniciativa solucións conxunturais a problemas moi diversos, co pretexto da guerra de Ucraína, senón a de propor solucións para cada un destes grandes temas, abordando dende un punto de vista estrutural.

Entrando na primeira cuestión, que é a relativa aos prezos da vivenda e o problema da accesibilidade, non vou insistir nas cifras porque xa todos sabemos que hai un aumento dos prezos desorbitado, moi por riba dos salarios. Tamén sabemos que aumentou tamén o número de persoas que acceden á vivenda mediante alugueiro, porque hai máis precariedade laboral e menos xente que pode acceder mediante a compra. E, por tanto, o aumento dos prezos do alugueiro está afectando a cada día máis unidades de convivencia; e, especialmente, está afectando a determinados colectivos como a mocidade ou as mulleres.

E todos somos conscientes desta crise de accesibilidade na vivenda, porque o aumento dos prezos —como digo— non é de agora, é unha crise sostida en toda a última década. E o Partido Popular en 13 anos non tomou nin unha soa medida para abordar esta crise de prezos; o seu legado, de feito, é a máis absoluta inacción.

A situación que deixa o Goberno de Feijóo nesta materia é, ademais, dramática. Deixaron aumentar os prezos ao tempo que deixaron tiradas as familias que non poden facer fronte aos pagos. Non hai vivenda pública, non hai axudas para estas persoas, incluso o Partido Popular no medio da pandemia deixou sen convocar as axudas a alugueiro da vivenda e incluso as axudas a alugueiro tamén á xente moza. É dicir, eu cada vez que escoito a Feijóo dicir que se gaba da xestión da pandemia, eu acórdome sempre de ¿como pode estar orgulloso de ter deixadas sen axudas a alugueiro a milleiros de familias neste país no medio da pandemia? (*Aplausos.*)



Pero é que a situación é un suma e segue, porque cando a porcentaxe de familias en risco de pobreza ou exclusión social acada hoxe o 25 %, cando hai 38.000 persoas máis que o ano pasado nesta situación, a Xunta de Galiza segue mantendo as axudas de alugueiro desaparecidas, sen convocar. Esta é a realidade. Neste momento a Xunta ten paralizada a convocatoria das axudas do Plan estatal de vivenda, de forma que unha persoa nunha situación de pobreza non pode optar neste momento a estas axudas para o pago do alugueiro. E, como consecuencia de todas estas políticas de inacción, de falta de axudas, de falta de vivenda pública, houbo o ano pasado 1.294 familias que acabaron sendo desafiuzadas, o ano pasado. E a Xunta, sistematicamente, vende que esta é unha realidade que non existe porque todas esas persoas desafiuzadas supostamente poden contar cun bono de alugueiro social. Pero a realidade é ben diferente, en 2020 apenas cubriu ese bono a 174 familias, e dun crédito inicial de 1 millón de euros executouse a metade. O ano pasado, máis do mesmo, un terzo do orzamento ficou sen executar, ¿por que? Porque as bases dese programa están feitas para dificultar o acceso, para que a xente non poida acollerse a ese programa.

Eu preguntome: ¿ninguén na Xunta se fai a pregunta de como pode ser que haxa máis de 1.200 familias que quedaron na rúa o ano pasado e que, sen embargo, só haxa 300 familias que optaran a ese bono de alugueiro social que se supón que é para xente desafiuzada? ¿Por que hai centos de persoas que non acceden a ese bono? E eu estou segura de que a portavoz do Partido Popular fará ouvidos xordos, virá aquí despois e dirá: todo vai perfecto porque temos un bono de alugueiro social. Non, o que teñen é unha estratexia de marketing que lle serve para que vostede suba a aquí e dicir: temos arranxado, temos unhas axudas. Pero a realidade é que a xente non opta a elas porque as bases están feitas para que a xente non poida acollerse. Vostede, probablemente, señora portavoz do Partido Popular, pois virá aquí outra vez repetir o mesmo mantra, demostrando unha insensibilidade total.

E ante esta inacción consciente da Xunta concordamos, efectivamente, co espírito desta iniciativa, de solicitarlle medidas urxentes, porque a Xunta de Galicia ten a capacidade e ten as competencias para desenvolver unha política propia de vivenda e debe exercelas. E concordamos, evidentemente, coa necesidade de incrementar as axudas a alugueiro con fondos propios, como xa temos trasladado aquí en diversas ocasións. Hai que aumentar tanto o que ten que ver coas axudas e os perfís que se cobren como as contías.

E todas estas medidas de axudas son moi necesarias nun contexto de inflación e cunha Administración pública sen vivenda pública dispoñible. Pero tamén botamos a faltar nesta iniciativa que se aborde o problema de raíz, é dicir, que se busquen medidas que freen a burbulla de prezos do alugueiro. Por iso propomos engadir ao texto un conxunto de medidas orientadas a acadar un arrefriamento do prezo da vivenda no mercado libre. Son medidas concretas como establecer unha estratexia de mobilización de vivenda baleira, a compra de vivenda baleira tamén por parte da Administración pública para incorporala ao parque público, medidas de control de prezos en determinadas zonas, etc. Porque as axudas a alugueiro que se propoñen nesta iniciativa son necesarias como unha resposta inmediata, pero a solución non pode consistir exclusivamente en seguir subvencionando de forma permanente e con cartos públicos o incremento continuado dos prezos. E dende o BNG cremos que tamén é necesario impulsar medidas estruturais que vaian máis alá.



En canto ao segundo bloque de medidas, que é o que ten que ver coa cuestión dos custos de subministracións, ao igual que na política de vivenda, a Xunta aquí tamén ten capacidade para complementar economicamente os programas de axuda para evitar os cortes de subministración, tanto no que ten que ver co bono social eléctrico como o bono social térmico. E aquí parece que só se acordou a Xunta de Galiza agora que ten esa posibilidade, que tiña a posibilidade de habilitar axudas, e anunciou 6,6 millóns de euros para complementar o bono social térmico. Unha cifra que é a todas luces insuficiente cando en Galiza hai 700.000 persoas en situación de pobreza ou exclusión residencial, e máis de 44.000 fogares atópanse en situación de carencia material severa.

A iniciativa orixinal do Grupo Socialista propón aumentar esta contía, cuestión que compartimos, pero o texto non concreta ningunha cifra. Dende o BNG calculamos que, como mínimo, a Xunta deba triplicar o importe deste complemento ata chegar aos 26 millóns, para garantir unha cobertura real. De aí tamén unha das emendas que formulamos.

E, xa por último, esta proposta do Grupo Socialista enmárcase, por unha banda, en reclamar medidas ao Goberno da Xunta —o cal é necesario—, mais tamén pretende louvar de certa forma —como vimos tamén na intervención— a actuación do Goberno central nestas materias. E eu creo que tamén cumpriría aquí unha certa perspectiva crítica coa actual actuación do Goberno central, porque podería facer moito máis do que está facendo.

En materia de vivenda, por exemplo, a Lei estatal de vivenda deba servir para establecer un chan de garantías do dereito á vivenda; mais, tal e como está agora, é unha lei pouco ambiciosa e limitada. Deixa sen abordar cuestións tan importantes como as respostas, precisamente, que deben dar as administracións ante os desafiuzamentos. Tampouco establece mecanismos de obrigatoriedade dunhas garantías habitacionais ou de maiores exixencias aos propietarios de vivenda. Porén, e un pouco inexplicablemente, deixa isto sen abordar, pero si que entra en definicións pormenorizadas de medidas que lles corresponde ás comunidades autónomas definir. Por tanto, hai moito camiño que mellorar nesa lei.

Outro punto tamén no que cabería pór o foco no Goberno central é no relativo ao que está sucedendo coa Sareb, que é moi grave. O Goberno central segue a incumprir o seu compromiso de transferir os inmobles ao parque público das comunidades autónomas. Pero é que, ademais, nos últimos tempos a Sareb leva iniciada unha campaña de acoso de desafiuzamento a inquilinos, a inquilinos que teñen o pago das rendas en orde. Hai un acoso por parte da Sareb e en Galicia temos unha chea de casos destes.

E seguindo con esta mesma falta de perspectiva social que o Goberno central imprime sobre este capital, pois temos unha noticia sorprendente e é que o Goberno acaba de entregarlle a xestión dos activos da Sareb a dous fondos de inversión estranxeiros. Nada máis e nada menos que aos fondos de inversión Blackstone e KKR, que son fondos de inversión de sobra coñecidos pola agresividade do seu *modus operandi* cos inquilinos. Entón, acumulamos un capítulo negro máis da historia da estafa da Sareb, e por iso tamén incorporamos na nosa emenda un punto solicitando un acordo definitivo entre a Xunta, o Goberno central e a Sareb para a xestión deses inmobles e daqueles que se consideren...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...adecuados por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Porque a carencia estrutural de parque público de vivenda ten aquí, na cuestión do patrimonio que acumula a Sareb, unha primeira solución rápida e que ademais hai tempo que xa a pagamos. A Xunta ten todo por facer mais o Goberno central tamén acumula tarefas pendentes.

En todo caso —vou rematando xa—, o debate hoxe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...é fundamentalmente sobre o papel da Xunta ante esta situación. E o que queda claro é que neste momento a Xunta de Galiza non lles asegura aos galegos e ás galegas as condicións mínimas para a vida: un teito, prender a calefacción, ter auga. O máis esencial para vivir ten que estar garantido por un Goberno e para logralo só fai falla vontade.

Remato xa, imos votar a favor desta iniciativa porque concordamos co espírito xeral da necesidade dunha cobertura social por parte da Xunta. Mais tamén cremos que o texto é mellorable en canto á concreción das propostas, a incorporación de medidas de carácter máis estrutural...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...e de medidas que requiren o compromiso conxunto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...de Xunta e Estado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Agardamos o acordo co Grupo Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular. Señora Freire Vázquez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas, señorías.



Fiasco, non, señor Caballero, herdanza envelenada. Herdanza envelenada foi a política de vivenda do bipartito, Xunta do PSOE e BNG, quebrando as Xestures e deixando unha débeda de máis de 260 millóns de euros que tivo que pagar o seguinte Goberno do PP e os galegos e galegas nos seguintes dez anos. Iso si que foi unha verdadeira herdanza envelenada. (Aplausos.)

E eu, sinceramente, non sei cal é o obxectivo desta moción do Partido Socialista, se é para que o señor Caballero recupere a actividade parlamentaria, se é para intentar tapar a incompetencia do Goberno central en materia de vivenda e en materia de política económica, ou se é para facer propaganda do Goberno de Pedro Sánchez ao que é pura demagogia.

Sen dúbida, estamos a vivir unha situación complicada, situación complicada que afecta o conxunto da cidadanía e que exige a toma de decisións por parte de todas as administracións públicas, cada unha no ámbito das súas competencias, para axudar o tecido produtivo e as familias que teñen dificultades para facer fronte ás súas facturas.

Certo que o conflito bélico da invasión de Rusia sobre Ucraína agravou a crise que estamos a padecer, pero a situación xa viña de antes. Hai algúns indicadores: a política errática do Goberno de Pedro Sánchez, que non soubo dar resposta aos problemas; unha política enerxética irresponsable; o incremento desorbitado da electricidade, do gas, dos carburantes, que repercute nos materiais, nas subministracións e mesmo na cesta da compra. E o que é unha realidade, que o Goberno de España, o Goberno de Pedro Sánchez, o que fixo foi incrementar nun 40 % a inflación en España en relación cos socios da Unión Europea.

O Goberno central non foi capaz nin é capaz de dar resposta ao impacto económico que están a sufrir os cidadáns, que teñen que facer fronte aos desorbitados prezos enerxéticos, entre outros. En materia de vivenda, é incapaz de pór en marcha o Plan estatal de vivenda 2022-2025. Estamos no mes de abril —e en poucos días no mes de maio— e aínda non se pode executar, ¿por que? Por culpa dos grandes xestores do Goberno de Pedro Sánchez. En materia de política económica tampouco é capaz de adoptar ningunha medida que sirva para minimizar as consecuencias socioeconómicas que está a sufrir o país.

Si adoptamos medidas en Galicia no ámbito das nosas competencias, e exiximos que o Goberno central tamén adopte medidas. Medidas para que baixen os impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo; rectificar a política enerxética apostando por unha transición planificada, proporcional e xusta, e que se cumpra o compromiso acadado na Conferencia de Presidentes de Palma.

No pasado Pleno aprobamos aquí unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular que incluía 28 medidas —non sei se estaba aquí, señor Caballero—: 14 medidas dirixidas ao Goberno de España e outras 14 dirixidas á Xunta, para facer fronte á crise inflacionista e ás consecuencias derivadas da invasión de Ucraína. Un conxunto de medidas a adoptar con rapidez que dan resposta ás necesidades da xente, que veñen reforzar as xa adoptadas pola Xunta de Galicia nos seus consellos de Goberno. Aprobamos 28 medidas, 14 para demandar ao Goberno do Estado e 14 para demandar á Xunta medidas que propuxo o Grupo Parlamentario Popular e que non foron apoiadas polo Partido Socialista e polo BNG,



a pesar de que din estar preocupados pola situación da xente. E agora veñen aquí demandar medidas que a Xunta de Galicia xa ten en marcha, como, por exemplo, os puntos 1 e 2 da súa moción.

Cómpre recordar algunhas cousas: Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira co lanzamento do ticket eléctrico no 2014, ao que seguiron as axudas para evitar cortes de subministración no 2016. Galicia volveu ser unha comunidade autónoma pioneira no 2017 coa aprobación da Lei de eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica. É a primeira en complementar o bono social do Estado a través do bono eléctrico galego dende o ano 2018. Axudas que están abertas e que contan cun orzamento inicial este ano de 1,9 millóns de euros, e ampliable no caso de ser necesario. E o Goberno galego xa puxo en marcha un paquete de medidas para paliar as consecuencias a alza dos prezos, entre os que se atopa a activación do bono social térmico para axudar os fogares a afrontar os gastos, cun investimento de 13,1 millóns de euros dirixido a máis de 60.000 fogares vulnerables. Un ingreso directo de entre 250 e 425 euros na conta das familias beneficiarias; un complemento extraordinario de 100 euros para reforzar a contía do bono social térmico, habilitando fondos adicionais de 6,6 millóns de euros, elevando así o investimento total nesta medida aos 19,7 millóns de euros.

E o Goberno central paga cero, señor Caballero. Ademais, o Goberno galego dispón dun plan de aforro enerxético para os fogares galegos dotado de máis de 25 millóns de euros, co que se pretende paliar o impacto que a suba dos prezos enerxéticos e dos carburantes está tendo na economía familiar.

En canto aos restantes puntos da súa moción, relativos á vivenda, denota un absoluto descoñecemento da realidade dos fondos estatais europeos nesta materia. Como xa indicou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Xunta de Galicia vai destinar este ano preto de 26 millóns de euros a axudas directas para o pago do alugueiro: 12,7 millóns de euros para a convocatoria das axudas para o pago do alugueiro destinadas ao conxunto da poboación; no 2023, 11,2 millóns; 2,1 millóns de euros para o bono do alugueiro social, que xa se publicou unha convocatoria en decembro e están previstos 1,6 millóns máis, bono social alugueiro que cobre o 100 % do custo da renda; bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero, para atender as súas necesidades e as das súas familias. A liña da Xunta está aberta. Nembargantes, tamén existe atraso na liña que depende do Pacto do Estado contra a violencia de xénero; na liña que depende do Goberno central, señor Caballero, é verdadeiramente lamentable. E 11,4 millóns de euros para o bono do alugueiro para mozos destinado a este sector da poboación, no 2023 o mesmo importe.

Ademais, existen outras actuacións dirixidas a ofrecer vivendas en alugueiro a persoas que máis o necesitan. Alugueiro asequible que vai dende os 50 ata os 200 euros. A totalidade das vivendas de promoción pública, promoción pública de nova construción, recuperadas que se reparan e se volven adxudicar en alugueiro, vivendas rehabilitadas polos concellos, e todas destinadas a vivenda social e destinadas a alugueiro.

Dito isto, o que é preciso e urxente é que o Goberno de España, o Goberno central, remate dunha vez por todas coas vacilacións arredor dos programas de vivenda previstos e anun-



ciados, que non se poden poñer en marcha pola única incompetencia do Goberno central, que non é capaz de activar o plan, transferir os fondos e firmar o convenio para que se poida executar. Propóñense medidas adicionais ao bono alugueiro para mozos, cando o dito bono aínda non está en execución. Levamos dende o anuncio sete meses de atraso e aínda o Ministerio está estudando a posibilidade de modificar o real decreto. Un medio de comunicación o día 22 de abril: «*Sin rastro del bono joven para el alquiler medio año después de su anuncio relativo al Gobierno de Pedro Sánchez*».

Esta é a realidade, reclámase o desenvolvemento axeitado dos programas de rehabilitación financiados con fondos europeos —supoño que será un erro, porque non son fondos estatais, son fondos europeos, señor Caballero—. A realidade é que o Goberno leva meses realizando modificacións nas instrucións para a súa aplicación. En calquera caso, Galicia xa ten publicadas as convocatorias de dúas liñas de axudas de rehabilitación financiadas con fondos europeos, e proximamente publicará as outras tres.

Reclámase tamén na moción que a Xunta de Galicia complementa con fondos propios os recursos que o Goberno central remite a Galicia no marco do Plan de vivenda. Isto, bueno, tamén outro descoñecemento absoluto do Plan de vivenda aprobado, porque se establece que as comunidades autónomas financiarán nun 30 % dos fondos o Plan de vivenda. Por certo, señor Caballero, no anterior plan estatal do Goberno do Partido Popular a participación do Estado era superior a este Plan de vivenda do Goberno do Partido Socialista. En calquera caso, a realidade é que o convenio do Plan de vivenda entre o Goberno central e a Xunta de Galicia continúa pendente de sinatura, pendente de transferir os fondos para que se proceda á convocatoria e se poida executar.

Cabe salientar que parte das liñas de axudas incluídas polo Goberno central no Plan de vivenda xa existen en Galicia dende hai anos, creadas pola Xunta de Galicia. E, entre elas, os programas dirixidos a vítimas de violencia de xénero, ás persoas afectadas por desafiuzamentos —tanto por impago da hipoteca coma do alugueiro—, á vivenda de promoción pública, á xestión de vivendas da Sareb, así como de entidades financeiras privadas ou á xestión de vivendas baleiras de propiedade privada. En moitos casos as axudas do Plan de vivenda son meras copias das existentes en Galicia, aínda que con menos prestacións e con limitacións que dificilmente as van facer atractivas para os posibles beneficiarios. Nesta situación de imposibilidade, poñer en marcha o Plan estatal de vivenda, por culpa do Goberno central, por culpa do Goberno de Pedro Sánchez, resulta incomprendible que o delegado do Goberno en Galicia e os altos cargos do Ministerio se dediquen a percorrer a comunidade autónoma falando de axudas que aínda non existen, e divulgando informacións erradas sobre as mesmas; de maneira que o único que conseguen é confundir os cidadáns e causar o seu anoxo cando comprobamos que non poden acceder ás axudas divulgadas polos representantes do Goberno.

En canto á emenda que presenta o BNG, parece que a señora Fernández ten medo que non se aprobe a Lei de vivenda de Podemos porque introduce aquí medidas penalizadoras, intervencionistas, que contempla o texto: o incremento do IVE e o control de prezos, coas que xa dixemos e argumentamos que non estamos de acordo.

E logo, señora Fernández, cando se lle cae un mantra colle outro e segue inventando. Porque, dende logo, que se atreva a dicir aquí, dende esta tribuna, que durante a pandemia o Goberno



galego non atendeu as axudas de alugueiro durante esta situación, de verdade, é increíble que teña semellante atrevemento. Non só se activaron as axudas, senón que se ampliaron as axudas. Esa é a realidade, señora Fernández. Por certo, BNG, partido que se proclama nacionalista e que apoiou no Congreso a Lei estatal de vivenda, a pesar de ser inconstitucional e que cercea o noso Estatuto de autonomía.

E remato...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...en relación ao convenio da Sareb, á que tamén se refire a moción do Partido Socialista e a emenda do BNG. Sabe que a Xunta de Galicia ten un convenio con esta entidade dende o ano 2015, e aquí o Goberno central tamén sen rastro, igual. A participación do Estado na Sareb permítelle actuar e, sen embargo, en vez de dedicar os inmobles a vivenda social o que está a facer é vendendo as vivendas. Esquecéndose, ¿como non?, da promesa que fixo Pedro Sánchez de destinar estes inmobles...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...a vivenda social.

E outro titular: «*Sin rastro de la promesa de Sánchez de las 10.000 viviendas sociales de la Sareb*».

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción. Señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Agradezo a intervención dos distintos grupos parlamentarios.

E, dende logo, eu quero incidir en que esta é unha moción que é positiva para os galegos e para as galegas. Que plantexa de forma integral o que implica un escudo habitacional para a cidadanía galega e que iso implica atender dende os prezos do alugueiro ata a construción de vivenda protexida, así como tamén ampliar as partidas e o número de perceptores do bono social eléctrico, do bono térmico e tamén o tratamento de sectores concretos que poden ter unhas maiores dificultades. Esta é unha moción positiva.

Eu quedo perplexo cando escoito o Partido Popular. Quedo perplexo porque di o Partido Popular que asumiu unha herdanza envelenada, e no fondo están recoñecendo o fracaso de



todas as políticas de vivenda do señor Feijóo durante 13 anos: fixémoslo moi mal pero é que a culpa era do Goberno do ano 2005 ao 2009; pasaron 13 anos e non conseguimos arranxalo, pero é que nos deixaron unha herdanza envelenada. ¿Non teñen vostedes a decencia política de poñerse a apoiar unha política de vivenda digna en Galicia cando hai tantas dificultades para tanta xente do país? (*Aplausos.*) ¿Non poden deixar a política de vivenda libre do liberalismo do señor Feijóo, do señor Rajoy e do señor Aznar para defender a xente que o está pasando mal? (*Aplausos.*) ¿Como se pode dicir que o plantexamento que fai este deputado é pura demagogia?

¿É que a voceira do Partido Popular non sabe que no ano 2021 —o ano que acaba de rematar— a Xunta de Galicia recibiu 98 millóns de euros para facer políticas de vivenda? 67 millóns de euros para rehabilitación, 29 millóns de euros para a construción de vivendas para alugueiro social, 1,5 millóns de euros para protocolos cos concellos. Que recibiu ademais unha serie de partidas que vostede dedicaron a infraestruturas das administracións públicas, máis de 100 millóns de euros. Que o Plan estatal de vivenda implica a mobilización de 350 millóns de euros de políticas de vivenda para Galicia. E eses son números, son contías, son os fondos cos que vostedes anuncian tantas cousas nos medios de comunicación; e que o fan porque hai un Goberno en España que programa, escribe, redacta, aproba no Congreso dos Deputados e pon fondos para facer todo aquilo que vostedes non queren nin van facer, porque non habería ningunha política de vivenda. ¿É que o Partido Popular de Galicia está en contra dun bono de alugueiro social, dun bono de apoio para a xente moza en Galicia que vai permitir con 11,4 millóns cada ano que haxa moitos milleiros de cidadáns que poidan ter unha emancipación? ¿Están vostedes en contra?

Claro, eu quedo perplexo cando escoito algunhas cuestións. Porque fronte a un Goberno de España que actualmente transferiu a Galicia 350 millóns de euros para políticas de vivenda, o balance do señor Feijóo é o balance de matar a vivenda protexida. É o balance de deixar sen executar 400 millóns de euros en vivenda protexida ao longo dos seus anos de Goberno. (*Aplausos.*) É o balance de ter a comunidade coa menor porcentaxe de vivenda protexida de toda España, porque vostedes son os da vivenda libre, (*Aplausos.*) e os da vivenda libre son os que permiten que os que teñen moito poidan ter moitas vivendas, e os que non teñen moito poidan ter máis dificultades. A vostedes gústalles esa vivenda libre, que é a vivenda do pelotazo que se dá na Comunidade de Madrid, o pelotazo que permite comprar grandes mansións a través de todas esas estratexias de corruptelas dos amigos do Partido Popular que se enriqueceron en tempos da pandemia. (*Aplausos.*) Esa é a vivenda libre que construíu Aznar durante tantos anos e que deixou a tanta xente sen defensa.

É o momento de mudar o fiasco de 13 anos do señor Feijóo en política de vivenda. É o momento de ter a empatía, a sensibilidade, a capacidade de conectar con tantos galegos que o están pasando moi mal. E en vez de poñerse en contra das medidas de progreso no Congreso dos Deputados, no Parlamento de Galicia, na confrontación do Partido Popular, póñanse vostedes a apoiar as medidas positivas para os galegos que vostedes non toman porque non as queren facer, pero que outros as adoptan e danlles a vostedes os fondos para que as poidan executar.

E queremos que, ademais de facer iso, fagan máis, porque me parece moi ben que á voceira do Partido Popular lle pareza escaso e tardío o bono de alugueiro para a xente moza. Pero o Partido



Popular de Galicia podería aprobar cando queira un plan de emancipación para os mozos de Galicia porque hai fondos para facelo, porque hai competencias e porque hai milleiros de mozos e mozas galegas que non poden saír da casa e ter unha vivenda na que vivir con independencia polas situacións económicas despois de 13 anos dos gobernos do Partido Popular e do señor Feijóo. *(Aplausos.)* ¡Muden e cambien ese tipo de plantexamentos! *(Aplausos.)*

Nós asumimos a emenda cunha transacción feita polo Bloque Nacionalista Galego. E cremos que é o momento de facer as cousas mellor e facer as cousas mellor é recoñecer que se Galicia deixou sen executar 400 millóns de euros en vivenda, que se Galicia ten a porcentaxe de vivenda protexida máis baixa de toda España, que se en Galicia non houbo un impulso, agora se poida facer. E aquilo que non fixo o señor Feijóo espero que o novo presidente da Xunta estea disposto a facelo e a construílo por unha Galicia mellor en vez dunha Galicia na que cando non se fai o PP prefire escapar das súas responsabilidades e botar balóns fóra. ¡Gobernen Galicia! Señor Rueda, quérolle dicir tamén que ese é tamén o reto que ten vostede, *(Murmurios.)* mellorar todo aquilo que en 13 anos do señor Feijóo foi a peor en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: E esperemos que o fagan con todos os votos do Partido Popular e coa colaboración de todo o país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Caballero.

Votación das mocións

Unha vez que remataron os debates destas mocións, procedemos a votar.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Olalla Rodil.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, comentoume antes a vicesecretaria que quería facer unha petición de votar por puntos, separando o último punto. ¿Acéptalla?

Votamos entón, en primeiro lugar, o último punto desta moción. Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En primeiro lugar, o último, o que separamos, o último. É unha cousa que parece unha contradición, pero ten que ser así. *(Murmurios.)* É máis cómodo.



Votación do último punto da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto de puntos da moción.*

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, menos o último punto, xa votado, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia quedan rexeitados tamén estes puntos da moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón, ¿si? (A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Aceptaa? Entón votamos os puntos 1 e 2. (Murmurios.) 1 e 2, votamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Pero pide separar os puntos 1 e 2, ¿non? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Ah!, só temos dous puntos. Vale, perdón. Entón, quere separar primeiro o punto 1 e despois o punto 2. Vale.

Entón temos que facer dúas votacións. Votamos, en primeiro lugar, o punto 1. Votamos.

Votación do punto 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre a situación do sector pesqueiro

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 2.

Votación do punto 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre a situación do sector pesqueiro

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia queda aprobado tamén este punto.

O señor PRESIDENTE: Por último votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Gonzalo Caballero.

Hai unha transacción. ¿Coñecen a transacción?

Ben, pois entón votamos esa transacción. Non a leo porque é moi longa, se a coñecen todos... (Murmurios.) Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez, sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto 5º da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas, e para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, señorías.



O Partido Popular de Galicia, formación política que sustenta a acción do Goberno da Xunta e que obtivo a maioría absoluta nas catro últimas citas electorais autonómicas, circunstancia na que foi un factor determinante a confianza da Galicia azul, das e dos profesionais da pesca, do marisqueo e da acuicultura de Galicia, postulaba no seu programa electoral unha ambiciosa liña estratéxica de apoio e impulso ás principais reivindicacións do mar e do marisqueo galego.

Dese compromiso, referendado pola cidadanía, seguimos dando conta hoxe con esta e outras iniciativas dos populares galegos, dirixidas á mellora das condicións laborais e sociais, á mellora do día a día dos homes e mulleres do mar, que son e seguirán a ser no futuro para nós unha prioridade.

E hoxe queremos falar dos coeficientes redutores da idade de xubilación. Como seguro vostedes saben, o ordenamento xurídico vixente en España contempla a posibilidade de que os traballadores do mar e outros colectivos perciban unha pensión de xubilación antes de cumprir a idade dos 65 anos, e isto é antes de cumprir a idade mínima de xubilación exixida para o réxime xeral da Seguridade Social.

Esta posibilidade de adiantar a idade de xubilación non se trata dun beneficio caprichoso ou dun privilexio inxusto. Todo o contrario, trátase do recoñecemento legal e xusto a uns traballadores que, como acontece noutros sectores, realizan ao longo da súa vida profesional actividades de natureza especialmente penosa ou insalubre, ou que os obriga a unha continua separación familiar ou afastamento dos seus fogares.

Como consecuencia diso, a idade mínima na que algúns traballadores do réxime especial do Mmr teñen dereito a percibir unha pensión de xubilación é de 55 anos. As actividades ás que se aplican os coeficientes redutores no sector son, por exemplo, na Mariña Mercante, aos traballos realizados a bordo de barcos destinados ao transporte de mercadorías e de pasaxeiros, buques de investigación oceanográfica e pesquería; embarcacións de salvamento e loita contra a contaminación e nos busques hospital, neste caso do ISM. Tamén se inclúen os traballos realizados en plataformas petrolíferas e de gas, así como os efectuados nas embarcacións de tráfico interior de portos. En pesca marítima, os traballos realizados tanto por conta allea como propia a bordo de embarcacións dedicadas á pesca marítima comercial e en calquera das súas modalidades. En portos, todas as actividades de estiba e desestiba levadas a cabo polos estibadores portuarios. En marisqueo, as actividades de marisqueo, recollida de percebes e algas, que determinan o encadramento no grupo 3 de cotización do réxime especial do mr, incluído o colectivo de mariscadores a pé.

Dito isto, a petición que formulamos os populares nesta iniciativa é a de pedir ao Goberno central que revise e actualice os coeficientes redutores para os profesionais do mar.

A normativa vixente está obsoleta. Non contempla nin recolle dun xeito axeitado os cambios substanciais que modificaron as circunstancias nas que se desenvolve nos últimos anos a actividade profesional no ámbito marítimo-pesqueiro. Tanto é así que cómpre revisar esta normativa porque se dan situacións de incoherencia grave entre a práctica pesqueira real e a contemplada na propia normativa.



Existen anacronismos como, por exemplo, a presenza de buques baleeiros; agravios comparativos, pois dous buques no mesmo caladoiro e pescando coa mesma arte poden ter coeficientes reductores diferentes; ou diferenzas tamén entre as mariscadoras a pé dos profesionais do marisqueo a flote.

E finalmente deben ampliarse os colectivos beneficiarios dos coeficientes reductores a outros profesionais como, por exemplo, as redeiras, os mergulladores ou os gardacostas de Galicia, que hoxe están excluídos dos coeficientes reductores.

Hai que buscar unha maior equidade nos dereitos de xubilación das e dos profesionais do noso mar. Xa lles adianto que sobre esta cuestión xa hai certo consenso. Este mesmo acordo que agora traemos ao Pleno, idéntico, foi aprobado por unanimidade, a instancias do Grupo Popular e co voto favorable de todas as forzas políticas, na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, do 15 de febreiro do ano 2022. É dicir, hai algo máis de dous meses.

Con todo, temos que dicirlles que a petición segue a ser de plena actualidade e está plenamente vixente. Traémola de novo ¿por que?

En primeiro lugar, hai algúns grupos que queren darlles preferencia a algúns colectivos da Administración pública sobre outros. E para nós, para o Grupo Popular, a revisión debe ser máis xeral e incluír todos os colectivos dun sector que hoxe están excluídos dos coeficientes reductores.

Traémolo, en segundo lugar, porque Moncloa segue sen cumprir o acordo. Falan de boquilla e o Partido Socialista vota a favor das nosas iniciativas, pero despois negan o pan e o sal ao sector pesqueiro.

Permítanme poñer só dous exemplos recentes. 6 de abril do ano 2022, *Diario de Pontevedra*: «Indignación entre redeiras por el no a jubilarse antes. Las asociaciones de redeiras y, en general, las mujeres de la pesca, tratan de encajar indignadas el golpe que la Seguridad Social acaba de dar a este colectivo de profesionales al negarles la posibilidad de ver adelantado su retiro por el impacto que tiene el trabajo que realizan en su salud. En una resolución que ha levantado ampollas, el organismo dependiente del Ministerio de Empleo rechaza autorizar el procedimiento para reconocer el coeficiente reductor para este gremio, lo que implicaría que podrían jubilarse antes».

A Asociación de Mulleres de Pesca asegura que esta decisión do Executivo de Pedro Sánchez volve as redeiras á invisibilidade, a pesar de todos os avances que se experimentaron.

21 de abril de 2022, *Faro de Vigo*: «Madrid desoye a los buzos para una rebaja en la edad de jubilación. No está previsto aplicar coeficientes reductores, dice el gobierno en una respuesta parlamentaria. Desde el Sindicato de Actividades Marítimas se preguntan: ¿Alguien en su sano juicio puede entender que un trabajador que porta un equipo de más de 40 kilos de peso y trabaja en un medio hostil, sumergido, puede desarrollar su trabajo con seguridad después de haber cumplido 60 años? ¿De verdad puede esperar a cumplir la edad de jubilación ordinaria sin que sufra daños irreversibles?».



E agora entendemos que é hora de que este goberno que se di progresista e que apoiou, ademais, o Bloque Nacionalista Galego na súa investidura e que afirman moitas veces de boquilla que non deixa a ninguén atrás, mire por sacar adiante este asunto, que se deixou encarrilado.

Non só deben preocuparse de subir os custos de cotización, hai que ampliar neste caso, que é o que estamos a pedir, as prestacións. E queremos que se faga xustiza, porque os mariñeiros e as mariscadoras o merecen. Polo cal o que lle pedimos, neste caso, ao Bloque Nacionalista Galego, o que lle pedimos ao Partido Socialista, é que apoiem esta iniciativa. Pero, sobre todo, o que lle pedimos ao Goberno de España é que cumpra o acordo que xa ten este Parlamento e o acordo que vai tomar de novo este Parlamento. Por iso dicía que segue plenamente vixente este acordo, e acábolles de poñer dous exemplos recentes e na réplica poñeríelles algún máis.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo, señorías.

«Estoy seguro de que el trabajo de las mariscadoras es penoso. Pero el trabajo es penoso por propia definición y por propia naturaleza. Todos los que hemos estudiado derecho del trabajo sabemos que una de las características es la penosidad del trabajo. No creo que en el marisqueo la penosidad sea superior a la de otras actividades en las que tampoco se va a aplicar el beneficio de la jubilación anticipada.»

Non son palabras desta deputada, son palabras do señor Pérez Corgos no Congreso dos Deputados no ano 2001, deputado polo PP pola provincia da Coruña, ante unha iniciativa que ía relativa á inclusión das mariscadoras autónomas ou por conta propia no réxime especial de traballadores do mar. Isto, señor Balseiro, é o que realmente pensa *(Aplausos.)* o Partido Popular sobre a inclusión ou non das mariscadoras no réxime especial do mar. Non veña vostede agora aquí con outras verbas e que son os que máis están preocupados por incluír as mariscadoras e as redeiras no réxime especial do mar que están incluídas e se non poder aplicarlles estes coeficientes redutores.

Porque, mire, imos empezar as cousiñas pola base. Vostede creo que confunde os termos estes de coeficientes redutores da idade da xubilación. É certo que estes coeficientes redutores para adiantar a idade de xubilación, sempre e cando se cumpran os demais requisitos para acceder á pensión de xubilación, como pode ser o período de carencia necesario, non é certo que todos teñan eses coeficientes redutores. Hai algúns colectivos que xa teñen recoñecidos estes coeficientes redutores e, polo tanto, o que haberá que pedir é que se melloren



e se amplíen eses coeficientes redutores, pero hai outros colectivos do sector pesqueiro que non teñen estes coeficientes redutores. Polo tanto, a algúns haberá que recoñecerlles estes coeficientes redutores e a outros colectivos que teñen recoñecidos estes coeficientes redutores o que haberá que facer é melloralos.

Pero, claro, é que vostede dicía que sobre este tema xa hai acordo e unanimidade neste Parlamento. Dende logo, o Partido Popular hai pouco trouxo mesma iniciativa a unha comisión, por certo, apoiada polo grupo parlamentario do PSdeG. Pero é que a mesma iniciativa a trouxo o Grupo Parlamentario do PSdeG na lexislatura pasada, e ¿que fixo o Partido Popular? Votou en contra, ¿e por que votou en contra? Porque estaba a gobernar en Madrid o Partido Popular. Polo tanto, non veña hoxe aquí con que o Partido Popular é o que máis está preocupado, que xa o levaba no seu programa electoral, que recollía as reivindicacións históricas do sector pesqueiro e do sector marisqueiro, porque, mire, permítame que a confianza que lle deron os galegos e as galegas está a defraudala totalmente o Partido Popular coas súas actuacións. *(Aplausos.)*

Porque, miren, na lexislatura pasada votaban en contra de solicitar estes coeficientes redutores para estes colectivos, incluso de melloralos para os que teñen xa recoñecidos estes coeficientes redutores, porque, claro, había que pedirlle a ese goberno amigo que fixeran esas modificacións lexislativas. Nós apoiabamos estes coeficientes redutores para estes colectivos, nomeadamente tamén para as mariscadoras, que o teñen recoñecido pero que hai que amplialo; para as redeiras tamén pedimos que se lles dean eses coeficientes redutores e para moitos máis outros colectivos de traballadores do mar. Porque nós non lles damos preferencia a uns colectivos sobre outros.

Pero, mire, é que vostedes están a enganar tamén os propios traballadores que dependen da Consellería do Mar, a enganar os gardacostas, os mostradores... porque non teñen eses coeficientes redutores. ¿Que fixeron vostedes -non, non, dígame-, que fixeron vostedes para que estes colectivos teñan recoñecidos eses coeficientes redutores? Boas palabras, pero non fixeron absolutamente nada. Non, señor Balseiro, ¿teñen coeficientes redutores os gardacostas, que nin sequera están incluídos no réxime especial do mar? ¿Teñen coeficientes redutores os mostradores dependentes da Consellería do Mar? Non, e iso é pola ineptitude e porque a Xunta de Galicia non é quen nin sequera de facer os informes precisos sobre morbilidade e sinistralidade, que serían moi bos para poder aplicar eses coeficientes redutores.

¿Pero que vén falar vostede, que incluso vostedes no ano 2017 lles negaron, por unha instrución do Instituto Social da Mariña, o coeficiente máximo de redución da idade de xubilación a moitos dos palangreiros do noso sector? ¿Pero que me está a contar? ¿Como que non é verdade? ¿Quere dicirme vostede que no 2017 non houbo unha instrución denegándolle os coeficientes máximos redutores a este colectivo?

Polo tanto, unha cousa é o que din facer e outra cousiña é o que fan, que non fan nada. *(Aplausos.)* Non fan nada.

Mire, señor Balseiro, vostede dicía que tamén na propia proposición non de lei, na parte positiva, dicían vostedes que xa no ano 2017 tamén trouxeran unha iniciativa que basicamente



viña dicir que, unha vez que estivera aprobado o regulamento europeo polo que se definen as características dos barcos de pesca, pois despois se procedera por parte do Goberno central a revisar eses coeficientes redutores da idade de xubilación. E agora di na súa iniciativa: «por fin, agora que xa está aprobado ese regulamento europeo». Mire, señor Balseiro, ¿sabe cando se aprobou ese regulamento? En xuño do ano 2017, regulamento da Unión Europea 2017/1.130 de 14 de xuño de 2017 polo que se definen as características dos barcos da pesca, publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 30 de xuño de 2017, e agora veñen vostedes: «agora que por fin se aprobou este regulamento pódense revisar estes coeficientes redutores».

Vostedes, ademais, trouxeran esa iniciativa en febreiro de 2017, cando estaba a piques de aprobarse ese regulamento. ¿Que estiveron a facer dende xuño de 2017? ¿Que estiveron a facer? Había gobernando en España un señor chamado M. Rajoy e non se lle podía pedir ningunha cousiña dende Galicia, e agora é todo urxirlle ao Goberno central a que revise estes coeficientes redutores. Que nós estamos de acordo, que nós imos votar a favor outra vez máis desta iniciativa que hoxe trae o Grupo Parlamentario Popular, que o Goberno de España está a traballar nesa revisión deses coeficientes redutores, así llo ten trasladado ao propio sector.

E non é certo que lles denegaran ás redeiras e ás mariscadoras estes coeficientes redutores, o que lles dixo o Goberno central nunha instrución era o xeito en que tiñan que activar este procedemento, e que o propio colectivo entendeu, e que así o está a facer.

Polo tanto, non me diga que non se está a traballar e que non se están a revisar eses coeficientes redutores. Que, por certo, é unha recomendación do Pacto de Toledo, ese que vostedes... Claro, non queremos falar do Pacto de Toledo, porque claro, claro, vostedes dábanlle moita vidilla ao Pacto de Toledo, esas negociacións, eses acordos cos axentes sociais é algo que non vai con vostede.

Pero repítolle, nós estamos de acordo, o Goberno central está a traballar nesa revisión dos coeficientes redutores, para, por un lado, incluír determinados colectivos que a día de hoxe non teñen dereito a eses coeficientes redutores a que teñan acceso a eses coeficientes redutores, e, por outro lado, que eses colectivos que xa teñen recoñecidos eses coeficientes redutores os melloren.

Pero, claro, é que vostedes non estiveron a facer nada. E que, miren, a propia conselleira do Mar, que hai poucas semanas, ou a semana pasada, se reunía co colectivo de mulleres da pesca, xa estaba a recoñecer que ata o 2019 non estiveran a facer nada. Dicía a propia conselleira: «Non, dende xuño de 2019 estamos a pedir estes coeficientes redutores para estes colectivos de redeiras e mariscadoras». ¿Por que a partir de xuño de 2019 se esta é unha reivindicación histórica, histórica, destes colectivos? ¿Por que antes non fixeron nada? A min paréceme moi ben que agora se interesen por estes colectivos e que queiran que se lles recoñezan eses beneficios,... non son beneficios, pero ao final si que é un beneficio porque poden adiantar a súa idade de xubilación, pero que é moi necesario, é de xustiza, polas condicións na que traballan estes colectivos.

Pero, claro, é que agora, hoxe, non podía pasar por alto o xeito no que tiñan redactada a súa iniciativa dicindo que agora, xa que por fin estaba aprobado ese regulamento europeo, pois



o Goberno central tiña que revisar eses coeficientes redutores. Pero, claro, repito que ese regulamento está publicado o 30 de xuño do ano 2017.

Polo tanto, o Goberno central e o ministro Escrivá nomeadamente comprometeuse que ao longo deste ano 2022 se revisará ese modelo polo que se determinan as profesións con penosidade e, sobre todo, coa penosidade prolongada, abrindo, polo tanto, a porta a que se melloren eses coeficientes redutores. Nós, desde aquí, dende o Grupo Parlamentario do PSdeG, xa lle dicimos ao ministro Escrivá que ten que facelo ao longo deste ano 2022. Vostede facía alusión, nunha xornada, nun foro que houbo en Cambados, a que o propio ministro se comprometía a atender a esta reclamacións históricas destes colectivos, a estas reclamacións que tamén veñen nas recomendacións do Pacto de Toledo e, polo tanto, estase a traballar nel, como así tamén o propio Goberno central recolleu tamén reivindicacións históricas destes colectivos. Estamos a falar das enfermidades profesionais que non tiñan recoñecidas redeiras ou mariscadoras, por exemplo, o túnel carpiano. No 2019 recoñecéronse seis enfermidades profesionais novas para estes colectivos. ¿Que hai que incluír máis enfermidades profesionais no catálogo para estes colectivos? Dende logo, pero vostedes non estiveron a facer nada e este Goberno si que está a traballar e as medidas están aí.

Polo tanto, nós hoxe imos apoiar de novo esta iniciativa. Cremos que é de xustiza que determinados colectivos do réxime especial do mar accedan a estes coeficientes redutores, que a outros colectivos que xa teñen recoñecidos estes coeficientes redutores se lles melloren, pero, dende logo, non priorizamos uns colectivos sobre outros. É certo que o outro día se debateu unha iniciativa que ía focalizada a eses dous colectivos, pero non se estaba a priorizar uns colectivos sobre outros. O que pasa é que me diga vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que estiveron a traballar para poder que os gardacostas, os mostradores, teñan uns coeficientes redutores, cando nin sequera foron quen de facer eses informes que lle pide o propio sector para poder avalar a tese de que necesitan eses coeficientes redutores, a verdade é que está vostede faltando bastante á verdade.

E remato. As verbas que lin ao principio son o que realmente pensa o Partido Popular sobre a inclusión no réxime especial do mar e sobre os coeficientes redutores para estes colectivos que hoxe veñen vostedes pedir aquí.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Balseiro, permítame, antes de que entre no fondo da cuestión, que lle faga unha pequena recomendación desde o aprecio que lle teño. Ten vostede que baixar a intensidade dos berros e das loitas internas no PP de Lugo, porque ten a voz moi afectada, señor Balseiro (*Aplausos.*), e á súa idade hai que empezar a coidar esas cousas. Coide a súa voz, señor Balseiro.

Dicía o señor Balseiro cando comezaba a súa intervención, dicíao unha vez máis, que, efectivamente, o Partido Popular é o grupo maioritario desta Cámara, sempre o di, ¿non?, é como unha coletilla. Uns dicimos «bueno»; outros dicimos —perdoando— «coño», ou calquera cousa. Pois o señor Balseiro di «o grupo maioritario desta Cámara». (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Bueno, pois dicía o señor Balseiro, ao principio desta intervención, que eles, como o grupo maioritario desta Cámara, se presentaron ás eleccións, evidentemente, cun programa que foi referendado pola maioría dos galegos e das galegas. Pois tan referendado se encontra e se sente o señor Balseiro que trae a mesma iniciativa —idéntica, con puntos, comas e acentos— dúas veces no mesmo mes. (*Risos.*) Non lle gusta, ou non pensa el que na Comisión os votos non teñen o mesmo valor, votamos todos a favor; e como di «bueno, total é a Comisión 8ª», vouna levar ao Pleno, porque alí ten máis valor a cousa. E entón tráenos a mesma iniciativa, exactamente a mesma.

Pois comezo polo final, señor Balseiro: o BNG vai votar a favor desta iniciativa do Partido Popular; é dicir, vai votar o mesmo que votou na Comisión 8ª, porque ten exactamente, señor Balseiro, o mesmo valor.

Ben, esta proposta que nos trae hoxe o Partido Popular non é nova. Nin sequera era nova cando a levou vostede á Comisión, nin sequera era nova, porque se trouxo moitas veces a debate neste Parlamento —incluso en comisión, señor Balseiro— (*Murmurios.*) e tamén se levou moitas veces ao Congreso dos Deputados. Neste momento o Ministerio de Seguridade Social parece —polas informacións que hai— que está a traballar precisamente na reforma da cotización dos traballadores e traballadoras autónomas. E, efectivamente, o señor ministro, o señor Escrivá —que estivo no mes de novembro en Cambados nunhas xornadas— afirmaba alí que tiñan intención de revisar o modelo polo que se determina a penosidade de determinadas profesións. A reforma que se quere levar a cabo, se é que se leva a cabo, nós entendemos que é unha oportunidade para as traballadoras e os traballadores do mar. Para adecuar, precisamente, a súa realidade e as características do seu traballo, e recoñecerlles, precisamente, esa característica, a penosidade dese traballo que desempeñan, que desenvolven; e, polo tanto, corresponder esas características cuns coeficientes redutores que se adapten a elas.

Ben, tamén dicía o señor Balseiro —bueno, coma sempre tamén— que agora mesmo estamos en marasmo absoluto no Goberno do Estado, non hai ninguén que aprobe nada, cando eles xa tiñan —e dixo textualmente— «encarrilado» este tema dos coeficientes redutores, encarrilado. Pois non sei se o encarrilaron vostedes o mesmo que encarrilaron o tren de alta velocidade ou o tren interno de Galiza, porque descarrilou absolutamente. (*Aplausos.*) Vostedes fixeron



unha reforma da Lei da Seguridade Social para persoas autónomas no ano 2015 — señor Balseiro, vostedes, gobernaba o Partido Popular e M. Rajoy no Goberno do Estado—, onde non contemplaron por enésima vez —xa sei que non foron nin os primeiros nin os únicos— a redución dos coeficientes redutores das redeiras, por exemplo, que a día de hoxe —século XXI— seguen tendo que xubilarse, con toda a penosidade que ten ese traballo, aos 65 anos, por obra y gracia da última lei que hai ao respecto, que é do Partido Popular. Isto é como cando falan vostedes do marasmo da actuación errática do Goberno do Estado coa enerxía eléctrica, que podemos compartir, pero resulta que están actuando baixo unha lei que aprobou o Partido Popular unilateralmente. (*Aplausos.*) Pois isto é igual, absolutamente igual. (*Aplausos.*)

O importante: as redeiras non teñen a día de hoxe —século XXI— coeficiente redutor, téñense que xubilar aos 65 anos, cando aquí, polo menos neste país —en Madrid non—, pero aquí neste sabemos perfectamente cales son as condicións de traballo, a penosidade, precisamente, dun traballo como o das redeiras. ¿Como non? Porque é que non me sorprende a estas alturas: mariscadoras a pé, coeficiente redutor, 0,10; mariscadores a flote —que, ademais, se di así habitualmente, mariscadoras a pé, mariscadores a flote—, 0,15. ¿Por que será que non me sorprende? Por máis que levamos anos, levan anos dicindo que existe a igualdade, pero existe unha igualdade legal que o BNG dixo moitas veces que aínda non era real, e este é un exemplo, unha mostra máis.

Pois ben, agardamos que esta reforma sirva para igualar na realidade, non no papel —porque no papel xa está máis que igualado—, o coeficiente redutor das mariscadoras a pé co dos mariscadores a flote, por exemplo.

Pero aínda hai máis. O señor Balseiro, que vén aquí agora de reivindicador dunha cuestión que xa se reivindicou moitas veces e, a pesar de que botaron uns cantos anos no Goberno do Estado, non fixeron nada, resulta que na propia casa da Xunta de Galiza existen traballadores do mar —e digo traballadores porque, ademais, neste caso son todos traballadores— que non só non teñen coeficiente redutor, a pesar de pertencer ao réxime especial do mar, senón que a Xunta de Galiza, como traballadores da Xunta, propiamente, desa Administración que son, non moveu a día de hoxe nin un papel, nin sequera para facer o que tanto lle gusta ao Partido Popular, que é demandarlle ao Estado que ese colectivo que agora lle vou nomear teña dereito ao coeficiente redutor.

Estou a falar, señor Balseiro, do colectivo de mostradores do mar. En Galiza existen os mostradores do mar, un corpo pequenísimo, porque a Xunta, en vez de ampliálo —que fan un labor importantísimo— reduciuno nos últimos anos. E onde eran 10 —ou algo máis de 10, non lembro agora a cantidade exacta— resulta que temos 8 persoas para todo o país, que se chaman mostradores do mar, que dependen directamente da Consellería do Mar, que levan anos reivindicando isto mesmo. Pero nunca llo vin nas súas iniciativas, ¿por que será?, ¿por que había que cambiar «demandar ao Estado» por «demandar á Xunta de Galiza»? ¿Será por iso, señor Balseiro? Claro, porque, se falamos dos traballadores e traballadoras do mar, falemos de todos e todas os que están precisamente en desigualdade e en inferioridade.

E vén vostede aquí poñer o acento... de verdade, eu hai veces que, en fin, quero dicir... (*Murmurios.*) ¡Claro! (*Murmurios.*) Non, si, si, claro, é que o outro día, a semana pasada, aprobamos por una-



nimidade na Comisión 8ª —por unanimidade, eu supoño que vostede forma parte do Partido Popular— que na Comisión 8ª levantou o dedo a favor da iniciativa do Bloque que solicitaba xustamente demandar ao Estado a inclusión dos gardacostas, do persoal do Servizo de Gardacostas, no tema dos coeficientes redutores. E, sen embargo, vén acusar agora aquí de que hai grupos —habelos hainos—, de que hai grupos que poñen o acento máis nuns colectivos que noutros. Non, señor Balseiro, o que pasa é que aquela iniciativa —xa llo explicamos naquel momento pero, igual que as súas, ímosllo ter que explicar dúas veces— estabamos presentando e debatendo unha iniciativa que se refería aos gardacostas. Igual que imos presentar outra —xa llo anticipo para que vostede vaia estudando o tema ben— sobre os mostradores do mar; concretamente, temos presentado outras de redeiras, de mariscadoras a pé, temos presentado outras.

Claro, e agora vén o Partido Popular, que o que soe facer nestes casos —e máis no Nadal, que é cando fai o balance do ano—, e métenos todo xunto e dinos «*todos los trabajadores del mar*». Pois, claro, estamos totalmente de acordo, señor Balseiro, absolutamente de acordo; o que cabe preguntarse é que, a pesar do encarrilamento —ese que tiñan vostedes, que di vostede que tiñan no Estado cando gobernaba o Partido Popular— seguimos igual. A última modificación da lei é do Partido Popular.

Entón, en fin, xa somos maiores para utilizar discursos que, realmente, non están baseados en nada, baseémoslos en datos rigorosos. E os datos rigorosos son que o Partido Popular tivo a oportunidade —igual que o PSOE, porque, claro, tamén gobernou no Estado outros tantos anos, ¿verdade?— de modificar isto. E é terriblemente penoso —e iso si que é penoso, cumpre os requisitos de penosidade dos coeficientes redutores—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que a día de hoxe esteamos con estas diferenzas.

Señor Balseiro, vostedes traen a iniciativa dúas veces e nós dúas veces imos votar a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pérez, non sabía eu que tiña a voz tomada. É certo que tampouco non consultarei con vostede as pastillas que teño que tomar para esa voz, consultareino coa doutora Amigo ou con outros médicos que hai aquí. Polo cal, que me receite vostede non llo vou aceptar.

Pero, mire, cando eu cheguei a este Parlamento —igual que algún outro deputado que está— a prensa daba uns premios aos deputados, dáballle o premio ao mellor portavoz. O que nunca



deu é un premio —que eu a vostede a propoñería para iso—, o premio ao deputado ou á deputada co discurso máis baleiro e máis demagogo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Eu propoñería a vostede para iso. (*Aplausos.*)

E ten vostede mal unha información que dixo do PP de Lugo. Mire, tena tan mal que llo vou explicar. No PP de Lugo non lle hai berros, alí chegamos a acordos, chegamos a consensos; podemos discrepar, que é normal. Mire se non hai berros que o PP de Lugo ten nesta Cámara, pola provincia de Lugo, 9 deputados, vostedes teñen 3. (*Aplausos.*) No Congreso, 2 deputados; vostedes teñen cero. No Senado, 4 senadores; vostedes teñen cero. Na Deputación de Lugo, o grupo maioritario, 12 deputados provinciais; vostedes, 3. E vostede atrevese a subir a esta tribuna e poñer o PP de Lugo como exemplo, e teñen algún deputado —e voulle dar outro dato—, teñen algún deputado que no seu concello ten 30 votos. (*Aplausos.*) Fíxese ben. (*Aplausos.*) E vostedes son os que asentan o exemplo de como é.

¡Home, por favor, teñan vostedes un pouco máis...! Cando menos, pidan vostedes permiso para falar, e cando menos que fale un de Lugo, porque vexo que vostede descoñece estes datos.

E, miren, faláronvos dos gardacostas. Mire, os gardacostas, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego saben ben quen son vostedes. Voules poñer un exemplo, que hai deputados novos que non o coñecen: no Goberno bipartito á base dos gardacostas de Galicia cortáronlle a luz por un Goberno moroso que non pagaba as facturas da luz; á base dos gardacostas de Galicia, iso é certo.

E din vostedes que votou o Partido Popular o que votou (*Murmurios.*). Miren, no Congreso dos Deputados, para incluír as redeiras nos coeficientes redutores o Partido Socialista votou en contra. Pero eu non me vou preocupar do Congreso dos Deputados, voume preocupar do que pasou neste Parlamento. (*Murmurios.*) Mire, o 6 de maio do ano 2016, a unha iniciativa deste deputado na Comisión 8ª para incluír nos coeficientes redutores os gardacostas de Galicia, o Partido Socialista abstívose e o Bloque Nacionalista Galego votou en contra. Está nas actas. E soben vostedes á tribuna do Parlamento dar leccións ¿de que? ¿Dar leccións de que? Vostedes, Partido Socialista, abstívose; e o Bloque Nacionalista Galego votou en contra á iniciativa deste deputado, xa non estamos dicindo a iniciativa de ninguén. Á iniciativa do Grupo Popular, do deputado José Manuel Balseiro, que naquel momento era o portavoz de Pesca. (*Murmurios.*) E, ¿e que?, e votan en contra. E agora sobe vostede, por iso vostede é a idónea para o premio —se nos están oíndo da prensa— para o discurso máis baleiro e máis demagogo do Parlamento e dos 75 deputados do Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*)

Din do Goberno de Rajoy. Mire, o PP sentou as bases para poder aplicar os coeficientes a todos os profesionais do sector. O Goberno de Rajoy deu un paso relevante (*Murmurios.*) na protección social dos profesionais do mar, deu un paso relevante coa reforma da lei básica que regula a protección social dos traballadores do sector marítimo-pesqueiro; que ampliou o número de colectivos que poden acollerse ao réxime do mar. E vostedes, como non teñen nada que dicir, din, única e exclusivamente, demagogia. Iso si, a iniciativa non debía de ser tan mala porque din que a van apoiar. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Claro, non debía de ser tan mala.



E como non teñen argumentos, porque vostedes nunca polo sector pesqueiro en Galicia nada fixeron, nin ningún tipo de discurso lles cre o sector pesqueiro nin ao Partido Socialista nin ao Bloque Nacionalista Galego, porque o único que fixeron co sector pesqueiro, se seguen vostedes no Goberno bipartito durante o ano 2005-2009, era arruinalo. ¡Se por non pagar non pagaban nin as facturas da central do gardacostas de Galicia!, ¡fíxense vostedes! Do gardacostas de Galicia, un servizo esencial as 24 horas do día e os 365 días do ano. ¿E vostedes van dar exemplo? Vostedes non teñen exemplo de nada, ¡home! Vostedes no sector pesqueiro non dan exemplo de nada. Vostedes no sector pesqueiro van por aí adiante e moitas confrarías non os reciben, moitas asociacións non os reciben, e non os queren ver por diante. Ese é o exemplo que poden dar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

(*Murmurios.*)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista presenta unha proposición non de lei que ten por obxecto reflexionar e analizar a situación da política económica e das medidas que hai que adoptar nun novo contexto económico e social que implica máis dificultades para a cidadanía e que obrigan tamén a reflexionar sobre cales deben ser as grandes liñas de fondo que orienten as medidas concretas das políticas públicas da Administración autonómica.

No ano 2008 a economía internacional experimentou unha gran recesión derivada dun feito motivador, nas hipotecas subprime, na crise das hipotecas subprime, que implicou unha crise financeira e tamén unha crise de demanda, con problemas no sistema financeiro, e que obrigou os distintos gobernos a ter que elixir entre políticas de austeridade e políticas de impulso público, políticas keynesianas.

Algúns defendemos con vehemencia, con traballo académico e tamén con posicionamento político a importancia de adoptar políticas expansivas que, a través da demanda, permitisen reactivar a economía, impulsar o emprego e loitar contra a desigualdade. Outros



plantexaron políticas de austeridade que implicaron unha saída da crise de perfil máis débil, que implicaron menos motivación e menos vitalización do tecido económico. E que implicaron, no fondo, que a gran recesión tivese, a través de dúas fases recesivas, na economía española un letargo máis grande para a actividade produtiva e para o benestar dos cidadáns.

Na gran recesión aprendemos que era necesario aplicar políticas de impulso e políticas keynesianas que eran importantes para ese tipo de crise. E de novo na crise da covid, da pandemia, que ademais dun problema sanitario profundísimo implicou tamén unha crise económica, vimos de novo como eran necesarias políticas expansivas e que o sector público actuase alí onde o sector privado non podía estar. Coa crise do covid tamén os sectores conservadores acabaron poñéndose detrás e a propia Xunta de Galicia despregou políticas de impulso expansivo da política económica, motivadas por un Goberno en España que mudou a forma de afrontar as crises económicas. Un Goberno que apostou por un plan Marshall europeo que motivou a existencia de fondos europeos que todos agora sabemos que son tan importantes. E que, abrindo a panca do gasto público, permitiu que a economía entrase nunha etapa de recuperación a medida que os confinamentos e as medidas restritivas pola pandemia se foron levantando.

Encarabamos agora un ciclo de recuperación que o escenario bélico pon nun novo tempo político: encarecemento de materias primas, especialmente referentes a gas e petróleo, desabastecemento de certos insumos, incerteza, inflación... Unha crise da oferta que implica maiores custos de produción, que implica un fallo de inputs, que implica unha crise enerxética e que obriga a facer os deberes en política económica, en materia de eficiencia e de equidade. E o Goberno de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia, non pode obviar as súas competencias en materia económica e en materia industrial para dar resposta aos problemas que imos ter nun novo tempo.

Todos esperamos que a guerra de Ucraína finalice o antes posible, pero sabemos que é un complexo bélico que vai ter efectos políticos de longo prazo no nivel de tensión internacional. Esperemos que finalice o conflito bélico, pero sabemos que o mundo que vén por diante vai ser distinto no escenario internacional e iso ten tamén unha implicación económica.

E é por iso que, 13 anos despois de goberno do señor Feijóo, é o momento de orientar a nova política económica para un novo tempo en Galicia, que temos que facelo facendo un balance das políticas económicas que aplicou o Goberno do Partido Popular en Galicia, e tamén de actualizar a folla de ruta de Galicia para unhas novas circunstancias económicas.

O señor Feijóo vaise do Goberno da Xunta de Galicia cun balance de ausencia na política económica do noso país. Durante 13 anos de goberno do señor Feijóo Galicia perdeu 100.000 habitantes; no ano 2009 eramos 2.796.000 galegos e hoxe somos 2.695.000. Unha crise demográfica que implica un maior envellecemento da poboación e que amosa tamén a debilidadade da economía galega para xerar emprego e para ter máis poboación ocupada. Porque se a economía galega tivera a capacidade de xerar máis emprego ao longo destes 13 anos habería máis galegos que poderían vivir en Galicia e máis cidadáns do mundo que poderían estar aquí desenvolvendo as súas capacidades laborais e o seu potencial produtivo.



Feijóo deixa unha Galicia con menos xente, unha Galicia con menos poboación ocupada. Mentres en España creceu o número de traballadores de forma importantísima ao longo destes últimos 13 anos, en Galicia reduciuse o número de cidadáns en poboación ocupada durante os gobernos de Feijóo. En España xerouse 1 millón de traballos máis dende o ano 2009 ata o ano 2021, en Galicia destruíronse 65.000. É unha economía que non ten o pulo de xerar emprego e aumentar a poboación ocupada, é unha economía que se fai máis feble; e por iso a economía galega é hoxe máis pequena con respecto ao conxunto da economía de España do que era cando chegou o señor Feijóo. Superabamos o 5 % da representación do PIB do conxunto do Estado e agora estamos por debaixo.

A débeda pública tamén aumentou, dun nivel que representaba o 6,8 % ata un 20,4 %, máis que triplicada ao longo dos 13 anos deste gran xestor que agora quere aplicar esas mesmas políticas para o conxunto de España. Unha taxa de parados de longa duración que tamén aumentou entre o 2009 e o 2021, do 3,4 ao 4,8. Unha taxa de paro xuvenil dos mozos e mozas galegas de entre 20 e 24 anos, que pasou tamén do 28 % ao 31 % durante os 13 anos do señor Feijóo. Un abandono da I+D+i, onde non conseguimos ningún dos obxectivos que o propio Partido Popular marcou de forma continua en cada campaña electoral, en cada un dos anos nos distintos debates de investidura; sempre fracasaron en política de innovación. Hoxe en Galicia hai menos investigadores no sector público a tempo completo que cando chegou o señor Feijóo.

E toda esta situación de crise económica evidénciase na industria, no medio rural, no des-poboamento, nos servizos sociais. Tamén un país que perde pulo tivo recortes en servizos sociais, nunha Galicia onde o número de camas instaladas se reduciu en 700, ou de camas en funcionamento en 900 nos hospitais públicos; ou onde pecharon 138 colexios públicos, o 11 % dos que había cando chegou o señor Feijóo. Hai, segundo distintos informes, máis de 600.000 galegos e galegas que están en niveis de pobreza, 1 de cada 5 galegos está en nivel de pobreza, e 1 de cada 10 galegos está en pobreza severa. Ese balance é froito tamén da incapacidade de ter unha estratexia para afrontar tempos de crise que noutros lugares se afrontaron con mellor rendemento.

Eu xa sei que o Partido Popular intenta obviar a realidade dun país que perde poboación, que perde poboación ocupada, que perde peso na economía do país. Hoxe Galicia é economicamente máis cativa que cando chegou Feijóo, porque o resto do mundo crece máis do que crece Galicia, e quedamos máis estancados, quedamos atrás; non podemos seguir coas mesmas follas de ruta que aplicaron nas crises anteriores.

E é por iso que é necesario marcar un novo tempo na política económica de Galicia, e témolo que facer cunha nova política que teña unha orientación estratéxica, porque é o que lle ten faltado tamén ao Goberno do Partido Popular. Un Goberno de 13 anos de Feijóo centrado simplemente en publicidade e en *marketing*, que nunca quixo recoñecer que en Galicia perdíamos poboación, que nunca quixo recoñecer que en Galicia hai 65.000 traballadores menos en poboación ocupada, que nunca quixo recoñecer que o peso da economía galega no conxunto do Estado é máis pequeno que cando el chegou. E con ese balance nefasto nos grandes datos, o señor Feijóo quere aplicar as mesmas políticas para o conxunto do Estado. Co que sabemos en Galicia, os efectos das políticas económicas do señor Feijóo para o conxunto do



Estado implicarían que España tería cada vez menos poboación ocupada, que España tería cada vez menos xente, que o nivel de produción de España estaría perdendo peso no conxunto do Europa. Un balance de recorte no social e de falta de impulso no económico, un discurso de moito *marketing* pagado con fondos públicos pero de poucas melloras para tantos cidadáns. E é por iso que aquilo que fracasou en Galicia o teñen que rectificar para os tempos que veñen, e aquilo que fracasou en Galicia non podemos permitir que se aplique en España para levar a máis cidadáns do noso país a unha situación complexa e de dificultades.

E é por iso que presentamos esta proposición non de lei, para que se aborde un novo tempo, con políticas de rendas e de encontro cos axentes sociais. Que se adopte unha nova política industrial, que estivo ausente ao longo de tantos tempos durante o señor Feijóo, onde a lista de empresas que caeron é innumerable; e ademais onde é necesario adaptar os plans económicos xerais a medidas de acción sectorial para protexer as empresas en transportes, en pesca, en mar, industria ou nos agrogandeiros. Políticas polo lado dos custos, que permitan desenvolver tamén un novo Igape, con novas funcións adaptadas a un novo tempo, e que non quede simplemente convertido nun elemento da administración pouco útil e pouco eficiente.

E, dende logo, unha política tributaria adaptada aos tempos. E vostedes, que son tan partidarios de mudar a política tributaria, poderían empezar xa. Se o Partido Popular quere facer unha política tributaria que beneficie a xente que ten máis vulnerabilidade, o primeiro que teñen que facer é reverter a última reforma do imposto de patrimonio que a favor dos millónarios en Galicia aprobou o Partido Popular do señor Feijóo, (*Aplausos.*) o Partido Popular aliado dos millónarios. (*Aplausos.*) Que toma medidas tributarias contra as clases medias e contra as clases baixas do noso país; (*Aplausos.*) contra os traballadores, os que estamos — como a maioría dos que estamos aquí— dependentes do noso salario para poder vivir.

E é por iso que lles queremos plantexar esta proposición, para orientar un novo tempo no que Galicia poida empezar a ter impulso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...en igualdade de crecemento e con benestar.

Señores do Partido Popular, é tempo de adaptarnos a novas facetas e a novas medidas, é tempo de adoptar un novo paquete de política económica. Fracasaron nas políticas económicas que aplicaron en Galicia na gran recesión, foron a remolque nas políticas que aplicamos ante a gran pandemia e agora non poden seguir deixando Galicia olvidada. E é necesario un novo tempo con políticas económicas distintas ás que aplicou o señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde.

A suba de prezos, a inflación, ocupa, loxicamente, hoxe en día boa parte do debate público e do debate político. O IPC subiu nos últimos doce meses 9,8 puntos no Estado español. Mais a suba chega aquí na Galiza aos 10,5 puntos. É dicir, os prezos subiron máis na Galiza que no conxunto do Estado español durante este último ano.

E resulta evidente para todo o mundo que esta escalada brutal dos prezos trae a súa causa directamente da suba dos prezos enerxéticos: electricidade e combustíbel. De feito, cando miramos os datos do IPC por categorías constatamos que os prezos de vivenda e gastos enerxéticos, que figuran xuntos, chegaron a aumentar o 33 % no Estado español e o 39 % no noso país, 6 puntos máis aquí na Galiza.

Estamos a falar de datos interanuais, de marzo do 2021 a marzo do 2022; polo tanto, correspondentes na súa maior parte a un período anterior á guerra na Ucraína. Algo que tamén resulta evidente para todo o mundo, mais no que, inesperadamente, debemos facer fincapé, desmentindo claramente o presidente do Goberno español, que manifestou no Congreso dos Deputados e Deputadas que a escalada de prezos era culpa exclusiva da guerra na Ucraína.

A guerra agravou, efectivamente, a suba dos prezos da enerxía, porque afecta o mercado mundial de gas e petróleo, pero os prezos nestes mercados mundiais xa estaban disparados antes da guerra; igual que os prezos das emisións por CO₂, por exemplo, que tamén se fixan nun mercado globalizado e especulativo.

Esta é unha das dúas razóns polas que os prezos se dispararon desde hai máis dun ano. En primeiro lugar, por causa destes mercados internacionais estaren en mans de especuladores. E a segunda causa da escalada dos prezos da electricidade, desta suba brutal e descarnada do prezo da luz, que está poñendo contra as cortas as empresas, os autónomos e autónomas e as familias, temos que agradecerlla, como lembraba antes a miña compañeira Rosana, ao Partido Popular e, nomeadamente, ao Goberno de M. Rajoy e ao ministro Soria, que foron os que deseñaron e implantaron o actual sistema de fixación de prezos da electricidade. Por certo, un sistema deseñado ao ditado das grandes empresas enerxéticas.

Por iso hoxe o señor Feixóo, no seu papel de líder da oposición, pide baixar os impostos para paliar o efecto da suba dos prezos, pero non di nada, absolutamente nada, de modificar o sistema de fixación de prezos da electricidade. Baixar impostos si, é dicir, reducir a recadación e financiamento dos servizos públicos si, esta é a receita do Partido Popular para todo, pero reducir os ilexítimos beneficios das grandes empresas enerxéticas non. O señor Feixóo sabe moi ben que o apoio e os abrazos do presidente de Iberdrola poden ser moi necesarios no seu obxectivo de chegar a ser presidente do Goberno español.

O primeiro que hai que facer para enfrontar de verdade esta escalada da inflación é actuar sobre aqueles produtos ou servizos que disparan a inflación. E os prezos enerxéticos son, con moitísima diferenza, a causa principal. Polo tanto, é aí onde hai que actuar.



O PP está en contra, xa o sabemos, pero ¿que fai o PSOE? Polo de agora, actuar sobre certos impostos específicos e subvencionar con 20 céntimos o prezo do combustible. Non chega, son medidas temporais e moi limitadas. Está por ver como se executa ese acordo con Bruxelas que acaban de anunciar e como se vai compensar ás eléctricas. En todo caso, son medidas —insisto— temporais e moi limitadas e non esquecemos que en moitos momentos o prezo máis alto da enerxía marcouno a hidroeléctrica.

Pero desde o BNG queremos salientar que actuar sobre a crise dos prezos é especialmente urxente no noso país, na Galiza. Porque non só temos unha inflación máis alta que no conxunto do Estado español —repito, 10,5 puntos na Galiza fronte a 9,8 puntos o Estado español—, senón que temos un salario medio máis baixo e unhas pensións moito máis baixas. É dicir, na Galiza estamos a vivir a tormenta perfecta: moita inflación, sobre todo de produtos básicos, os enerxéticos, nun contexto de rendas baixas ou moi baixas.

E neste escenario estamos a escoitar algunhas propostas que no BNG nos preocupan moito. Unha delas é a xa comentada de baixada de impostos e outra é un pacto de contención salarial sobre o que parece haber coincidencia entre Partido Popular e PSOE.

A baixada de impostos que propón Feixó preséntase como unha actualización do IRPF en función da inflación para evitar que a xente acabe pagando máis, o que se coñece como deflactar o imposto. E nós sobre isto queremos comentar tres cousas.

A primeira, que causa sorpresa que Feixó propoña deflactar o IRPF cando aquí neste Parlamento o Partido Popular votou en contra de deflactar a parte autonómica do IRPF, unha proposta que trouxo o BNG a esta Cámara. Queremos salientar, polo tanto, que Feixó estivo en contra de facer aquí na Galiza o que está a pedir para o conxunto do Estado.

Segunda: deflactar o IRPF e ao mesmo tempo promover a contención dos salarios é un pouco contradictorio, porque se os salarios non soben non existe o perigo da sobretribución que se pretende corrixir coa deflación. Pero, sobre todo, porque baixar os impostos para aumentar a liquidez e, polo tanto, aumentar a capacidade de consumo das persoas e ao mesmo tempo conxelar salarios e, polo tanto, reducir a capacidade de consumo das persoas, é moi contradictorio como argumento.

Pero —insisto— baixar impostos, con argumentos ou sen eles, con razón ou sen ela, é a solución do PP para todo, porque non lle doe, non lle preocupa en absoluto o financiamento dos servizos públicos, que son precisamente o principal mecanismo de redistribución de renda en política económica.

E a terceira cuestión: ir a un pacto de contención salarial é simplemente inasumíbel para todas esas persoas que cobran salarios baixos ou moi baixos, que son a maioría, sobre todo no noso país, e ademais é un risco para a recuperación da nosa economía, porque vai afectar o consumo interno e, fundamentalmente, o consumo de bens e servizos fornecidos por sectores xa moi golpeados pola crise, como son autónomos e autónomas, pequeno comercio e hostalaría.



Por iso, desde o BNG facemos fincapé en atacar o problema de raíz, actuando alí onde está localizado; é dicir, modificando o sistema de fixación de prezos da electricidade. Para o BNG é preferíbel reducir eses beneficios desproporcionados e ilexítimos das grandes empresas enerxéticas que non reducir os recursos públicos.

En canto ás outras medidas das que se fala actualmente, nós estamos a favor de deflactar o IRPF, claro que si, pero tamén estamos a favor de que os salarios manteñan a súa capacidade de consumo. E tamén estamos a favor de aumentar a tributación das rendas máis altas. Porque, do mesmo xeito que precisamos manter o poder adquisitivo dos salarios, precisamos tamén gobernos con capacidade económica para financiar servizos públicos de calidade: un ensino, unha sanidade e uns servizos sociais á altura dos tempos nos que estamos.

E, por outra banda, precisamos gobernos con capacidade para impulsar a reactivación económica e para realizar investimentos estratéxicos. E precisamos un Goberno galego que deixe de facer de comparsa do que diga o líder de turno do Partido Popular en Madrid, que deixe de actuar en función do calendario electoral da metrópole, que asuma as súas competencias e as súas responsabilidades e que impulse, desde xa e dunha vez por todas, unha auténtica axenda galega, nomeadamente en materia de I+D+i e de política industrial.

Resumindo e para finalizar: hai que conciliar unha política realista no sentido de política que solucione os problemas reais da xente, que son os prezos enerxéticos e os salarios baixos, non son os impostos, coa necesaria ambición que debe ter un Goberno galego para pensar Galiza en grande. Esa Galiza que sabemos que podemos ser, un país próspero e solidario. Pero debemos comezar, por exemplo, con medidas como constituír unha empresa eléctrica galega.

Galiza conta con recursos enerxéticos e na súa man está parte importante da planificación enerxética e do seu desenvolvemento. Poden vostedes poñer estes recursos enerxéticos propios ao servizo do país ou poden seguir cebando o cártel das grandes empresas enerxéticas.

Hoxe, que parece que Bruxelas acepta a existencia dunha excepción ibérica, ¿para cando, preguntamos nós, o recoñecemento da excepción galega?

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Cristina Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Caballero, defende vostede hoxe unha iniciativa na que pon deberes á Xunta de Galicia ante o escenario económico derivado da guerra de Ucraína, e faino tan só tres semanas des-



pois de que neste Pleno e este grupo parlamentario, o Grupo Parlamentario Popular, presentase unha batería extensa e detallada con 28 medidas para facer fronte á inflación e ás consecuencias económicas tras a invasión, proposición que non tivo o apoio do Grupo Parlamentario Socialista.

Desde o respecto que sabe que lle teño, permítame dicirille que agora, cunha proposición tan xenérica, parece que o que intenta é emendar o erro estratéxico do seu grupo parlamentario ou, cando menos, pretende disimular e lavar a cara pola mala decisión do PSdeG de non apoiar esa iniciativa e pola súa falta de apoio ás familias e ás empresas galegas ante a complexa situación que están a vivir.

Propón vostede, en primeiro lugar, que o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 se adecúe á nova situación froito da guerra de Ucraína. Coido que neste punto é necesario contextualizar.

Como as súas señorías saberán, o Goberno galego leva actuando ao abeiro da planificación estratéxica desde o ano 2010. Con ese obxectivo, o pasado 10 de marzo aprobouse o Plan estratéxico de Galicia para o período 2022-2030, que vén dar continuidade aos plans anteriores, que foron dos períodos 2010 ao 2014, do 2015 ao 2020.

O novo plan, elaborado logo de escoitar un gran número de expertos en cada materia, recolle dúas grandes prioridades: o crecemento económico sustentable e o emprego, que se estruturarán en torno a 5 eixos estratéxicos e 10 metas, que definirán a Galicia de futuro, a Galicia que desexamos para o ano 2030.

Pois ben, respecto da súa proposta de adecuar o plan á nova situación, coido que non é agora o momento. En primeiro lugar, porque o novo plan foi aprobado no último Consello da Xunta e será obxecto, como o anterior, de debate proximamente nesta Cámara. E será nese momento cando os distintos grupos parlamentarios poderemos facer as nosas valoracións, as nosas propostas respecto ao plan e respecto ao impacto da crise motivado pola guerra. Polo tanto, agora estaríamos anticipándonos a ese debate.

Ademais, como vostede seguro coñecerá, no propio texto do plan incorpóranse os seus propios mecanismos correctores. Porque o plan parte da premisa de que vivimos nunha sociedade cambiante e, polo tanto, xa incorpora o sistema que permitirá ir adaptando a planificación inicial para facer fronte aos continuos retos aos que se irá enfrontando Galicia ao longo desta década.

Fala vostede tamén na súa iniciativa de acordar cos axentes sociais de Galicia as bases da política económica da Xunta ante o novo escenario —e cito literal— «de crecemento de prezos derivado da guerra de Ucraína».

Permítame neste punto, por unha banda, que o corrixa, igual que o fixo o compañeiro voceiro do BNG, xa que, aínda que é certo que a guerra acrecentou o problema de prezos, a espiral inflacionista que vive este país, como ben sabe, comezou varios meses antes do inicio da invasión. Por favor, non pechen os ollos á realidade.



E permítame, por outra banda, que lle dea a benvida á forma de traballar do Goberno galego. Porque se hai un denominador común na súa toma de decisións é o diálogo permanente e o acordo cos axentes sociais. E nada mellor que un dato para ilustrar esta afirmación.

¿Sabe vostede cantas reunións mantivo co diálogo social a Consellería de Emprego e Igualdade desde que comezou esta lexislatura? Pois nada máis e nada menos que 70 reunións, nas que se trataron diferentes tipos de temas, como a candidatura galega aos fondos *Next Generation*, ou que axudas dar aos traballadores afectados polos ERTE, ou que plans de rescate elaborar para os sectores máis afectados pola pandemia.

Así que por parte do Grupo Parlamentario Popular e do Goberno galego, diálogo cos axentes sociais de Galicia, sempre. Outra cousa é que a vostedes lles moleste que un Goberno do PP sexa capaz de chegar a acordos ao abeiro do diálogo social, porque eses acordos amosan que o repetido argumento do rodillo do Partido Popular é simplemente unha falacia.

Nos seguintes puntos da súa iniciativa propón medidas de carácter xenérico, como a aposta por unha nova política industrial ou medidas de carácter sectorial.

Señor Caballero, ¿como pode pedir neste momento este tipo de medidas? ¿Vostede descoñece o contido ou alcance do plan de choque presentado polo presidente da Xunta de Galicia nesta sede o pasado 22 de marzo? ¿Vostede descoñece que ese plan contiña medidas sectoriais ou descoñece que ese plan está na súa maioría xa publicado no DOG e, polo tanto, é de aplicación ás familias e ás empresas da nosa comunidade?

Señorías, o Goberno galego unha vez máis soubo anticiparse e fixo os deberes a tempo, no marco das súas competencias, porque as familias e os sectores máis afectados pola pandemia non podían aguantar máis. E, por suposto, non podemos agardar a que vostedes se decidan a presentar esta iniciativa, mais cun mes e catro días de atraso con respecto ao día que se presentou o plan de choque nesta Cámara, de verdade que teñen un problema para entender o que é urxente e o que non o é.

Co plan de choque xa aprobado polo Goberno galego ante a alza de prezos, a Xunta de Galicia aprobou medidas para diferentes sectores, que xa foron explicadas e non teño tempo na miña intervención de volver detallar, pero xa foron medidas para o sector do mar, medidas para o sector gandeiro, foron medidas para o sector do transporte de viaxeiros por carretera, medidas para os comercios, para a hostalaría, medidas cara ao sector turístico, medidas para o sector da automoción, medidas de financiamento para as empresas en xeral, e medidas para as familias máis vulnerables a través do bono social térmico e axudarlles a pagar os seus gastos de calefacción e de auga quente.

E a maiores, cando é necesario, a Xunta impulsa plans sectoriais como, por exemplo, a estratexia da industria naval de Galicia 2022-2026, aprobada, como saben, no último Consello da Xunta, co obxectivo de consolidar unha industria clave da nosa comunidade.

Tamén fala vostede da redefinición do papel do Igape no novo escenario. Non sei moi ben a que se refire ou simplemente se se trata dun mantra que suele utilizar ou solen utilizar cando



falan deste organismo. Pero quede tranquilo, porque o Igape, tanto o seu equipo directivo como os seus profesionais, compañeiros e compañeiras de quen lles fala, foi quen de reaccionar ante o novo escenario con moitísimo traballo e axilidade e publicou ao longo do mes de abril numerosos programas para o apoio e financiamento das empresas.

En particular, porque non teño tempo de entrar en detalle de todos eles, permítame mencionarlle dous, especialmente acaídos neste debate. Primeiro aprobou os préstamos directos para financiar as industrias afectadas polo incremento do prezo das subministracións das materias primas como consecuencia da guerra de Ucraína, recollido no DOG do 8 de abril. E tamén aprobou o programa financeiro conflito Ucraína-Rusia, mediante o que a Xunta avala e subsidia préstamos bancarios ás pemes galegas coa mesma finalidade. Tome nota: DOG do 21 de abril.

E, por favor, deixen de botar balóns fóra e asuman as propias responsabilidades. Vostede sabe que o alcance das competencias e das medida que poida adoptar a Xunta non é comparable co que se precisa para facer fronte á situación actual. É necesaria paralelamente unha reacción inmediata do Goberno central. A pregunta é moi sinxela: ¿e que está facendo o Goberno central? Pois xa lle respondo eu: moita propaganda nos medios e pouca publicación no Boletín Oficial do Estado.

Vostedes anunciaron como medida estrela un tope no prezo do gas cando nin sequera tiñan —parece que hoxe— conseguida autorización da Unión Europea. Ou podemos falar da medida do desconto dos 20 céntimos nos carburantes, desconto que teñen que adiantar as gasolineiras, moitas das que aínda están esperando a que o Goberno central cumpra o seu compromiso de pagar eses anticipos. A situación xerada é tal que desde distintas asociacións do sector están denunciando a situación de se teren convertido en financiadores da facenda estatal. Está levando a que as pequenas estacións de servizo e as gasolineiras *low cost* ameacen co peche pola súa falta de liquidez. En vez dunha soa solución xeraron un novo problema. E unha vez máis, esta Xunta, para situarse ao carón do sector, o pasado 8 de abril, a través do Igape novamente, firmou un convenio coas PSDR galegas, con Afigal e con Sogarpo, para conceder ás gasolineiras afectadas por esta situación préstamos avalados e bonificados.

E pasa o mesmo co sector do transporte de mercadorías. Remítome aquí ás declaracións do presidente dunha asociación de transportistas da miña provincia, de Lugo, a semana pasada, nas que dixo que de momento non lles chegaron as axudas do Estado. Existe a incerteza de sobre como e cando lles chegarán. O gasóleo subiu tanto que a situación segue sendo insostenible, están traballando a perdas, e nesta situación o máis probable é que teñan que volver parar.

Conclúo xa, señorías. Coido que o Partido Socialista non está para dar leccións de control sobre a situación económica, tendo en conta o que está sucedendo en España, onde vostedes teñen, polo de agora, responsabilidade de gobernar.

E xa non é malo que o faga o Partido Socialista, o malo é que o faga o PSdeG, que é unha mera sucursal en Galicia e que se atreve a pedirlle á Xunta de Galicia o que non se atreve a pedirlle ao Goberno central e ao seu presidente nos ámbitos nos que realmente ten competencias.



Señor Caballero, tendo en conta a súa formación e os seus amplos coñecementos en economía, estou segura de que non di o que pensa e que está decepcionado, como moitos galegos e españois, pola falta de iniciativa do Goberno central ante a situación económica. Están a tempo de rectificar. E voules dar unha folla de ruta moi sinxela para facelo. Prégolles que estuden, que estuden e apoiem o plan en defensa das familias e a economía de España remitido o pasado venres polo presidente Feijóo ao presidente Sánchez. *(Aplausos.)*

Trátase dun plan propositivo, un plan en positivo que foi elaborado por expertos da sociedade civil, non todos do partido Popular, e moitos deles sen carné do Partido Popular, que contén un conxunto de propostas para modificar o rumbo equivocado que está seguindo a nosa economía. Propostas de carácter fiscal, de racionalización do gasto burocrático, de reformas estruturais a medio prazo ou de redeseño na xestión dos fondos europeos.

En Galicia elaboramos unha candidatura ambiciosa dos fondos Next Generation que inclúe proxectos tractores elaborados cos sectores estratéxicos e o tecido produtivo, e precisamos do Goberno central un cambio radical na xestión deses fondos, para que cheguen realmente ás empresas e para que produzan a transformación económica para a que realmente foron concibidos.

Facer posible isto si sería o mellor xeito de colaborar con Galicia, coas galegas e cos galegos. Rectifiquen, que aínda están a tempo.

Máis nada e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Pausa.) Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Obviar que temos por diante tempos difíciles en materia económica é un erro que non nos podemos permitir, porque temos milleiros de galegos e galegas pendentes das medidas que se adopten para melloralos.

Eu voules volver facer un balance que creo que resulta bastante clarificador. Vou repetir tres cifras que eu creo que todos temos que ter claras, tamén os membros do Goberno do Partido Popular, e os deputados do Partido Popular: en 13 anos de goberno do señor Feijóo Galicia perdeu 100.000 habitantes; hai 100.000 galegos e galegas menos; perdemos 60.000 persoas en poboación ocupada, 60.000 traballadores menos mentres en España se xeraron centos de milleiros de postos de traballo no mesmo período, e a economía galega é máis cativa dentro do conxunto do Goberno do Estado que cando chegou o señor Feijóo.



Para darlles datos máis recentes, a produción industrial en Galicia caeu nun 6,8 % mentres en España subiu un 3,9 % no mes de febreiro, a segunda comunidade na que máis baixou. A política industrial levounos a unha caída do sector industrial do país, que está moi por debaixo do 20 % ao que se aspiraba e o que se comprometían noutros tempos. O PIB galego segue por debaixo do PIB en tempos precrise, e o plan de choque do señor Feijóo é un plan que non leva a ningures, é un plan para chocar coas necesidades dos galegos e das galegas, para non fortalecer os servizos públicos, para non dar resposta aos problemas industriais do país, para non ter unha política laboral de compromiso e xeración de emprego, porque nos di a voceira do Partido Popular —a quen tamén lle teño todo o respecto e aprecio— que mantiveron máis de 70 reunións e xuntanzas de traballo, e paréceme moi ben, pero eu tamén creo que hai que ter en conta os datos do mercado laboral en Galicia, que son moi reveladores.

A taxa de actividade en Galicia ten o segundo dato peor de toda España, somos os penúltimos en taxas de actividade, e somos os quintos pola cola en taxa de ocupación. Son as políticas do señor Feijóo. Se vemos no que vai de ano a media de produción industrial galega, caeu nun 3,3 % mentres en España subiu un 4 %. O Partido Popular sempre se quere poñer a medalla de ser un gran xestor, fixérono cos gobernos de Aznar e o milagre económico de Aznar, do señor Rato, acabou como acabou. E cando falamos da política económica do señor Rajoy, o que sabemos é que se abrazou ás políticas de austeridade e que levou España a ter unha taxa de recuperación e de xeración de emprego con dúas recesións económicas de moitas dificultades. E agora o señor Feijóo quere ir a España a facer as mesmas políticas económicas de recortes do público, de falla de compromiso coas políticas das persoas, e de falla de política económica que fixo en Galicia con España, co agravante de que nos últimos tempos se ten convertido, o señor Feijóo, no maior defensor da curva de Laffer que hai no conxunto do Estado, aqueles que cren que hai que baixar os impostos para poder recadar máis, que xa ninguén o cre, pero aínda o señor Feijóo se quere agarrar a iso porque non ten un programa de política económica para o conxunto do Estado.

As políticas económicas do señor Feijóo leváronnos a unha Galicia máis cativa, con menor capacidade de xerar produción e industria, a unha Galicia con menor poboación, con menor poboación ocupada, con menos servizos sociais e servizos públicos, e agora o señor Feijóo quere aplicar esas mesmas políticas en España para conducir España a ter unha situación peor.

As políticas do Partido Popular non son positivas para a xente, non son positivas para as familias con vulnerabilidade, non son positivas para os traballadores e traballadoras, son positivas para os aliados do Partido Popular, que son as eléctricas, para os aliados do Partido Popular, que son os grandes poderes e que son os grandes patrimonios, son a dereita que queren baixar imposto para recortar o público e desfacer o estado do benestar, e seguiremos defendendo o estado do benestar e o público fronte aos recortes cos que queira ameazar o señor Feijóo e o Partido Popular.

É tempo de marcar unha nova actividade, o plan de choque do Partido Popular da Xunta non merece moito máis tempo. Vostedes cren que son serios, cando, coa que está caendo, plantexan un plan de choque que non ten ningunha medida de calado, que se lles preguntan aos



galegos e galegas que é o que están facendo, ninguén lles vai dicir que fan nada positivo e o único que fan é vir aquí a cuestionar, como fixo o outro día conselleira, que cando imos pagar o depósito de combustible temos unha redución de 20 céntimos por litro, e que o Partido Popular segue sendo o maior aliado das gasoleiras en vez de recoñecer que hai un goberno que tomou unha medida importante, con moitos fondos que recadamos en tributos para axudar as familias, os cidadáns, as empresas do país fronte á indolencia, a inactividade, a pasividade dun Partido Popular que sempre pon problemas pero nunca pon solucións, que pon os paus nas rodas porque non quere que España vaia ben (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), porque prefiren estar no desgaste do Goberno de España en vez de pensar coa xente, e por ese camiño non imos ben.

Eu quérolles pedir aos señores do Partido Popular que muden a política económica. Fracasaron nas crises anteriores, na gran recesión, foron a remolque na pandemia, agora apliquen unha nova política económica para os tempos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que veñen e para iso é mellor que se quiten o traxe ideolóxica do Partido Popular e tomen políticas positivas. Seguir ancorado nas políticas conservadoras de baixar impostos para desfacer o Estado do benestar, de non apoiar a política industrial...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CALLERO MÍGUEZ: ... de non ter política económica é a vía para levar España a un camiño peor e é a vía para retroceder desde as necesidades que teñen tantos cidadáns. Por aí non imos ben e en Galicia é necesario que vostedes se carguen as pilas e fagan unha nova política económica.

Moias grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e nove deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaidos

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.



Nós rexistramos esta iniciativa cando coñecemos a decisión incomprensible do Goberno de España de deixar fóra da planificación de Red Eléctrica 2021-2026 a conexión de Vigo á rede de transporte 220 quilovoltios, así como á subestación eléctrica de Balaídos.

E autoemendamos esta iniciativa para engadir algo que nos preocupa tamén e moito, que é o PERTE do vehículo eléctrico. Porque as últimas noticias dinnos que o Ministerio de Industria modifica o PERTE do motor e volve deixar fóra as demandas de Stellantis Vigo. Polo tanto, unha chapuza, como dixo o vicepresidente segundo, que creo que lle saíu un pouco de dentro, porque realmente é que non hai outra explicación. Isto é unha auténtica chapuza e non se nos ocorre outro cualificativo.

Vigo ten unha industria de automoción punteira cunha rede eléctrica do século pasado e o Goberno do Partido Socialista ignórao. A cidade quere camiñar cara ao futuro dende a industria, a innovación, pero ten que sobrevivir cun sistema eléctrico precario e anticuado que non dá para máis. E os gobernos do Partido Socialista ignóranos.

Esa exclusión de Vigo da planificación de Red Eléctrica Española para os anos 2021-2026 será un freo ao crecemento da cidade, e non só ata o 2026, senón máis alá; pero parece que os gobernos do Partido Socialista o ignoran.

Será unha década perdida na que se poderían dar grandes avances de conseguir que Vigo tivese unha conexión eléctrica fiable e á altura dunha cidade industrial na que se asenta a fábrica de vehículos de maior produción de España, pero os gobernos do Partido Socialista ignóranos. Ou non, quizais non o ignoran. Eu xa ás veces penso que son plenamente conscientes desas decisións e que toman Vigo como unha cidade de segunda en comparación con outras cidades e territorios de España.

O Goberno de España nin entende nin valora que Vigo lle aporta a Galicia e lle aporta a España, dende a ciencia, dende a universidade, dende a pesca, dende o sector conserveiro, acuicultura, o naval, automoción, a industria en xeral, aporta moito valor. Moito valor e ademais temos motivos para facer esas afirmacións.

Todo o coñecemento e a forza de traballo de Vigo non atopa ningún aliado no Goberno de Sánchez e non atopa ningún aliado nos gobernos do Partido Socialista.

Hai uns meses presentamos unha iniciativa para reclamar ao Goberno de España que puxese fin ao bloqueo a todas infraestruturas que se demandaban dende Vigo. Entre elas incluíase tamén a subestación, e cada día que pasa a listaxe deses agravios e desas infraestruturas que non chegan nunca vai aumentando e, polo tanto, nós consideramos que son totalmente discriminatorias para Vigo e para a súa área metropolitana.

Polo tanto, preguntámonos que problema ten o Goberno de Sánchez con Galicia, que problema ten o Goberno de Sánchez con Vigo, que problema ten o Partido Socialista con Vigo. E temos que dicir alto e claro que o PSOE está xogando co crecemento dos sectores estratégicos da cidade. Porque tamén falabamos antes nunha moción, en xeral, do sector da pesca, que tamén é fundamental e punteiro para a cidade de Vigo.



Dende este Parlamento temos que pedirlle ao Goberno que espabile, temos que pedirlle ao Goberno que responda ás nosas peticións, porque teñen como obxectivo, como mínimo, manter o que temos, como mínimo que non nos arrebaten o que temos.

Ben, xa lles dixen que nós non queremos beneficio a costa dos prexuízos doutros territorios, nós pedimos igualdade como mínimo —insisto—, pedimos o que nos pertence, e que non nos poñan excusas de criterios técnicos e de criterios científicos, porque son criterios cen por cento políticos, son decisións cen por cento políticas. E, polo tanto, iso ofende e iso hai que reivindicalo. A automoción, a Cataluña; o Oceanográfico, a Cantabria, a Murcia. Iso é unha vergoña, iso é un agravio, iso ofende os galegos e ofende os vigueses e, polo tanto, non o podemos permitir.

A subestación de Vigo é unha infraestrutura estratéxica. Unha infraestrutura estratéxica pensando no futuro da automoción de Vigo, pensando no futuro de Galicia, do emprego, da industria, e está chamada a beneficiar tamén a competitividade do resto da industria viguesa e a mellorar ademais a calidade do servizo que se ofrece ao resto da cidade, tamén dos fogares. Porque é unha cidade, Vigo, que está, ademais, a crecer.

¿De que serviron as solicitudes feitas pola Xunta, feitas pola propia industria, polo CEAGA?, ¿as solicitudes feitas por Stellantis? Pedímolos todos, pero o Goberno do Partido Socialista ignorouno.

Nós cremos que lle resta toda importancia a este sector pola decisións que está a tomar co sector en Galicia, que é un sector que precisa, ademais, garantir a competitividade de Stellantis como piar do resto de todas as empresas auxiliares e de toda a automoción que está en Vigo, como digo, e na súa área metropolitana, e necesita abaratar o custo de produción de vehículos. E sen esa subestación e sen esa calidade na conexión e na electricidade non está en igualdade de condicións e réstaselle competitividade.

Eu quero lembrar, é xusto lembrar, que era un proxecto comprometido na programación anterior aprobada polo Goberno do Partido Popular, polo Goberno de Rajoy, que o Executivo de Sánchez gardou nun caixón tras chegar á Moncloa no 2018. Insisto, pedímolo e agora definitivamente xa o tiraron ao lixo. Definitivamente, Teresa Ribera xa o tirou ao lixo e esperamos que recapacite, porque ademais de negarnos a subestación agora parece tamén que queren negarnos a inclusión no PERTE do vehículo eléctrico. Polo tanto, agravio tras agravio.

Eu xa dicía no pleno anterior, cando falabamos deste sector, que isto nos leva tamén a unha profunda reflexión, a unha profunda reflexión para saber que modelo quere o PSdeG, que modelo quere o Bloque Nacionalista Galego para Galicia e para Vigo. Se queren acabar con toda a industria, se realmente queren unha cidade sen industria. E como Pontevedra, que tamén lles dicía que é lícito, que é lexítimo, pero que o digan, que o recoñezan. Porque, miren, están en xogo 11.000 empregos case directos, e están en xogo en total en toda Galicia dependentes da automoción 23.400 empregos. Díganllo a esas persoas, díganlles a esas familias que vostedes non están de acordo en apoiar e tomar decisións que manteñan o sector da automoción tal e como o entendemos en Galicia como sector estratéxico.



E digo que Galicia e Vigo se xogan unha ambiciosa estratexia de electrificación que permitiría que en 2025 Stellantis tivese unha gama completamente electrificada, que é o que precisa.

Porque, miren, xa é case un milagre, e dicíao o outro día o propio director de Stellantis, que a antiga Citroën estea en Balaídos dende o ano 1958; que aguantara 64 anos alí con todas as dificultades e todas as crises que levou adiante. Polo tanto, non lle poñamos agora trabas, non lle poñamos agora obstáculos, intentemos que permaneza, porque, ademais, é unha factoría que soubo adaptarse moi ben aos tempos. E o que temos que facer, tanto dende o Goberno da Xunta como dende o Goberno de España, é apoiar este sector e apoiar esta factoría.

Polo tanto, agora mesmo Vigo é unha cidade sen conexión de moi alta tensión, esencial para dotar toda a industria de subministración eléctrica estable, eficiente e competitiva, e é unha cidade que non a ten, pero hai outras de España que si a teñen. Polo tanto, é o que digo da discriminación e está en desigualdade de condicións.

Stellantis representa un pilar básico na economía galega, representa aproximadamente o 30 % das exportacións e, polo tanto, non podemos prescindir dela e non podemos tomar decisións que vaian en contra do seu avance e da súa competitividade. E non poden ser competitivos con cortes eléctricos constantes, non poden, porque non estarían en igualdade de condicións que os demais.

En ningún caso, ademais, podemos poñer en dúbida a axuda da Xunta ao sector da automoción ao longo de todos os anos. Xa o dixen, 64 anos alí, con todos os altibaixos que tivo que pasar e con todas as crises. E, polo tanto, a industria da automoción galega, formada ademais por 200 empresas, que son as auxiliares de toda a área metropolitana, son todo un exemplo de excelencia, de dixitalización, de innovación, de sostibilidade, de talento. Comezou todo no 2004 cun I Plan estratéxico e agora o CEAGA, o clúster, xa ten un IV Plan estratéxico, por suposto que co apoio, todo o apoio, do Goberno autonómico sempre, e nos últimos trece anos cun apoio, ademais, económico duns 200 millóns de euros, que permitiron manter os postos de traballo, que permitiron esa dixitalización, esa innovación; que permiten que Citroën, Stellantis agora, estea alí.

Polo tanto, nós temos que dicir que agora tamén Stellantis formou parte, ademais, do primeiro vehículo eléctrico que circulou, autónomo, que circulou polas rúas de España, que saíu da propia factoría de Stellantis, co apoio, ademais, do Goberno de Feijóo, co apoio da Xunta de Galicia; que agora tamén está a fabricar o Peugeot 2008, unha ampla gama de furgonetas eléctricas; que ademais puido consolidar os modelos para pechar o Proxecto I+D+i Factoría 4.0. É dicir, un investimento que serviu para que isto siga adiante, pero o que non pode ser é que dende o Goberno de Sánchez lle poñan obstáculos, que vaian só a mirar para Cataluña e que discriminen Galicia desa maneira tan descarada.

Polo tanto, nós seguimos a liña marcada polos que entenden ben disto, que son os que nos aconsellan, os que entenden ben disto e, como dixen, emendamos para que deixen tamén Vigo á altura que precisa, e que poida incluírse no PERTE. Porque as últimas noticias, como digo, dinnos que está fóra do PERTE e nós pedimos, ademais, que se converta o PERTE do



vehículo eléctrico e conectado nunha ferramenta na que sustentar realmente a transformación do sector da automoción con criterios xustos e transparentes, que permita garantir a continuidade de Stellantis en Vigo e a súa posición como primeiro fabricante en España, a través de axudas que faciliten o acceso ás novas plataformas e aos modelos eléctricos, o que repercute na industria auxiliar galega directamente e en miles de empregos asociados.

Esta é a autoemenda que nós presentamos, que temos que sumala á petición, espero que unánime, desta Cámara, de que Vigo conte cunha subestación e cunha conexión eléctrica que lle corresponde.

Pola miña banda, nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Ben, nós cremos nunha Galicia que ten que ter un sector industrial potente. E falar de industria en Galicia, en termos históricos, en termos presentes e en termos de futuro, implica tamén falar do sector da automoción e, inescusablemente, do sector da automoción en Vigo e do papel histórico que desenvolveu a factoría de Citroën, hoxe Stellantis, na nosa cidade.

Temos que ter claro iso entre todos e todas. Falamos dunha cuestión que é vital para a cidade máis poboada de Galicia, pero que é vital para o conxunto de Galicia e para toda a área metropolitana. Porque imos medir a capacidade tamén de facer fronte aos retos dos procesos de transición dixital, de transición industrial, o camiño que hai cara a un novo sector do automóbil no conxunto do mundo. E, dende logo, que esa é a posición que temos que adoptar entre todos os actores da vida política galega e, dende logo, dende a cidade olívica para conseguir algo que é tan importante para o emprego, para a industria e para o futuro de Vigo e para o futuro de Galicia.

Non se pode entender Galicia sen entender o papel fundamental de Vigo, non se pode entender o sector industrial galego sen entender o papel fundamental do sector da automoción de Vigo. Non se pode entender o reto de futuro da industria de Galicia se non o facemos apostando con claridade polo sector da automoción, que ten que ter en Stellantis un puntal insubstituíble, pero tamén que debemos complementar cun conxunto doutras actividades industriais do sector da automoción como está facendo o clúster e tantas empresas nesa área metropolitana.

E témolo que facer para chegar a grandes acordos e impulsar ese novo tempo. E hai que facelo, ademais, tendo perspectiva histórica, porque eu creo que na intervención que lle escoitei á voceira do Partido Popular —que, ademais, é tamén da miña cidade, compartimos cidade e seguro que compromiso con Vigo—, faltoulle unha perspectiva un pouquiño máis



de longo prazo. Porque é certo que non existe unha conexión á moi alta tensión, pero temos que velo dende unha perspectiva histórica para agora acertar entre todos e poñernos a facer aquilo que tampouco fixo o Goberno presidido polo señor Rajoy, porque recordamos todo o plantexamento que houbo e que no ano 2013 Citroën solicitou a liña de moi alta tensión ao Goberno do Partido Popular, ao Goberno de Mariano Rajoy. Entre 2013 e 2018 gobernou o Partido Popular en España e non se adoptou esa medida, Rajoy non o fixo e Feijóo calou. Rajoy non levou a Vigo a moi alta tensión, e Feijóo nunca levantou a boca nin fixo unha demanda diso. E eu estou seguro de que temos que traballar todos conxuntamente para que o Goberno do Estado, presidido por Pedro Sánchez, faga aquilo que Rajoy e Feijóo non fixeron cando gobernaban no Estado. E é por iso que temos que ser conscientes da realidade.

E eu comparto que hai distintas perspectivas. Sabemos que hai informes técnicos que sinalan que a demanda prevista non cumpre cos requisitos do decreto en vigor. E temos que ter claro que o compromiso que temos con Vigo vai moito máis alá de calquera informe técnico. Se o decreto que existe non permite a conexión da fábrica de Stellantis e de toda a automoción e de todo o sector industrial de Vigo coas liñas de moi alta tensión, haberá que cambiar o decreto para conseguir, de acordo coa lei, poder levar á fábrica de Stellantis en Vigo aquilo que o Goberno do Partido Popular de Rajoy non fixo, aquilo co que se silenciaba o señor Feijóo e aquilo que agora hai que facer, e témolo que facer polo futuro da cidade.

É importante porque esa liña implica unha prioridade para o sector da automoción e unha prioridade para toda a área de Vigo, non soamente para a factoría de Stellantis. E porque temos que conseguir, ademais, facer ese cambio de conexión que permita ter máis potencia coa mesma circulación corrente con menos custos, dar máis garantía e menos riscos; e, polo tanto, permitir que a fábrica de Citroën, de Stellantis, teña un menor nivel de custos e máis garantía na súa acometida. Porque, ademais, a rede de moi alta tensión pasaría de estar xestionada por certos distribuidores —actualmente, os que están por Rede Eléctrica Española— e porque ademais a rede de moi alta tensión implica unha maior calidade. É un sector fundamental para o futuro e non podemos mermar ningunha das cuestións que permitan expandir o sector e darlle todas as súas garantías.

E é por iso que é necesario esa aposta, ese esforzo. E temos que traballar..., eu boto en falta que o Goberno da Xunta de Galicia non teña maior capacidade en política industrial. E é certo que vostedes, dende o Partido Popular, recriminan moitas cuestións ao Goberno do Estado, pero eu volvo dicirlles o mesmo: cando falamos da conexión da moi alta tensión, todos temos que estar xuntos. Se hai que cambiar o decreto que neste momento existe e que pode poñer limitacións ou imposibilidades a esa conexión, haberá que cambiar o decreto. Pero o Partido Popular non pode dar leccións, porque cando gobernaba Rajoy non levou a adiante a conexión con moi alta tensión que Citroën pediu no ano 2013, e durante 5 anos de Goberno do PP non o fixo.

Porque, ademais, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia carece de política industrial. A min encantárame estar escoitando como o Goberno de Galicia ten a capacidade de plantexar un plan estratéxico que motive, que innove, que poña a automoción de Galicia na vangarda da europea e do mundo para gañar os retos do futuro; e facelo buscando os acordos necesarios. ¿E por que non o fai? E xa sabemos, ademais, que en 13 anos de gobernos



do señor Feijóo a cidade de Vigo nunca estivo nas súas prioridades, sempre tendeu a olvidarse da cidade máis poboada de Galicia. É que ese é un déficit tamén que ten o Partido Popular.

E dígollo, señora Egerique, coa mesma corrección con que vostede recrimina ao Partido Socialista que agora non se estea facendo, pero vostedes puidérono facer e non se fixo. E, polo tanto, agora temos que buscar o compromiso coa principal cidade de Galicia e un compromiso que non pode quedar atrás. E témolo que levar a adiante para ter Vigo, a fábrica de Stellantis e todo o sector da automoción tendo un papel punteiro en todo o que impliquen os novos fondos europeos, en todo o que implique a necesidade de conexión a través de Red Eléctrica coa moi alta tensión. En definitiva, en todo aquilo que implique un maior desenvolvemento do sector da automoción. Porque desenvolver a automoción en Vigo é desenvolver a industria e o futuro de Galicia. E aí temos que estar todos para conseguir facer unha causa común naquilo do que dependen milleiros de traballadores de forma directa e decenas de milleiros de traballadores de forma indirecta do sector da automoción.

É, polo tanto, un compromiso que temos, que ten o Partido Socialista de Galicia, que ten o Grupo Parlamentario Socialista, que ten tamén a alcaldía de Vigo. Traballando en conexión e en contacto co Estado, co Goberno do Estado, para conseguir agora levar a adiante aquilo que non se fixo cando gobernaba o señor Rajoy.

E está ben, dende logo, que se presenten iniciativas como estas, que, dende logo, nós temos a intención de respaldar, porque o noso compromiso coa automoción, con Vigo e coa industria galega en ningún momento vai quedar supeditada a ningún outro tipo de obxectivo.

Hai viabilidade para o sector da automoción, sen dúbida, pero temos que ser ambiciosos, non podemos deixar ningunha cuestión pendente; e aí temos que estar todos traballando. E a Consellería de Economía e Industria do Goberno da Xunta de Galicia ten competencias, ten responsabilidades, ten o deber de conseguir dende Galicia defender aquilo que é fundamental para a nosa industria e para o valor engadido bruto en toda a nosa comunidade. Non podemos quedar atrás e, polo tanto, eu creo que é o momento de que, ademais de aprobar todas as iniciativas necesarias no Parlamento, no Pleno, e ademais de rectificar aquilo que non se fixese ben, é o momento de dar tamén unha orientación estratéxica sen renunciar a nada no sector da automoción para Vigo. No plantexamento que teña que ver con toda a transición enerxética, como o plantexamento que ten que ver con toda a transición de dixitalización, coa robotización, que vai ter un papel fundamental no sector da automoción. É que, ademais, cando esta máis robotizada será unha industria moito máis dependente da subministración eléctrica porque haberá maiores custos perdidos se hai fallos na conexión.

E por todo iso, porque, máis alá do que impoñan os informes técnicos e o marco legal, a política está para cambiar as leis, para cambiar os decretos e para conseguir dar solucións, porque cremos que o futuro de Galicia necesita da automoción en Vigo e a automoción en Vigo pasa polo mantemento dun Stellantis que poida seguir sendo referencia de vangarda, dende logo que os socialistas galegos sempre imos apoiar a automoción e, dende logo, imos apoiar a Vigo.



Moitas grazas, señores e señoras deputadas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Bueno, alégrome de que estea o señor Balseiro, porque, antes de empezar e ir ao tema, quero permitirme agradecerlle que nos ensinara na súa réplica o que é, realmente, un discurso cheo, un discurso a rebosar de contido. Dende logo, señor Balseiro, botou vostede por fóra na súa intervención. Moitas grazas pola ensinanza. (*Aplausos.*)

Bueno, con referencia a esta iniciativa, estamos ante unha nova mostra do escaso peso político que o Goberno galego ten en Madrid e da nula defensa de Galiza que fai a Xunta de Galiza ante o Goberno do Estado. E isto non é ningunha novidade, non é ningunha novidade que Galiza non estea na axenda do Goberno do Estado, governe o Partido Popular ou governe o Partido Socialista. Non é ningunha sorpresa que Galiza perda, quede sen proxectos ou investimentos que son estratéxicos para o noso país. E a conexión á rede de moi alta tensión do Porriño é unha demanda non só do sector da automoción, é unha demanda da cidade de Vigo, a única con máis de 250.000 habitantes do Estado que segue conectada a unha rede básica de 132 quilowatts. Esta situación está a provocar no tecido industrial de Vigo, e nomeadamente na fábrica de Stellantis pero tamén en toda a cidade, caídas de tensión e apagamentos provocados pola actual rede, obsoleta e insuficiente. Caídas de tensión e apagamentos que son habituais, polo que é preciso actuar para reverter esta situación.

E resulta incomprensible que o Ministerio de Transición Ecolóxica deixe fóra da planificación da rede española para o 2021-2026 a conexión de Vigo a esta rede de moi alta tensión e a subestación de Balaídos. Certo —como dicía a señora Egerique— que esta subestación de Balaídos xa estivo incluída na rede eléctrica para o sexenio 2015-2020, unha actuación chamada Novo Vigo 2020. No programa de inversións para ese sexenio, cun orzamento de 70 millóns de euros, estaba prevista a subestación de Balaídos e a conexión coa liña Atios-Pazos de moi alta tensión. E agora o PP, o Partido Popular, saca peito defendendo que o Goberno de M. Rajoy foi o que incluíu esta actuación na planificación para o 2015-2020. Pero o que non di o Partido Popular é que ata xuño de 2018, en que gobernaron, non fixo absolutamente nada para que iso se desenvolvera, nin sequera declarou a condición de excepcionalidade necesaria, xa que unha conexión destas características require un consumo intensivo de electricidade que o polígono de Balaídos non alcanza. Unha excepcionalidade que xa se declarou para a planta de Opel de Figueruelas, similar á planta de Stellantis de Vigo. Un tema que o Partido Popular tamén tiña encarrilado pero que tamén desencarrilou.



En dous anos e medio tiveron tempo de sobra e non fixeron nada, absolutamente nada, e agora vemos como na planificación para o 2021-2026 esta actuación non está recollida. E a pregunta que corresponde neste Parlamento é ¿que fixo o Goberno galego para que isto non sucedera? ¿Presentou a Xunta de Galiza algunha alegación a esta planificación? O vicepresidente segundo seguro que mandou un escrito ao Goberno do Estado, que é como dicir que non fixo nada. Non vimos o señor Conde en Madrid reclamando esta actuación, nin esta nin outras; non vemos o señor Conde en Madrid.

A pasividade do Goberno galego só é comparable á do alcalde de Vigo, a defensa desta actuación a golpe de titular de prensa non parece suficiente, porque nin á Xunta nin ao Concello de Vigo lles fixeron caso en Madrid. Debe ser que *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo* non se len na capital do Estado. Eu faríalle unha recomendación ao Partido Popular, e é que, antes de marchar para Madrid, Feijóo deixe feita a subscrición a estes dous periódicos para que non lle pase como a M. Rajoy, que cando estivo en Madrid se esqueceu totalmente dos problemas de Galiza.

O PP emenda esta iniciativa engadindo a demanda ao Goberno do Estado para que mude as condicións do PERTE do vehículo eléctrico e conectado, e para que permita garantir a continuidade de Stellantis en Vigo. E para garantir a continuidade de Stellantis en Vigo reclamámosllo ao Goberno do Estado dende a prensa, dende o Parlamento Galego, dende o Concello de Vigo —que mañá se levan dúas iniciativas, unha iniciativa do Partido Popular e outra do Partido Socialista—, pero o Goberno galego permanece impasible, non fai nada, ¿para que?, ¿para que se con el non vai a cousa? ¡A política industrial non é cousa do Goberno galego!

O futuro da automoción na área de Vigo non depende só de ter conexión á rede de moi alta tensión e unha nova subestación eléctrica. O futuro da automoción non depende só do PERTE para a automoción, que son fundamentais —non o negamos—, pero o futuro da automoción depende de ter un plan de futuro para o sector e diso falaba a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego que debatemos o pasado Pleno e que o Partido Popular votou en contra. O Goberno galego ten competencias en materia de industria e debe ser quen dirixa a política industrial en Galiza. Xa sabemos que o PP non quere competencias, que está máis cómodo botando balóns fóra e buscando culpables, pero mentres gobernen en Galiza teñen que cumprir coa súa obriga de gobernar o país.

O Goberno galego do Partido Popular ten que impulsar un plan que recolla todas as actuacións necesarias, incluídas estas dúas, para garantir o futuro da industria da automoción en Vigo. Pero o Partido Popular non está disposto a facer o seu traballo e liderar a política industrial de Galiza. A súa única acción vai seguir sendo limitarse a acompañar e apoiar, como nos ten comunicado. É moi sintomático que no balance que fixo o señor Feijóo a semana pasada das súas actuacións na cidade de Vigo non haxa absolutamente ningunha referencia á industria da automoción.

A submisión do Partido Popular e o Partido Socialista aos mandados das súas dirección en Madrid están facendo que Galiza perda. A falta de peso político do Goberno galego en Madrid fai que Galiza perda: fábrica de baterías, conexión á rede de moi alta tensión e subestación



de Balaídos, PERTE do vehículo eléctrico e conectado, Alcoa, corredor atlántico, rede ferroviaria, peaxes na AP-9, sede do Instituto Español de Oceanografía, cotas pesqueiras, cero competencias en trece anos... Poderíamos seguir, practicamente toda a competencia. Perde, perde e perde, Galiza perde co Partido Popular na Xunta de Galiza.

Miren, señoras e señores do Partido Popular, voulles facer unha pregunta: ¿Fan vostedes algunha vez autocrítica? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Pregúntanse vostedes por que todo vai para o Mediterráneo como vostedes din...? Recomendolles que agora que están en racha de congresos, adiquen unha fin de semana para facer un congreso no que analicen estas cuestións. Non serve repetir unha e mil veces que o Goberno do Estado despreza, maltrata e ignora Galiza. Non serve laiarnos porque nos tratan mal e tratan mellor a outros. Se queres que os teus proxectos sexan valorados e apoiados, haberá que facer unha defensa firme e desprezar todas as medidas necesarias e non conformarnos con mandarlle unha carta ao presidente do Goberno.

Galiza está inxustamente tratada co Goberno do Partido Socialista de Pedro Sánchez. E estivo inxustamente tratada cando gobernou o Partido Popular de M. Rajoy. Porque o Partido Socialista de Galiza e o Partido Popular de Galiza están ás ordes dos seus xefes de Madrid, o que lles impide defender o noso país coa forza que merece. E iso demóstrase porque aquí votan unha cousa e chegan a Madrid e votan en contra, como pasou coa transferencia do Instituto Español de Oceanografía.

O BNG imos apoiar esta iniciativa porque, como xa dixen, aínda que os problemas da automoción non só teñen que ver con que Stellantis estea conectada á rede de moi alta tensión e con que entre no PERTE do vehículo eléctrico e conectado, entendemos que son medidas necesarias para o futuro do sector. Pero temos que ir máis aló, o sector da automoción está nun momento crucial, temos que trazar un plan industrial que garanta o seu futuro no novo modelo de produción do automóbil que vén.

Señora Egerique, rematou vostede a súa intervención no anterior pleno apelando a que rememos todos xuntos para apuntalar o futuro do sector da automoción, e o Bloque Nacionalista Galego concordamos con isto. Pero teña en conta que nunha traíña o que dirixe o rumbo é o temoneiro, e sen temoneiro a embarcación pode rematar nas pedras. Poden remar as empresas, os sindicatos, as universidades, o resto das administracións, incluso todos os grupos políticos que estamos representados neste Parlamento, pero se a Xunta de Galiza no colle o temón a traíña vai sen rumbo.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Deixen de laiarse e defendan con decisión os intereses de Galiza ante o Goberno do estado, deixen de botar balóns fóra e buscar culpables e lideren a política industrial galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben, señora González, ¿vostedes fan autocrítica tamén algunha vez? Disimulen, disimulen, porque vén vostede aquí botarlle todas as culpas á Xunta, case pasa de perfil o Goberno de España, cómplices absolutamente dun goberno do Partido Socialista que sabe vostede perfectamente que está a maltratar Galicia, que sabe vostede perfectamente que as decisións que está tomando co PERTE, coa negativa da subestación da rede de alta tensión, son do Goberno socialista do Estado, e vostede o único que fai é aquí falar da Xunta de Galicia e de que fagamos autocrítica.

Mire, señora González, creo que ten que disimular e creo que ten que saber, xa que falaba vostede do Instituto Oceanográfico, que á mañá a declaración institucional proposta polo Bloque Nacionalista Galego foi rexeitada polo Partido Socialista de Vigo. Non quere aceptar esa declaración institucional un Partido Socialista que cre que ten moito peso e que vai cambiar os decretos pero que non fai nada por Vigo e non fai nada por Galicia. E neses momentos é cando, ademais, se retratan.

Polo tanto, señora González, se vostede cre que hai que remar na mesma dirección tamén, coma min, se vostede cre que hai que defender os intereses de Galicia, vostede está defendendo os intereses do Bloque Nacionalista Galego permanentemente por encima dos intereses de Galicia. Porque ten que ser vostede coherente e sensata coas decisións que está tomando o Goberno de Sánchez e do Partido Socialista en referencia ao sector da automoción. Todo son paus nas rodas e todo son negativos.

Polo tanto, señora González, non sei quen quere coller o temón, intervenir toda a industria de Galicia. Quizais ese é o seu modelo e sabe que nós non o imos apoiar. Ademais, temos o respaldo dos galegos nos últimos anos, catro maiorías absolutas e tamén outras tantas nos anos anteriores. Iso será porque os galegos confían en nós, no Partido Popular.

E a ver, señor Caballero, teño que dicirlle, ¿como non imos presentar esas iniciativas? Vostede di aquí que o Partido Popular presenta estas iniciativas. Realmente, temos que reivindicar con estas iniciativas o que merecemos en Galicia, o que merecemos en Vigo, é fundamental. E vostede vén aquí dicir, pasar por enriba, que hai que modificar o real decreto e na mesma liña ca nós, pero é que iso non vai por aí. É que vostede vén aquí parece que lavarlle a cara a Sánchez, lavarlle a cara a Abel Caballero, e eu espero que algún Caballero lle faga algún caso, porque non lle fan caso. O Partido Socialista de España non lles fai caso. E, realmente, vostedes veñen pedir que si, que a subestación, que é fundamental, e Sánchez vén a dicir que non. E que si, que o IEO ten que estar en Vigo, e Sánchez a dicir que non. E, polo tanto, votemos todos a favor aquí, pero que tamén o Goberno de España —e sexan realistas— estea algunha vez de parte do sector da automoción de Vigo, do sector da automoción galego, da industria galega, porque non está.

E, polo tanto, dende logo, temos que ser constantes. E falou tamén vostede dunha transición importante de Stellantis. Eu tamén falei desa transición dende o primeiro plan estratéxico,



todo o que se foi actualizando e todo o que se foi facendo, os investimentos tamén na propia empresa e os apoios sempre da man da Xunta, sempre da man da Xunta. Non pode cuestionar vostede aquí o apoio da Xunta ao sector da automoción.

Non nomeou o PERTE, pasou por enriba sen tan sequera nomealo, e sabe vostede tan ben coma min que ese PERTE deixa fóra as peticións de Stellantis Vigo. E, polo tanto, é outro agravio.

Entón, non sei, parece que vostede aquí fai un mitin e fala moi ben, pero realmente as decisións van na dirección totalmente contraria á que vostede dixo aquí. É o Partido Socialista de España, o Partido Socialista de Vigo, o Partido Socialista de Galicia. Teñen que vostedes poñerse un pouco de acordo e tomar as decisións correctas, que son realmente as que importan. Porque aquí falamos moito, pero o que importan son as decisións, e as decisións están dicindo que están maltratando Vigo e están maltratando o sector da automoción.

Mire, no PERTE, no Auto Áncora, o que presentou Galicia, xógase 1.200 millóns de euros para avanzar na transformación. Xogámonos moito, e xogámonos pensar no futuro; vostede fala de pasado, vostede fala de como nos mantivemos e todo o que significa para Vigo. Si, si, pero é porque houbo decisións en momentos complicados que estiveron a favor de Vigo. E non pode falar aquí que é igual un goberno do Partido Socialista que un goberno do Partido Popular. Porque non é certo. E porque esa subestación, cando Rajoy recibiu a petición en 2017, incluíuna no Plan 2021-2026, e chegou Sánchez no 2018 e retirouna. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tal cal, é así. E agora vai Teresa Ribera e directamente a elimina, métea nun caixón e xa non conta con ela.

As cifras do sector. Algo terá que ver a xestión da Xunta coas cifras do sector. Facturación das empresas: ascendeu a 11.200 millóns de euros, un 7,3 % máis que o ano anterior. As exportacións marcan o seu mellor dato histórico, 8.160 millóns de euros; 30 % das exportacións de Galicia.

Polo tanto, non diga vostede aquí que o señor Feijóo non atende o sector da automoción, porque, igual que a señora González, vostedes falan aquí e dixeron que non hai..., o señor Feijóo fai un balance que non estivo atendendo a Vigo e iso é unha mentira como unha casa e sábeo todo o mundo. O señor Feijóo cumpriu todos os compromisos que tivo con Vigo, empezando pola automoción e conseguindo as cifras que hai e pasando momentos moi complicados. Pero o señor Feijóo comprometeu un hospital e fíxoo, e comprometeu unha Cidade da Xustiza e fíxoa, e comprometeu unha estación intermodal e fíxoa, e comprometeu unha depuradora e fíxoa, a rehabilitación do casco vello e fíxoa, a ampliación do IFEVI e fíxoa, as pistas de Balaídos e fíxoas, o transporte metropolitano, ampliación de Navia, (*Aplausos.*) Stellantis, naval, sanidade, centro de saúde de Bouzas... ¿Queren que siga? Claro, non poden vir aquí e dicir alegremente, como fai o señor Caballero, aquí, o Ángelus, ás doce da mañá, dicir que Feijóo maltrata a Vigo, porque non é certo. E as cifras están enriba da mesa e o balance está enriba da mesa. E dígolles unha cousa: marcha, ademais, cun compromiso de investimentos por valor de 40 millóns de euros de aquí ao futuro. Polo tanto, os gobernos do Partido Popular están con Vigo e os gobernos do Partido Socialista só están de boquilla. Só están de boquilla, porque as decisións que están tomando os gobernos do Partido Socialista neste momento son en contra da cidade de Vigo.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: E neste momento en contra da automoción.

Polo tanto, espero que aproben por unanimidade, tomen notan e o pasen ao Goberno de Sánchez para que tome decisións que vaian a favor de Galicia e a favor de Vigo. *(Aplausos.)*

Grazas.


O señor PRESIDENTE: Grazas.

Unha cuestión. A min me... podíamos dicir que o departamento de obxectos perdidos me fai chegar que alguén esqueceu estas gafas. Dígoo porque son necesarias... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Apareceron? ¿Hai dous? *(Murmurios.)* ¿Son as túas? Ben, pois xa está.

Ata mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e trece minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

